

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

**8646** *Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.*

I

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, dispuxo que as actividades para a subministración de enerxía eléctrica que se desenvolvesen nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares (hoxe sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares) serían obxecto dunha regulamentación singular, debido ás características específicas que presentan respecto ao sistema peninsular, derivadas da súa localización territorial e do seu carácter illado.

Pola súa vez, a citada lei, co fin de manter prezos equivalentes aos que resultan do sistema de ofertas peninsular, e tendo en conta o maior custo de xeración previsible, derivado da propia estrutura dos sistemas illados, estableceu un mecanismo de compatibilidade económica que garantise o fin perseguido, evitando a discriminación aos consumidores e comercializadores, sen prexudicar a eficiencia enerxética e económica de cada un dos sistemas.

Por iso, preceptuouse que a actividade de produción de enerxía eléctrica puidese estar excluída do sistema de ofertas e ser retribuída tomando como referencia a estrutura de prezos do sistema peninsular, ao cal se podería engadir un concepto retributivo adicional que tivese en consideración todos os custos específicos destes sistemas e os custos desta actividade de produción de enerxía eléctrica que non puidesen ser sufragados con cargo aos ingresos obtidos nos ditos ámbitos territoriais.

Esta lei foi obxecto de desenvolvemento principalmente polo Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, pola Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, así como pola Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, pola que se establece o método de cálculo da retribución de garantía de potencia para as instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares. Con esta regulación adaptáronse os seus principios ás peculiaridades destes sistemas co dobre obxectivo de garantir a subministración de enerxía eléctrica e a súa calidade, para que se realizase ao menor custo posible.

Desta forma e en relación coa xeración, creouse un mecanismo de despacho das unidades de produción por orde de mérito económico até cubrir a demanda prevista, tendo en conta os niveis de seguridade e calidade establecidos. O operador do sistema realiza o despacho económico das unidades de produción en cada sistema, con base nos custos variables das centrais de produción.

A referida normativa estableceu os seguintes conceptos de custo variable: o custo variable de funcionamento, o custo de arranque, o custo variable de operación e mantemento por funcionamento, o custo de reserva quente e o custo da banda de regulación.

Como contrapartida ao sistema de despacho económico e retribución da xeración, no lado da demanda estableceuse un mecanismo de compatibilidade económica para os compradores de enerxía para evitar que se producisen discriminacións respecto aos seus homólogos do sistema peninsular.

Adicionalmente aos custos variables das centrais, utilizados para realizar o despacho, na actividade de produción preveuse tamén unha retribución por outros conceptos de

natureza fixa, chamados no seu día garantía de potencia. A garantía de potencia buscaba retribuír os custos de investimento e de operación e mantemento fixos, tendo en conta o nivel específico de reserva que é necesario manter nestes sistemas eléctricos e o sobrecusto das tecnoloxías específicas utilizadas.

Así mesmo, a normativa específica destes territorios desenvolveu o procedemento de liquidación da enerxía tendo en conta as condicións específicas do despacho económico da xeración e da compra da enerxía sinaladas anteriormente.

## II

Porén, a falta de converxencia entre os ingresos e os custos das actividades con retribución regulada no sector eléctrico xerou unha débeda crecente do sistema eléctrico. No seo da reforma do sector eléctrico que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo está levando a cabo para suprimir de maneira definitiva os desaxustes entre ingresos e custos, a Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo encargou á Comisión Nacional de Enerxía que elaborase un informe sobre medidas de axuste regulatorio que se puidesen adoptar nos sectores enerxéticos. Froito desa encarga, a citada Comisión realizou o informe sobre o sector enerxético español, do 7 de marzo de 2012, onde se analiza, entre outras cuestións, a evolución da compensación pola actividade de xeración nos territorios non peninsulares e se propoñen unha serie de medidas, que pasan pola revisión da normativa en vigor.

A primeira das medidas adoptadas foi a aprobación do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, onde se establecen os criterios que se deben ter en conta á hora de determinar a retribución da xeración en réxime ordinario nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, así como un mandato ao Goberno para revisar o modelo retributivo de custos fixos e variables das centrais de xeración nestes sistemas eléctricos tendo en conta os ditos criterios.

En segundo lugar, e nesa mesma liña, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, determinou que as revisións normativas do modelo retributivo das centrais de produción nestes sistemas que se desenvolvan serían de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2012. Para estes efectos, adiántanse algunhas destas modificacións do modelo retributivo, incorporando as propostas recollidas no informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre o sector enerxético español, do 7 de marzo de 2012, relativas á eliminación da retribución dos gastos de natureza recorrente e á revisión da taxa de retribución financeira.

En terceiro lugar, e debido a que a configuración dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares presentaba unha serie de carencias que ameazaban a seguridade de subministración e dificultaban a redución dos custos das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica, aprobouse a Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Finalmente, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que derroga a Lei 54/1997, do 27 de novembro, establece os mecanismos que deberán ser desenvolvidos na regulamentación singular dos ditos territorios non peninsulares. Como novidades con respecto á lei anterior, na Lei 24/2013, do 26 de decembro, recóllese expresamente, por un lado, que a regulamentación de desenvolvemento da lei nestes territorios terá presente o fomento de enerxías renovables cando sexan tecnicamente asumibles e supoñan unha redución de custos do sistema; a aplicación de criterios técnicos e de mercado para o despacho da enerxía até a integración destes sistemas no mercado peninsular cando exista unha interconexión coa península de capacidade comercial suficiente; establecerá incentivos económicos ao operador do sistema para que, mantendo a seguridade, se reduza progresivamente o custo de xeración; e incorporará sinais de prezos eficientes ao consumidor para que poida adaptar o seu consumo á curva de carga de cada sistema.

Igualmente, no que se refire ao réxime retributivo da actividade de produción, a citada Lei 24/2013, do 26 de decembro, determina que para o cálculo da retribución da actividade de produción nestes sistemas eléctricos con réxime retributivo adicional se considerarán os custos necesarios para que realice a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada, mediante a aplicación de criterios homoxéneos en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios non peninsulares. Estes réximes económicos permitirán a obtención dunha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco.

Así, os parámetros de retribución desta actividade fixaranse tendo en conta a situación cíclica da economía, da demanda eléctrica e a rendibilidade adecuada para estas actividades por períodos regulatorios que terán unha vixencia de seis anos.

Estes parámetros retributivos poderán revisarse antes do comezo de cada período regulatorio de seis anos. Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para todo o período regulatorio seguinte. Na citada revisión poderá modificarse a taxa de retribución aplicable ás ditas actividades, que se fixará legalmente.

O concepto retributivo adicional basearase nos seguintes principios:

a) Teranse en consideración exclusivamente os extracustos específicos destes sistemas eléctricos asociados á súa localización territorial e, de ser o caso, ao seu carácter illado.

b) Para a determinación dos custos de investimento e explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica, considerarase unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada.

c) Para o efecto de permitir unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco, a taxa de retribución financeira do investimento neto recoñecido estará referenciada ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario incrementado cun diferencial adecuado.

### III

O presente real decreto dá cumprimento ao mandato establecido no Real decreto lei 13/2012, do 30 de abril, establecendo o réxime económico das instalacións de produción nestes sistemas en virtude do previsto nel, e no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Igualmente, prevé o desenvolvemento de determinados aspectos da Lei 17/2013, do 29 de outubro, e da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Este real decreto establece o réxime administrativo das instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios non peninsulares, especifica as competencias administrativas e reordena os procedementos administrativos que afectan as instalacións de xeración. Diferéncianse claramente aqueles procedementos relativos á asignación do réxime económico ou á xestión do despacho de produción, de competencia estatal, daqueles outros necesarios para a súa posta en funcionamento, na maioría dos casos de competencia autonómica.

Por outra parte, determínase o procedemento de recoñecemento dos datos técnicos e económicos das centrais, necesarios para o correcto desenvolvemento do despacho de produción. Así mesmo, establécese a regulación básica relativa aos procedementos de inscrición e, de ser o caso, cancelación no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, e prevense determinados aspectos aplicables aos casos en que resulte competente a Administración xeral do Estado.

Nos sistemas eléctricos illados, especialmente vulnerables, faise necesario distinguir entre instalacións de produción xestionables daquelas que non o son, razón pola que neste real decreto se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e a súa retribución, distinguindo entre aquelas instalacións xestionables daquelas que non o son. Así pois, as novas instalacións de coxeración de potencia neta superior a 15 MW e aquelas que utilicen como enerxía primaria biomasa, biogás, xeotermia, residuos e enerxías residuais situadas nos territorios non peninsulares serán programadas de forma análoga

ao resto de instalacións térmicas e, pola súa vez, serán retribuídas como estas últimas, e non percibirán o réxime retributivo específico aplicable ás instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

Deste modo, régulanse os procedementos para a asignación eficiente dos distintos réximes económicos, en desenvolvemento do previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e da Lei 17/2013, do 29 de outubro.

Así mesmo, procédese ao establecemento de mecanismos de control e de comprobación por parte da Administración xeral do Estado da subsistencia das condicións determinantes para a percepción do réxime económico, sen prexuízo das competencias do resto de órganos afectados.

Nesta liña, co obxecto de garantir a subministración de enerxía eléctrica, establécese un procedemento que, dentro do libre exercicio da actividade de xeración, permita a instalación da potencia necesaria para a correcta subministración de enerxía, con niveis de calidade e de seguridade adecuados e ao menor custo para o sistema eléctrico no seu conxunto. Con este obxectivo, inclúese a obrigação do operador do sistema de realizar informes periódicos en que se analice a cobertura destes sistemas e se detecten posibles carencias de potencia instalada, segundo uns criterios que serán establecidos polo Goberno.

Ademais, desenvólvese un procedemento de concorrencia competitiva para a concesión da resolución de compatibilidade prevista na Lei 17/2013, do 29 de outubro, que será concedida tendo en conta as necesidades de potencia postas de manifesto polo operador do sistema, as características técnicas que sexan máis apropiadas para estes sistemas e a opción economicamente máis vantaxosa para o conxunto do sistema.

Así mesmo, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, poderanse establecer concursos para a instalación de nova potencia adicional que reduza os custos de xeración no dito sistema.

Este real decreto regula determinados aspectos das instalacións hidroeléctricas de bombeo. Estas instalacións son elementos fundamentais para dotar os sistemas eléctricos de capacidade de resposta rápida e segura e facilitar a súa adecuada xestión. Así mesmo, melloran a seguridade de subministración e favorecen a penetración das enerxías renovables non xestionables que, por unha parte, teñen un menor impacto ambiental e, por outra, provocan unha redución de custos nestes sistemas.

O Consello de Ministros declarará qué instalacións de bombeo teñen como finalidade principal a garantía da subministración, a seguridade do sistema e a integración de enerxías renovables non xestionables nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares e que, en virtude da Lei 17/2013, do 29 de outubro, serán de titularidade do operador do sistema de acordo co procedemento establecido neste real decreto.

Por outra parte, este real decreto recolle as características técnicas das instalacións e a súa modificación que, ademais de afectaren a correcta xestión do despacho de produción, inflúen de modo significativo no réxime retributivo adicional e serán previamente aprobadas; garantírase así que subsisten as condicións técnicas das instalacións ás cales se lles outorgou un determinado réxime económico. Os parámetros técnicos necesarios para o cálculo da retribución por custos variables das instalacións con dereito á percepción do réxime retributivo adicional obteranse a partir das probas de rendemento dos grupos.

Así mesmo, desenvólvese a metodoloxía para o cálculo da retribución que percibirán as instalacións con dereito ao réxime retributivo adicional, a cal incluírá tanto os conceptos previstos nas alíneas a), b) e c) do artigo 14.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, como o concepto retributivo adicional.

Esta retribución incluírá unha retribución por custo fixo cunha taxa de retribución similar á do resto de actividades de retribución regulada e unha retribución por custo variable de xeración que ten en conta os custos de combustible, de operación e mantemento e os modos de funcionamento dun grupo cun rendemento medio, reforzando o concepto de instalación tipo de titularidade dunha empresa eficiente e ben xestionada.

A principal novidade introducida por este real decreto é que, partindo dos mesmos informes técnicos que motivaron a normativa anterior, se cambia o enfoque dado ao réxime

retributivo adicional da actividade de xeración nestes sistemas, que pasa dun modelo baseado no recoñecemento dos custos en que se incorre para o exercicio da actividade a un modelo que prime a eficiencia tecnolóxica e de xestión e incentive a mellora continua das instalacións. Así, establécense mecanismos para incentivar o mantemento das centrais, a renovación das centrais menos eficientes, ben mediante novos investimentos ou ben desprazándoas por centrais novas, todo iso dentro dun marco que ten como finalidade retribuír de forma homoxénea as actividades con retribución regulada e no cal o concepto retributivo adicional nestes territorios establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, teña en consideración exclusivamente os extracustos específicos destes sistemas asociados ao seu carácter illado e á súa non peninsularidade.

Determínanse uns períodos regulatorios de seis anos de duración para a revisión da retribución por custos fixos e por custos variables, así como para a revisión da taxa de retribución para adaptala ao ciclo económico e ás taxas de retribución de actividades cun nivel de risco análogo. Os novos estándares de investimento que se definan terán, ademais, en conta os aforros derivados das economías de escala. En ningún caso se terán en consideración os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español e, do mesmo modo, só se terán en conta aqueles custos e investimentos que respondan exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Como xa se indicou, o novo modelo retributivo incentiva o mantemento e a renovación das centrais en funcionamento. Por isto, prevese expresamente que os investimentos de renovación e mellora das centrais se recoñecerán e retribuirán como o resto de investimentos.

Por un lado, modifícase a determinación da retribución por custos variables de xeración, en que se seguirán tendo en conta os conceptos de custos de combustible, de operación e mantemento, modos de funcionamento do grupo e custos ambientais, pero tendo en conta os custos dun grupo cun rendemento medio e de titularidade dunha empresa eficiente e ben xestionada, co fin de incentivar a correcta xestión e mantemento das instalacións.

Por outro lado, establécense uns mecanismos de control a través dos cales se poida comprobar que a retribución por custos fixos se destina ao correcto mantemento das centrais, para o que o operador do sistema poderá dar ordes de arranque a centrais que teñan un funcionamento reducido para comprobar a súa efectiva dispoñibilidade. Así mesmo, condiciónase a percepción do concepto por operación e mantemento fixos a uns valores mínimos de dispoñibilidade.

Ademais, fíxase a obriga de autorización da mestura de combustible utilizada nas centrais de tal forma que se evite o incremento dos custos de xeración nestes sistemas debidos ás modificacións na utilización dos combustibles non xustificadas por razóns técnicas.

En efecto, os prezos dos combustibles son unha das partidas máis importantes da retribución por custos variables das centrais con repercusión no extracusto de xeración destes sistemas con cargo aos custos de todo o sistema eléctrico. Así, establécese un mecanismo que permita a subministración de combustibles a todos os suxeitos produtores que se queiran instalar nos sistemas non peninsulares a un prezo competitivo. Óptase por un mecanismo de poxas que se axuste aos principios de concorrencia, transparencia, obxectividade e non discriminación, que será desenvolvido por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo. Transitoriamente, establécese un prezo do produto a partir da cotización dos combustibles en mercados internacionais.

Co obxectivo de mellorar a eficiencia na xestión dos sistemas eléctricos illados e a detección dos puntos críticos na subministración de enerxía con niveis de calidade e seguridade adecuados, establécense tres fases no despacho de produción, unha en que se cubra exclusivamente a demanda a partir da información comunicada polos suxeitos, unha segunda fase en que se teñan en conta os criterios de seguridade e previsións de desvíos e unha terceira fase en que se inclúan as restricións da rede.



Adicionalmente, recoñécese un incentivo ao operador do sistema para que, mantendo os niveis de calidade, se minimize o consumo de combustibles por enerxía xerada.

Finalmente, defínese o extracusto da actividade de produción dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares como a diferenza entre os custos de xeración de todas as centrais nestes sistemas, independentemente da súa tecnoloxía ou potencia e as cantidades percibidas no despacho procedentes da demanda.

O presente real decreto, en aplicación da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, suprime as actualizacións existentes no marco anterior a partir de índices xerais de prezos.

No relativo ao recoñecemento dos custos de combustibles e emisións, mantense o criterio vixente até a data de compensación destes, e modifícanse soamente os índices de referencia aplicables. En todo caso, as actualizacións a partir destes índices están amparadas na citada Lei 2/2015, do 30 de marzo.

As revisións dos parámetros retributivos a que fai referencia o artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, quedarán sometidas aos límites previstos na Lei 2/2015, do 30 de marzo, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### IV

Por outro lado, desde a entrada en vigor do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, púxose de manifesto a necesidade de proceder á modificación de determinados aspectos de carácter operativo. Concretamente, modifícase a disposición transitoria oitava do dito real decreto, no relativo ao prazo de devolución de cantidades consecuencia das liquidacións que se deban realizar ás instalacións de acordo co disposto na disposición transitoria terceira 2 do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

Por outro lado, determínase que ás instalacións de coxeración de até 15 MW de potencia neta situadas nos territorios non peninsulares lles será de aplicación o réxime retributivo específico regulado no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, ao considerar que, polo seu reducido tamaño, o servizo que poden prestar a estes sistemas é limitado e, por tanto, resulta máis adecuada a aplicación do dito réxime retributivo que o réxime retributivo adicional.

Finalmente, en liña co desenvolvemento da Administración electrónica prevista na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e co obxectivo de axilizar e simplificar aos cidadáns e ás empresas a tramitación de determinados procedementos administrativos regulados na normativa sectorial, establécese a obrigação da súa tramitación electrónica.

De acordo co establecido no artigo 5.2 a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto no presente real decreto someteuse a informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O trámite de audiencia deste real decreto foi realizado mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño.

O real decreto conta co informe das comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears e das cidades de Ceuta e Melilla en canto que forman parte do seu consello consultivo.

Aconsellado polo Consello de Estado no seu ditame número 381/2015, do 7 de maio, remitiuse o texto do proxecto á Comisión Europea para os efectos de apreciar a súa conformidade coa política comunitaria. Por iso, e aténdose ao propio ditame, inclúese unha disposición adicional no proxecto que condiciona a plena efectividade do réxime económico á constatación da súa conformidade co ordenamento comunitario.

Sobre este texto foi informada a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos con data do 29 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto regula a actividade de produción de enerxía eléctrica destinada á subministración de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

2. Igualmente, constitúe o obxecto deste real decreto a regulación do réxime xurídico e económico das instalacións de bombeo que teñan como finalidade principal a garantía da subministración, a seguridade do sistema e a integración de enerxías renovables non xestionables nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares.

3. Así mesmo, constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da xestión económica e técnica de cada un dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, de acordo co establecido en Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e na Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación a todos os suxeitos definidos no artigo 6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que exerzan as súas actividades nalgún dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

Para os efectos do establecido neste real decreto, distínguense dous tipos de instalacións:

a) Instalacións de categoría A. Dentro desta categoría inclúense os grupos de xeración hidroeléctricos non fluentes e térmicos que utilicen como fontes de enerxía carbón, hidrocarburos, biomasa, biogás, xeotermia, residuos e enerxías residuais procedentes de calquera instalación, máquina ou proceso industrial cuxa finalidade non sexa a produción de enerxía eléctrica, así como as instalacións de coxeración de potencia neta superior a 15 MW.

b) Instalacións de categoría B. Dentro deste grupo inclúense as instalacións de xeración non incluídas na alínea anterior que utilicen fontes de enerxía renovables e instalacións de coxeración de potencia neta inferior ou igual a 15 MW.

Artigo 3. *Definición dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares.*

1. Para os efectos deste real decreto, considéranse territorios non peninsulares os das comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears e os das cidades de Ceuta e Melilla.

2. Os sistemas eléctricos illados dos catro territorios non peninsulares son os seguintes:

Canarias	Illes Balears	Ceuta	Melilla
Gran Canaria. Tenerife. Lanzarote-Fuerteventura. La Palma. La Gomera. El Hierro.	Mallorca-Menorca. Eivissa-Formentera.	Ceuta.	Melilla.

3. Naqueles casos en que se produza unha unión mediante redes eléctricas de dous ou máis sistemas eléctricos illados de tal maneira que se permita a integración nun único sistema, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo revisarase a definición dos sistemas eléctricos illados.

4. Os sistemas eléctricos illados deixarán de considerarse como tales cando estean efectivamente integrados co sistema peninsular, é dicir, cando a capacidade de conexión coa península sexa tal que permita a súa incorporación no mercado de produción peninsular e existan os mecanismos de mercado que permitan integrar a súa enerxía, feito que se deberá establecer por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe do operador do sistema e do operador do mercado.

#### Artigo 4. *Planificación.*

Para os efectos da planificación definida no artigo 4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nestes sistemas eléctricos a estimación da potencia que deba ser instalada para cubrir a demanda en cada sistema eléctrico illado será aquela que proporcione un valor mensual de probabilidade de déficit de cobertura de menos dun día en 10 anos.

Do mesmo modo, e sen prexuízo do disposto no artigo 10.2.a) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, levarase a cabo unha estimación da potencia que deba ser instalada para cubrir a demanda prevista baixo criterios de seguridade de subministración, diversificación enerxética, mellora da eficiencia e protección do ambiente, identificando os diferentes tipos de tecnoloxía que facilitarían o cumprimento dos citados principios. De ser o caso, e en colaboración co xestor do sistema gasista, realizarase unha valoración conxunta da penetración e utilización do gas natural. Así mesmo e en todos os casos, realizarase unha análise custo-beneficio para o sistema das opcións propostas.

## TÍTULO II

### **Organización e funcionamento dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares**

#### CAPÍTULO I

#### **Despacho de produción**

#### Artigo 5. *Participantes e funcionamento do despacho de produción.*

1. En cada un dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, establécese un despacho de produción, baseado en criterios técnicos e de mercado que aplicará nestes sistemas até a súa integración, de ser o caso, no mercado peninsular.

2. O despacho de produción e as liquidacións relativas a el serán realizadas polo operador do sistema nos termos previstos no título VI.

3. No despacho de produción deberán participar todas as instalacións de produción, os comercializadores e os consumidores directos que operen nestes sistemas.

Os representantes poderán actuar por conta de calquera suxeito para os efectos da súa participación no despacho de produción e dos cobramentos e pagamentos das peaxes, cargos, prezos e retribucións reguladas de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro.

4. Será condición necesaria para que as unidades de produción participen no despacho de produción a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, sen prexuízo de que as instalacións de produción poidan ser programadas para a realización das probas pertinentes desde a inscrición previa no dito rexistro.

O réxime administrativo da actividade de produción nestes sistemas regúlase no título III.



Os xeradores obterán pola súa enerxía xerada o réxime económico establecido no capítulo II deste título.

5. Os comercializadores e consumidores directos, para participar no despacho de produción, deberán contar coa certificación do operador do sistema do cumprimento dos requisitos técnicos para poderen ser dados de alta no dito despacho e cumprir cos procedementos do sistema de liquidacións e garantías de pagamento vixentes nestes sistemas.

A comercialización da enerxía eléctrica rexeráse polas disposicións xerais aplicables no sistema eléctrico peninsular coas excepcións que se establecen neste real decreto e na normativa sectorial.

6. Os comercializadores, os consumidores directos e os xeradores para o seu consumo de servizos auxiliares cando o saldo neto sexa comprador nunha hora adquirirán a enerxía ao prezo de adquisición da demanda regulado no presente real decreto. O prezo de adquisición da demanda obterase a partir do prezo peninsular afectado por un coeficiente que teña en conta a variación dos custos de xeración en cada hora.

## CAPÍTULO II

### Réxime económico das instalacións de produción de enerxía eléctrica

#### Artigo 6. *Réxime retributivo adicional.*

As instalacións de categoría A poderán percibir o réxime retributivo adicional nos termos previstos no título IV e de acordo cos seus procedementos de outorgamento recollidos no capítulo IV do dito título.

Sen prexuízo das particularidades establecidas no presente real decreto, os grupos aos cales se outorgase o réxime retributivo adicional percibirán unha retribución por custos fixos e unha retribución por custos variables de xeración.

Para a determinación do réxime retributivo adicional aplicable en cada caso, a cada grupo seralle asignada unha instalación tipo en función das súas características técnicas. As instalacións tipo son as establecidas neste real decreto ou outras que se poidan establecer por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

A cada instalación tipo corresponderalle un conxunto de parámetros retributivos, que se calcularán por referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada, que concreten o réxime retributivo adicional e permitan a súa aplicación a cada un dos grupos xeradores asociados á dita instalación tipo.

O conxunto de parámetros técnicos e económicos de cada instalación tipo determinarase atendendo a períodos regulatorios de seis anos de duración e utilizaranse durante todo o período regulatorio.

#### Artigo 7. *Réxime económico das instalacións de categoría B con dereito a percibir o réxime retributivo específico.*

1. As instalacións de categoría B definidas no artigo 2 que, de acordo co previsto no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, teñan recoñecido un réxime retributivo específico, percibirán os seguintes conceptos:

a) O produto do prezo horario de venda da enerxía no despacho do sistema illado  $j$ ,  $Ph_{venda}(j)$ , definido no anexo I, multiplicado pola enerxía vendida na hora  $h$  polo grupo xerador, medida en barras de central.

b) O réxime retributivo específico establecido no título IV do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

c) De ser o caso, as contraprestacións económicas que se establezan pola súa participación nos servizos de axuste.

2. Os dereitos de cobramento das instalacións de produción obtidos segundo o indicado neste artigo veranse afectados polos custos de desvíos en que incorran as ditas instalacións, así como por aqueles que se poidan establecer, nos termos que se determinen por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

**Artigo 8. Réxime económico das instalacións sen dereito á percepción de réxime retributivo adicional ou específico.**

1. As instalacións de xeración situadas nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares ás cales non se lles recoñece o réxime retributivo adicional ou o réxime retributivo específico obterán pola súa enerxía xerada medida en barras de central o prezo horario de venda da enerxía no despacho do sistema illado  $j$ ,  $Ph_{venda}(j)$ , definido no anexo I.

Así mesmo, percibirán ese prezo aquelas instalacións que non teñan dereito á percepción do réxime retributivo adicional ou específico por ter superado a súa vida útil regulatoria ou por lles ter sido revogado o dito dereito.

2. Os dereitos de cobramento das instalacións de produción obtidos segundo o indicado neste artigo veranse afectados polas contraprestacións que se establezan pola súa participación nos servizos de axuste, os custos de desvíos en que incorran as ditas instalacións, así como por aqueles que se poidan establecer, nos termos que se determinen por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Cando un grupo chegue ao final da súa vida útil regulatoria e non lle fose concedido novamente o réxime retributivo adicional nos termos establecidos nos artigos 53 ou 54, ou cando unha instalación superase o período con dereito a réxime retributivo específico nos termos recollidos no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e o titular da instalación non teña interese en operar a instalación percibindo o réxime económico regulado neste artigo, este deberá llelo comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e ao operador do sistema cun mes de antelación á data de finalización do seu réxime retributivo adicional ou específico e declararse indispoñible para efectos de participación no despacho de produción desde a data de finalización do seu réxime retributivo adicional ou específico.

Todo isto sen prexuízo da solicitude de cancelación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, que se deberá presentar unha vez producido o cesamento de actividade e que se tramitará de acordo co previsto no artigo 17, e demais autorizacións que poidan resultar preceptivas.

### TÍTULO III

#### **Réxime administrativo da actividade de produción de enerxía eléctrica nos territorios non peninsulares**

**Artigo 9. Competencias administrativas.**

Corresponden á Administración xeral do Estado, nos termos establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, as seguintes competencias:

a) A autorización administrativa para a posta en funcionamento de novas instalacións de produción e modificación das existentes, así como para a transmisión, peche temporal e peche definitivo destas, nos seguintes casos:

1.º) Instalacións situadas no mar territorial.

2.º) Instalacións de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos situadas en territorios cuxos sistemas eléctricos se encontren efectivamente integrados co sistema peninsular.

b) A inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a modificación ou cancelación das ditas inscricións, das instalacións de categoría A e das instalacións de

categoría B cuxa competencia para outorgar a autorización administrativa corresponda á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

c) A toma de razón no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo das inscricións das instalacións de categoría B non incluídas na alínea anterior, así como das súas modificacións ou cancelacións.

d) O outorgamento do réxime retributivo adicional regulado no título IV, así como a verificación do cumprimento por parte dos titulares das instalacións das condicións exigibles para ter dereito á súa percepción e, de ser o caso, á revogación do dito dereito.

e) Regular a organización e o funcionamento do despacho de produción de enerxía eléctrica, os termos en que se debe desenvolver a xestión económica e técnica dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares e o sistema de liquidacións e garantías de pagamento nestes sistemas.

#### Artigo 10. *Requisitos xerais de autorización, inscrición e despacho.*

As instalacións de produción incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto, con independencia do réxime económico que lles sexa aplicable, deberán cumprir co establecido a seguir:

a) Obter as autorizacións administrativas para a posta en funcionamento, modificación, transmisión, peche temporal e peche definitivo que lles sexan de aplicación, cuxos procedementos serán establecidos pola administración competente.

b) Unha vez obtida a autorización de explotación, deberán inscribirse no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica nos termos definidos neste título.

c) Os titulares das instalacións deberán solicitar o recoñecemento dos seus datos técnicos e, de ser o caso, económicos, que serán os utilizados no despacho de produción, de acordo co previsto nos artigos 11, 12 e 13.

#### Artigo 11. *Recoñecemento dos datos técnicos das instalacións de produción.*

1. Os datos técnicos das instalacións de produción indicados neste artigo serán aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con carácter previo ou simultáneo á inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e de acordo co procedemento previsto no anexo II.1.

2. Os datos técnicos das instalacións de categoría A que precisan de aprobación son os seguintes:

- a) Potencia bruta e neta.
- b) Mínimo técnico ordinario e extraordinario. Entenderase por mínimo técnico ordinario e extraordinario o definido por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.
- c) Ramplas de subida e baixada de potencia.
- d) Tempos de arranque.
- e) De ser o caso, datos técnicos de despacho definidos nos artigos 62 e 63: A (i), B (i), C (i), A'(i) e B'(i).

Os datos técnicos das centrais de coxeración terán en conta o seu funcionamento condicionado ao proceso de calor asociado.

3. Os datos técnicos das instalacións de produción de categoría B que precisan de aprobación serán a potencia bruta, neta e mínima.

Para estas instalacións de produción, para as cales non se definen as probas de potencia neta, bruta e mínima na normativa específica, tomarase como valor da potencia neta a potencia instalada definida no artigo 3 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, ou, de ser o caso, na disposición transitoria primeira.5 do dito real decreto, e non será necesaria a aprobación da potencia bruta e mínima.

4. Por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobarase o procedemento para a realización da proba de mínimo técnico ordinario e extraordinario das instalacións de categoría A nos territorios non peninsulares. A citada resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

*Artigo 12. Recoñecemento dos datos económicos e mesturas de combustible.*

1. Os datos económicos de despacho e as mesturas de combustibles definidos no anexo II.2 das instalacións de produción de categoría A serán aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con carácter previo ou simultáneo á inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. Para estes efectos, con carácter previo ou simultáneo á presentación da solicitude de inscrición definitiva no rexistro, os titulares das instalacións de categoría A deberán solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o recoñecemento dos datos económicos de despacho nos termos definidos no anexo II.2, presentando unha proposta dos valores que deben tomar tales datos baseándose nas características da instalación.

*Artigo 13. Modificación e revisión dos datos técnicos e económicos.*

1. A modificación dos datos técnicos e económicos definidos nos artigos 11 e 12 deberá ser autorizada previamente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A resolución de modificación comunicárase ao interesado, á comunidade autónoma afectada e ao operador do sistema e implicará a súa modificación no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A modificación dos datos técnicos requirirá a realización das probas correspondentes. Para estes efectos, os titulares deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas os resultados das citadas probas.

2. Os datos técnicos e económicos de despacho (A (i), B (i), C (i), A'(i) e B'(i), D(i) e O&M<sub>VDI</sub>) serán revisados de acordo co establecido no anexo III.1.

*Artigo 14. Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.*

1. Nos territorios non peninsulares inscribíranse de maneira independente, no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, cada un dos grupos xeradores que conformen unha central de produción.

2. No non previsto neste real decreto serán de aplicación os capítulos I e II do título VIII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e o capítulo II do título V do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

*Artigo 15. Inscrición previa no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios non peninsulares.*

1. Todas as instalacións de produción de enerxía eléctrica, unha vez que obtivesen a autorización de explotación, deberán solicitar a súa inscrición, con carácter previo, no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

2. A inscrición previa no rexistro será condición necesaria para poder realizar as probas de potencia bruta, neta, de mínimo técnico e de rendemento da central.

3. A formalización da inscrición previa no rexistro incluírá unha anotación á marxe que indique a súa pertenza a un territorio non peninsular e deberá ser notificada ao interesado e comunicada ao operador do sistema e, de ser o caso, ao órgano competente para autorizar a instalación.

*Artigo 16. Inscripción definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.*

1. Para a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, os titulares de instalacións que desexen operar no despacho de produción dos territorios non peninsulares deberán presentar, adicionalmente ao previsto na normativa citada no artigo 14.2, unha certificación emitida polo operador do sistema de cumprimento dos requisitos técnicos para poder ser dado de alta no despacho e de cumprimento cos procedementos de liquidacións e garantías de pagamento que rexen nestes sistemas. Para estes efectos, non se requirirá que o seu titular adquira a condición de suxeito do mercado.

2. Será requisito imprescindible para a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción correspondente, con independencia do órgano que resulte competente que, con carácter previo a ela, se aprobasen os datos técnicos e, de ser o caso, económicos de conformidade co disposto neste real decreto.

A resolución de inscrición definitiva ordenará a anotación no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dos datos técnicos e, de ser o caso, económicos de despacho e as mesturas de combustibles aprobadas que correspondan, e incluírá unha anotación á marxe que indique a súa pertenza a un territorio non peninsular.

3. A inscrición definitiva no rexistro deberá ser notificada ao interesado e comunicada ao operador do sistema e, de ser o caso, ao órgano competente para autorizar a instalación.

*Artigo 17. Cancelación da inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.*

1. A cancelación da inscrición definitiva poderase producir por instancia do interesado ou de oficio. Neste último caso, será precisa a instrución dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. Nos casos en que resulte competente a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, o prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será de seis meses. Durante a instrución do procedemento solicitarase informe ao operador do sistema e á comunidade autónoma ou cidade autónoma afectada.

Así mesmo, darase traslado da cancelación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á comunidade autónoma ou cidade autónoma correspondente para os efectos oportunos.

3. Serán causas de cancelación da inscrición definitiva o cesamento da actividade como instalación de produción e a revogación polo órgano competente da autorización da instalación, de acordo coa normativa aplicable. Para estes efectos, o titular da instalación deberá solicitar a cancelación no rexistro no prazo dun mes desde que se produza o feito que a motive.

Así mesmo, será causa de cancelación da inscrición definitiva a falta de comunicación de ter solucionado as causas que motivaron o incumprimento dunha orde de arranque nos termos previstos no artigo 30.4.

4. Non se poderá producir a cancelación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica daquelas instalacións que se consideren imprescindibles para garantir a subministración nun sistema eléctrico illado, feito que deberá ter sido indicado polo operador do sistema no informe establecido no punto 2.



## TÍTULO IV

**Réxime retributivo adicional para as instalacións de categoría A**

## CAPÍTULO I

**Definición do réxime retributivo adicional**

Artigo 18. *Definición do réxime retributivo adicional.*

1. O réxime retributivo adicional regulado neste título constitúe a retribución por investimento e por explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares e será de aplicación a todas as instalacións de categoría A que teñan recoñecido o dito réxime.

2. O réxime retributivo adicional de cada grupo xerador aplicable ás instalacións de categoría A estará composto pola suma da retribución por custos fixos e a retribución por custos variables de xeración definidas nos artigos 22 e 31, respectivamente, sen prexuízo das limitacións establecidas no artigo 52.3 e do previsto nos seguintes puntos.

3. O réxime retributivo adicional dos grupos que fosen adxudicatarios dun concurso de nova capacidade, de acordo co previsto nos artigos 55 e 56, será o que resulte do dito concurso.

4. Poderase outorgar un réxime retributivo adicional polos novos investimentos realizados nun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, vaia ou non finalizar a súa vida útil regulatoria. Este réxime retributivo será o definido no artigo 19.

5. Así mesmo, poderáselles outorgar novamente un réxime retributivo adicional aos grupos que vaian finalizar a súa vida útil regulatoria, aínda que non realicen novos investimentos de acordo co previsto no artigo 54. Este réxime retributivo será o definido no artigo 20.

6. Cando un sistema eléctrico perda o seu carácter de illado, o réxime retributivo adicional ou específico que fose outorgado con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto ás instalacións situadas no dito sistema pasará a ser o mesmo que o establecido para as centrais situadas no territorio peninsular. As resolucións de recoñecemento do réxime retributivo adicional que se diten desde a entrada en vigor deste real decreto deberán recoller esta excepción.

7. O operador do sistema calculará os valores da retribución que lle corresponda percibir a cada instalación de acordo co disposto neste título.

Artigo 19. *Réxime retributivo adicional polas novos investimentos.*

1. Para os efectos deste real decreto, terán a consideración de novos investimentos os investimentos por renovación, modificación ou mellora do rendemento dun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, vaia ou non finalizar a súa vida útil regulatoria. En ningún caso terán a consideración de novos investimentos aqueles asociados a modificacións que non precisen da autorización administrativa previa establecida no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nin aqueles cuxa contía sexa inferior ao 5 por cento do valor do investimento recoñecido ao grupo sobre o cal se realiza o novo investimento.

Así mesmo, terán a consideración de novos investimentos os investimentos en sistemas automáticos de control de xeración necesarios para ofrecer o servizo de banda de regulación.

O procedemento de outorgamento do réxime retributivo adicional polos novos investimentos será o establecido no artigo 53.

2. O réxime retributivo adicional polos novos investimentos que culminen coa inscrición dun novo grupo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica será o establecido no presente título, como se dun grupo novo se tratase.

3. Aos grupos que teñan recoñecido con carácter previo un réxime retributivo adicional e que realicen novos investimentos cuxa vida útil regulatoria sexa inferior á anterior, poderáselles recoñecer a retribución de acordo co establecido a seguir:

a) A retribución por custos variables de xeración será a que resulte de aplicar o capítulo III deste título de acordo coa instalación tipo que lle corresponda tendo en conta o novo investimento durante a vida útil regulatoria que tivesen recoñecida previamente.

b) A anualidade da retribución por investimento verase incrementada pola anualidade da retribución do novo investimento durante a vida útil regulatoria do dito novo investimento. Así mesmo, a retribución por custos fixos será a que resulte de aplicar o capítulo II coas particularidades establecidas no anexo IV.5 durante a vida útil regulatoria que tivesen recoñecida previamente.

4. Os grupos aos cales se lles recoñeza o réxime retributivo adicional por novos investimentos cuxa vida útil regulatoria supere a anterior percibirán a retribución por custos variables de xeración e a retribución por custos fixos establecida no punto anterior durante a vida útil regulatoria do novo investimento.

5. Naqueles casos en que os datos técnicos e económicos de despacho se vexan modificados pola realización dun novo investimento, estes deberán ser autorizados de acordo co previsto no presente real decreto.

*Artigo 20. Retribución dos grupos aos cales lles sexa outorgado un réxime retributivo adicional tras a finalización da súa vida útil regulatoria.*

Para os grupos de xeración cuxa vida útil regulatoria finalizase e se lles outorgase novamente o réxime retributivo adicional sen realizar novos investimentos, aplicarase o disposto a seguir:

1.º A vida útil regulatoria durante a cal o grupo terá dereito a percibir o réxime retributivo adicional será de cinco anos.

2.º A anualidade da retribución fixa definida no artigo 24 comporase exclusivamente do termo da retribución por custos fixos de operación e mantemento.

3.º A retribución por custos variables de xeración será a que resulte de aplicar o capítulo III deste título.

O procedemento de outorgamento dun novo réxime retributivo adicional aos grupos que vaian finalizar a súa vida útil regulatoria será o establecido no artigo 54.

*Artigo 21. Establecemento de parámetros técnicos e económicos para o cálculo do réxime retributivo adicional en cada período regulatorio.*

1. Os períodos regulatorios serán consecutivos e terán unha duración de seis anos.

Antes do 15 de xullo do ano anterior ao do inicio de cada período regulatorio, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establecerase o conxunto de parámetros técnicos e económicos de cada unha das instalacións tipo que se utilizarán para o cálculo da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares con réxime retributivo adicional durante todo o período regulatorio seguinte.

Para estes efectos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá un informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 15 de febreiro do último ano de cada período regulatorio. Este informe incluírá unha proposta do conxunto de parámetros de cada instalación tipo.

2. As empresas titulares dos grupos deberán presentar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, antes do 30 de abril de cada ano, os valores auditados dos custos en que incorreron no ano anterior de acordo cos criterios para a realización de auditorías dos grupos de xeración nestes

sistemas que fosen aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán solicitar aos titulares dos grupos a información económica que poida ser necesaria para a revisión dos parámetros das instalacións tipo.

Para a revisión dos valores dos parámetros técnicos e económicos de liquidación utilizados para o cálculo dos compoñentes da retribución por custos variables de xeración terase en conta o indicado nos artigos 38 e 39.

3. Durante o período regulatorio non poderán ser revisados os parámetros técnicos e económicos que se relacionan a continuación. En todo caso, para que produzan efecto no referido período regulatorio, conforme o disposto no artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a revisión levarase a cabo antes do seu inicio.

Os parámetros técnicos e económicos que poderán ser revisados antes do inicio de cada período regulatorio son os seguintes:

a) Os valores unitarios de referencia e o coeficiente de corrección para o cálculo do valor estándar do investimento definidos no capítulo II deste título, aplicables a aqueles grupos para os cales non se ditase resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional.

b) Os valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixo e os factores de corrección definidos no capítulo II deste título.

c) Os valores dos parámetros técnicos de liquidación (a(i), b(i), c(i), a'(i) e b'(i)) e económicos de liquidación (O&MVLI e d) utilizados para o cálculo dos compoñentes da retribución por custos variables de xeración establecidos no artigo 31.

4. A taxa de retribución financeira anual revisarase de acordo co establecido no artigo 28 antes do inicio de cada período regulatorio.

## CAPÍTULO II

### Determinación da retribución por custos fixos

Artigo 22. *Retribución por custos fixos.*

A retribución por custos fixos de cada grupo de xeración i calcularase para cada período anual n como o mínimo do termo de anualidade da retribución fixa e a suma en cada hora da retribución por custo horario fixo nesa hora afectada pola dispoñibilidade nesa hora do grupo, conforme a expresión seguinte.

$$RCF_n(i) = \min(CF_n(i), \sum_{h=Y_i}^{h=X_i} P_{dispoñible}(i, h) * CF_n(i, h))$$

Onde:

$RCF_n(i)$ : retribución por custos fixos para o grupo i no ano n, expresada en euros.

$CF_n(i)$ : anualidade da retribución fixa do grupo i no ano n, expresada en euros.

$P_{dispoñible}(i, h)$ : potencia dispoñible do grupo i na hora h, expresada en MW.

$CF_n(i, h)$ : retribución por custo horario fixo do grupo i na hora h do ano n, expresada en €/MW.

$X_i = n^\circ$  de horas total do ano, que tomará o valor de 8760 en ano normal e 8784 en ano bisesto, excepto para o último ano de vida útil regulatoria do grupo i

Para o último ano de retribución por custos fixos do grupo i,  $X_i$  será o número total de horas comprendidas desde o día un de xaneiro dese ano até o día en que finaliza a vida útil regulatoria do dito grupo i.

$Y_i = 1$ , excepto para o primeiro ano de retribución por custos fixos do grupo  $i$ , que será o número total de horas comprendidas desde o día un de xaneiro dese ano até o día en que se inicia a vida útil regulatoria do dito grupo  $i$ .

Artigo 23. *Compoñentes da retribución por custos fixos.*

1. A potencia dispoñible de cada grupo en cada hora expresada en MW ( $P_{\text{dispoñible}}(i, h)$ ) estará determinada pola diferenza entre a potencia neta do grupo  $i$ , expresada en MW, e a potencia indispoñible do grupo  $i$  na dita hora, expresada en MW. A potencia neta do grupo será a que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O valor da potencia indispoñible de cada grupo  $i$  en cada hora será establecido polo operador do sistema de acordo co previsto na normativa de aplicación.

2. O valor da retribución por custo horario fixo para cada grupo nunha hora concreta dun ano determinado calcularase da seguinte forma:

$$CF_n(i, h) = \frac{CF_n(i)}{PN(i) \cdot H_i} fest_h$$

Onde:

$CF_n(i, h)$ : retribución por custo horario fixo do grupo  $i$  na hora  $h$  do ano  $n$ , expresado en €/MW

$PN(i)$ : potencia neta do grupo  $i$  en MW obtida do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

$CF_n(i)$ : anualidade da retribución fixa do grupo  $i$ , no ano  $n$  expresada en euros.

$fest_h$ : factor de estacionalidade horario para cada un dos territorios non peninsulares e para cada período horario, punta, chan e val, que tomará o valor establecido no anexo V.

O operador do sistema controlará, mediante a aprobación dos plans de indispoñibilidade programada, que non se produza un exceso de revisións programadas nun determinado período estacional.

$H_i$ : horas anuais de funcionamento estándar do grupo  $i$ , tendo en conta as horas anuais estándar de fallo e mantemento do grupo. As horas anuais de funcionamento estándar de cada grupo, en función da tecnoloxía e tamaño, serán as indicadas no anexo V.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta do operador do sistema, poderá revisar os períodos de punta, val e chan, os valores do factor de estacionalidade  $fest$  para cada un dos bloques definidos en función da evolución das curvas de carga de cada sistema e dos seus niveis de reserva de capacidade, así como as horas anuais de funcionamento estándar de cada grupo, establecendo diferentes valores en función da tecnoloxía, do combustible e do tamaño. Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 24. *Anualidade da retribución fixa.*

1. A anualidade da retribución fixa de cada grupo calcularase como suma dun termo de retribución por investimento e dun termo de retribución por custos fixos de operación e mantemento, conforme a expresión seguinte:

$$CF_n(i) = CI_n(i) + OMF_n(i)$$

Onde:

$CI_n(i)$ : é a anualidade da retribución por investimento dun grupo  $i$ , no ano  $n$ , expresada en euros.

$OMF_n(i)$ : é a anualidade da retribución por operación e mantemento fixo, no ano  $n$ , do grupo  $i$ , expresada en euros, que se calculará de acordo co previsto no artigo 29.

2. A anualidade da retribución por investimento componse da retribución por amortización e da retribución financeira, e calcularase de acordo coa seguinte formula:

$$CI_n(i) = A_{i_n} + R_{i_n}$$

Onde:

$A_{i_n}$ : retribución por amortización do investimento do grupo  $i$  no ano  $n$ , expresada en euros, que se calculará de acordo co previsto no artigo 25.

$R_{i_n}$ : retribución financeira no ano  $n$  do investimento do grupo  $i$ , expresada en euros, que se calculará de acordo co previsto no artigo 27.

3. Por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas aprobarase anualmente o valor da anualidade da retribución por investimento ( $CI_n$ ) correspondente a cada unha das instalacións de categoría A que teñan recoñecido o réxime retributivo adicional para ese ano. Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 25. *Retribución por amortización do investimento.*

1. A retribución por amortización do investimento de cada grupo  $i$  nun ano  $n$ ,  $A_{in}$ , expresada en euros, obterase a partir do valor do investimento recoñecido e da súa vida útil, de acordo coa seguinte expresión:

$$A_{in} = \frac{\alpha_{in} \cdot V_{li}}{VU_i}$$

Onde:

a)  $\alpha_{in}$ , é o coeficiente que reflicte o número de meses no ano  $n$  nos cales o grupo  $i$  devindica retribución por amortización, que virá determinado pola seguinte fórmula:

$$\alpha_{in} = \frac{\alpha_{im}}{12}$$

Onde  $\alpha_{im}$ :

No primeiro ano: o conxunto de meses completos comprendidos entre o día en que se inicia a vida útil regulatoria do grupo  $i$  e o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da inscrición definitiva no Rexistro de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

No último ano de vida útil regulatoria do grupo, o seu valor será igual ao número de meses completos dese ano que restan até a finalización da vida útil regulatoria do dito grupo.

No resto de anos  $\alpha_{im}$  é igual a 12.

b)  $V_{li}$ : valor do investimento recoñecido ao grupo  $i$ , expresado en euros, definido no artigo 26.

c)  $VU_i$ : vida útil regulatoria do grupo  $i$ , expresada en anos, que comezará a computar desde o día un do mes seguinte á data de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

Considerarase unha vida útil regulatoria de 25 anos para as instalacións térmicas e equipamentos de instalacións hidroeléctricas e de 65 anos para a obra civil de instalacións hidroeléctricas.

#### Artigo 26. *Cálculo do valor do investimento recoñecido.*

1. O valor do investimento recoñecido ao grupo  $i$ ,  $V_{li}$  expresado en euros, será aprobado na resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional, de acordo co previsto no artigo 57, e calcularase mediante a súa comparación co valor estándar do



investimento, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda para o primeiro período regulatorio, de acordo coa seguinte expresión:

$$Vli = VI_{i, \text{auditado}} + \frac{1}{2} (VI_{i, \text{estándar}} - VI_{i, \text{auditado}}) - AYi$$

Onde:

a)  $VI_{i, \text{auditado}}$ : valor auditado de investimento do grupo i. Non obstante o anterior, establécese un tope ao valor máximo de  $VI_{i, \text{auditado}}$ , que será o 125 por cento do valor estándar do investimento.

b)  $VI_{i, \text{estándar}}$ : valor estándar do investimento do grupo i no ano da súa posta en servizo, calculado multiplicando os valores unitarios de referencia en función da súa tecnoloxía e potencia, pola potencia neta do grupo que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

c)  $AYi$ : valor das axudas públicas percibidas polo grupo i. No caso de que estas axudas públicas proveñan de organismos da Unión Europea, este valor será o 90 por cento do importe percibido.

2. Nos supostos en que o valor auditado sexa superior ao estándar, de tal maneira que

$$\left( \frac{VI_{i, \text{auditado}} - VI_{i, \text{estándar}}}{VI_{i, \text{auditado}}} \right) > 0,1$$

se deberá presentar unha auditoría técnica que xustifique que os custos en que se incorreu son superiores aos valores unitarios de referencia polas súas especiais características..

Así mesmo, nos casos en que o valor do investimento auditado sexa inferior ao valor do investimento estándar, a expresión  $(VI_{i, \text{estándar}} - VI_{i, \text{auditado}})$  poderá tomar como valor máximo o 25 por cento de  $VI_{i, \text{auditado}}$ .

Os valores unitarios de referencia, expresados en €/MW, serán aprobados polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co establecido no artigo 21, e deberán representar o valor medio de investimento en cada sistema eléctrico illado dos territorios non peninsulares, desagregado en función da tecnoloxía e da potencia do grupo. Os valores unitarios de referencia estarán afectados por un coeficiente de corrección naqueles supostos en que se instalen novos grupos de xeración aproveitando infraestruturas existentes.

Para a determinación dos valores unitarios de referencia e para a obtención do valor auditado de investimento non se terán en conta aqueles impostos indirectos que sexan deducibles ou recuperables conforme a normativa fiscal vixente e aqueles tributos a que se fai referencia no artigo 16.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Así mesmo, para obter o valor auditado de investimento, descontaranse as instalacións financiadas e cedidas por terceiros, así como os conceptos que non sexan susceptibles de seren amortizados.

#### Artigo 27. *Retribución financeira do investimento.*

1. A retribución financeira do investimento de cada grupo i,  $R_{in}$ , expresada en euros, calcularase cada ano n a partir do valor neto do investimento e a taxa de retribución financeira, de acordo co seguinte:

a) Para todos os anos da vida útil do grupo, con excepción do primeiro e último ano:

$$R_{in} = VNI_{in} \cdot Trn$$

b) Para o primeiro e último ano da vida útil do grupo:

$$R_{in} = VNI_{in} \cdot [(1 + Trm)^{\text{mes}} - 1]$$

Onde:

1.º  $VNI_{in}$ : valor neto do investimento do grupo  $i$  no ano  $n$ , expresado en euros, calculado de acordo co establecido no punto 2.

2.º  $Trn$ : taxa de retribución financeira do ano  $n$  aplicable ao grupo durante o período regulatorio, calculada de acordo co disposto no punto 3.

3.º  $Trm$ : taxa de retribución financeira mensual equivalente á taxa de retribución financeira anual, que se calculará mediante a seguinte expresión:

$$Trm = e^{\frac{\ln(1+Trn)}{12}} - 1$$

4.º mes:

No ano 1 o seu valor será igual ao número de meses completos comprendidos desde o inicio da vida útil regulatoria do grupo  $i$  e o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

No último ano de vida útil regulatoria da central, o seu valor será igual ao número de meses completos dese ano que restan até a finalización da vida útil regulatoria da central.

2. O valor neto do investimento do grupo  $i$  no ano  $n$  ( $VNI_{in}$ ) calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$VNI_{in} = Vli - Aai_{n-1}$$

Onde:

$Vli$ : valor do investimento recoñecido do grupo  $i$ , expresado en euros, aprobado na resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional.

$Aai_{n-1}$ : amortización acumulada até o ano  $n-1$  do grupo  $i$ , expresada en euros, calculada de acordo coa seguinte expresión:

$$Aai_{n-1} = \sum_{x=0}^{n-1} Aix$$

Onde:

$Aix$ : retribución por amortización do investimento do grupo  $i$  no ano  $x$ , expresada en euros.

3. A taxa de retribución financeira anual,  $Trn$ , corresponderase co rendemento medio das cotizacións mensuais no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos dos 24 meses previos ao mes de maio do ano anterior ao do inicio do período regulatorio, incrementada nun diferencial que se calculará de acordo co previsto no seguinte artigo e estará vixente durante todo o período regulatorio.

#### Artigo 28. *Revisión da taxa de retribución financeira.*

1. A taxa de retribución financeira poderase modificar antes do inicio de cada período regulatorio, de acordo co disposto no artigo 14.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e segundo o procedemento establecido neste artigo.

Para o cálculo do diferencial, antes do 1 de xaneiro do último ano do período regulatorio correspondente, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo elevará ao Consello de Ministros un anteproxecto de lei, en que se recollerá unha proposta do valor que tomará o diferencial no período regulatorio seguinte.

Para fixar este valor, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá requirir informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que se deberá emitir antes do 1 de xullo do penúltimo ano do período regulatorio correspondente, así como contratar os servizos dunha entidade especializada.

Así mesmo, e antes do 1 de marzo do penúltimo ano do período regulatorio correspondente, os interesados poderán remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, de forma detallada e motivada, unha proposta que deberá incluír unha cuantificación numérica do resultado desta cos datos coñecidos nese momento, e indicarán qué información é estimada ou suposta e cal deriva de datos reais auditados da empresa proponente ou do sector.

2. De acordo co previsto no artigo 14 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, para a determinación da proposta do valor que tomará o diferencial atenderase aos seguintes criterios:

a) Retribución adecuada para unha actividade de baixo risco, considerando a situación financeira do sistema eléctrico e a situación cíclica da economía española.

b) Custo de financiamento das empresas de produción de enerxía eléctrica da nosa contorna con réximes retributivos regulados, baseados no recoñecemento dunha retribución financeira ao investimento e uns gastos operativos de empresas eficientes e ben xestionadas.

En ningún caso, a proposta de variación da taxa de retribución financeira empregada entre dous anos consecutivos poderá ser superior en valor absoluto a 50 puntos básicos. No caso de que resulte unha variación superior, a proposta de cambio do valor na taxa de retribución efectuarase no número de anos que resulte necesario, co fin de non superar o dito límite.

*Artigo 29. Método de cálculo da anualidade da retribución por operación e mantemento fixo.*

1. A anualidade da retribución por operación e mantemento fixo dun grupo,  $OMF_n(i)$ , retribuirá os seguintes conceptos de custos operativos da central, que son independentes da produción, soportados por unha empresa eficiente e ben xestionada: custos de persoal, custos de mantemento e conservación, custos de seguros, alugueiros, custos de natureza recorrente, investimentos por modificacións non substanciais da central e outros gastos de explotación.

A anualidade da retribución por operación e mantemento fixo dun grupo,  $OMF_n(i)$ , calcularase, para cada grupo, como o produto dos valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos da instalación tipo pola potencia neta do dito grupo que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e, de ser o caso, polos factores de corrección aplicables naqueles grupos que estean situados na mesma central de produción.

2. Os valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos da instalación tipo, expresados en €/MW, e os factores de corrección serán aprobados, antes do inicio de cada período regulatorio, de acordo co establecido no artigo 21.

3. A anualidade da retribución por operación e mantemento fixo dos grupos que presenten indispoñibilidade totais, tanto programadas como fortuítas, nun ano superiores ao 30 por cento das horas será nula para ese ano.

Para estes efectos, con anterioridade ao 1 de febreiro de cada ano, o operador do sistema remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha listaxe dos grupos que presenten o dito nivel de indispoñibilidade. O director xeral de Política Enerxética e Minas, logo de trámite de audiencia, resolverá na resolución pola que se aproba a contía definitiva dos custos de xeración de liquidación para as centrais que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional, e a contía dos custos de xeración das instalacións que teñan recoñecido un réxime retributivo específico a que fai referencia o artigo 72.3.e), os grupos cuxa anualidade da retribución por operación e mantemento fixo sexa nula, ao abeiro do previsto neste punto.

Artigo 30. *Ordes de arranque.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 17/2013, do 29 de outubro, o operador do sistema dará, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, instrucións de arranque-parada a aquelas instalacións de produción de categoría A nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares que presenten un índice de funcionamento reducido, para comprobar o seu correcto funcionamento.

2. Os criterios polos cales se considera que un grupo ten un índice de funcionamento reducido deben ser aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e publicados no «Boletín Oficial del Estado». Así mesmo, deben ser aprobados por resolución da dita dirección xeral, de ser o caso, os grupos aos cales o operador do sistema deba remitir estas instrucións e o prazo en que estas se deben dar.

3. Ante unha instrución de arranque do operador do sistema, o grupo deberá cumprir esta instrución cunha desviación máxima do 10 por cento respecto do dato técnico de tempo de arranque que teña aprobado.

O grupo deberá, así mesmo, manter durante 24 horas adicionais unha potencia equivalente de, polo menos, o 60 por cento da súa potencia neta e durante ao menos 1 hora, por instrución do operador do sistema, o 100 por cento da súa potencia neta. Tras a proba, o operador do sistema deberá remitir un informe de cumprimento á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e aos órganos competentes das comunidades autónomas e cidades autónomas afectadas.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas declarará o incumprimento da instrución de arranque, logo da tramitación dun procedemento que garantirá a audiencia ao interesado. O prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será dun ano. O incumprimento da instrución de arranque comportará a supresión da retribución por custos fixos durante un período mínimo dun ano desde a notificación do incumprimento de acordo co previsto a continuación.

No caso de que o produtor corrixa as causas que motivaron o seu incumprimento, deberá notificar este feito á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. O dito grupo poderá percibir, de ser o caso, retribución por custos fixos, unha vez transcorrido o prazo mínimo dun ano de supresión e logo de comprobación do cumprimento das instrucións de arranque-parada por parte do operador do sistema. A comisión dun segundo incumprimento suporá a perda definitiva do dereito ao cobramento da retribución por custos fixos.

No caso de que no prazo máximo dun ano, contado desde a notificación da resolución de declaración do incumprimento, o produtor non solucionase as causas que motivaron o incumprimento, o produtor deberá solicitar a baixa do grupo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, no prazo máximo dun mes contado desde a finalización do citado prazo para solucionar as causas que motivaron o incumprimento da instrución de arranque.

No caso de que no prazo máximo dun ano, contado desde a notificación da resolución de declaración do incumprimento, o produtor non notifique á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que se solucionaron as causas que motivaron o incumprimento e o produtor non solicitase a baixa no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica no prazo dado no parágrafo anterior, procederase de oficio a cancelar a inscrición da instalación no Rexistro administrativo de instalacións de produción, logo de incoación dun procedemento que garantirá a audiencia ao interesado.

Todo isto sen prexuízo da concorrencia das sancións que poidan corresponder de acordo coa Lei 24/2013, do 26 de decembro.

## CAPÍTULO III

**Metodoloxía de determinación da retribución por custos variables**

Artigo 31. *Retribución por custos variables de xeración.*

1. A retribución por custos variables de xeración, expresada en euros, calcularase para cada un dos grupos xeradores que conformen unha central de produción e estará composta pola suma dos seguintes compoñentes:

- a) A retribución por combustible.
- b) A retribución por custos variables non asociados ao combustible, que inclúe a retribución por custos variables de operación e mantemento de funcionamento, a retribución por custos variables de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque e outros custos operativos da central.
- c) A retribución por custos dos dereitos de emisión.

2. A retribución por combustible estará composta pola suma dos seguintes conceptos:

- a) A retribución por custos variables de funcionamento.
- b) A retribución por custos de arranque asociados ao combustible.
- c) A retribución por custos de banda de regulación.
- d) Factor de corrección por factura de combustible.

O factor de corrección por factura de combustible será nulo se a retribución por combustible do grupo obtida como a suma das retribucións definidas nas alíneas a), b) e c) anteriores é inferior ao custo de adquisición de combustible do dito grupo.

No resto de supostos, o factor de corrección por factura de combustible será a semidiferenza entre o custo de adquisición de combustible do dito grupo e a retribución por combustible do grupo obtida como a suma das retribucións definidas nas alíneas a), b) e c) anteriores.

3. O custo de adquisición de combustibles obterase a partir das facturas de adquisición de combustibles, que incluirán todos os conceptos do prezo do combustible, incluída a loxística.

Para estes efectos, a empresa titular da central deberá remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con copia ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no primeiro trimestre do ano posterior á entrega do combustible, copia das facturas correspondentes a esas subministracións que sexan necesarias para determinar os custos de combustible, así como copia da totalidade dos contratos de aprovisionamento de combustible correspondentes ás subministracións do ano, incluíndo aqueles que estean asinados con outras empresas do mesmo grupo empresarial. Esta información presentarse en formato electrónico que permita o seu tratamento en folla de cálculo.

A desagregación desta información e, de ser o caso, o método de asignación dos aprovisionamentos a cada un dos grupos de xeración, así como o método de medida para comprobar os combustibles efectivamente introducidos nas centrais e o mecanismo de control, serán establecidos mediante resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderanlles solicitar ás empresas titulares das centrais a información necesaria para a determinación do factor de corrección.

5. Os parámetros utilizados para o cálculo da retribución por custos variables de xeración para cada grupo serán os establecidos para a instalación tipo que teñan asignada.

6. A retribución por custos variables de funcionamento nos períodos en que o grupo funcionase como consecuencia de circunstancias alleas ao resultado do despacho económico realizado polo operador do sistema, de acordo co establecido no artigo 60.3, e que non veñan derivadas do cumprimento das obrigacións establecidas na normativa



estatal, realizarase valorando a enerxía cedida á rede ao prezo horario de venda da enerxía no sistema illado j, Phvenda (j), definido no anexo I.

7. Para a determinación dos parámetros da retribución por custos variables de xeración das instalacións tipo de coxeración ou residuos terase en conta, segundo corresponda, o seguinte:

a) Os ingresos estándares indirectamente procedentes da produción de calor útil asociada, para as instalacións de coxeración.

b) Os ingresos ou custos evitados estándares, para as instalacións cuxa fonte de enerxía primaria sexan residuos.

A determinación destes ingresos ou custos evitados estándares establecerase mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

#### Artigo 32. *Retribución por custos variables de funcionamento.*

A retribución por custos variables de funcionamento de cada grupo xerador i é a asociada aos consumos de combustibles derivados do funcionamento do grupo. Para un período determinado, calcularase como sumatorio da retribución por custos variables de funcionamento do dito grupo en cada hora h do dito período.

A retribución por custos variables de funcionamento de cada grupo xerador i en cada hora h do sistema eléctrico illado j, CcombL(i,h,j), expresado en €, calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$CcombL(i,h,j) = [a(i) + b(i) * p(i,h,j) + c(i) * p^2(i,h,j)] * pr(i,h,j)$$

Onde:

p(i,h,j): potencia horaria en MW en barras de central na hora h proporcionada polo grupo i do sistema eléctrico illado j en estado de marcha.

a(i), b(i) e c(i): parámetros técnicos de liquidación da instalación tipo, expresados en th/h, th/h.MW e th/h.MW<sup>2</sup>, respectivamente, que serán aprobados de acordo co establecido no artigo 21.3.

pr(i,h,j): prezo medio da termia dos combustibles utilizados en estado de marcha polo grupo i do sistema eléctrico illado j na hora h, valorado en €/th PCI, calculado de acordo co indicado no artigo 40.

#### Artigo 33. *Retribución por custos de arranque asociados ao combustible.*

1. A retribución por custos de arranque asociados ao combustible é a relativa ao consumo de combustible no proceso polo cal un grupo pasa dun estado de marcha, en condicións de carga mínima, a outro estado de marcha nas mesmas condicións, cun estado intermedio de paro.

2. A retribución por custos de arranque asociados ao combustible obtense de multiplicar os valores unitarios de arranque de combustible de liquidación polo número de arranques do grupo, excluídos os arranques realizados por desacoplamento debido a avarías dos grupos.

Os valores unitarios de arranque de combustible de liquidación dun grupo i do sistema eléctrico illado j, CarL(i,j), expresados en €/arranque, calcúlanse de acordo coa seguinte formulación:

$$CarL(i,j) = a'(i) * [1 - \exp(-t/b'(i))] * prar(i,j)$$

Onde:

t: tempo transcorrido desde a última parada, en horas. Naqueles casos en que o dito valor sexa superior a 14 horas, tomarase un valor de t constante igual a 14 horas. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase modificar este valor tope de 14 horas.

$a'(i)$  e  $b'(i)$ : parámetros técnicos de liquidación da instalación tipo, expresados en  $th$  e  $h$ , respectivamente, que serán aprobados para cada período regulatorio de acordo co establecido no artigo 21.

$prar(i,j)$ : prezo medio da termia dos combustibles utilizados en períodos de arranque parada polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  nese arranque, valorado en €/th PCI, calculado de acordo co indicado no artigo 40.

**Artigo 34. Retribución por custos de banda de regulación.**

1. A retribución por custos de banda de regulación nunha hora correspóndese co sobrecusto de explotación dun grupo xerador pola banda de potencia a subir e a baixar asignada polo operador do sistema para a regulación do equilibrio entre xeración e demanda.

2. A retribución por custos de banda de regulación nunha hora  $CbrL(i,h,j)$  será o 1% da retribución por custos variables de funcionamento,  $CcombL(i,h,j)$ , do grupo.

**Artigo 35. Retribución por custos variables de operación e mantemento.**

1. A retribución por custos variables de operación e mantemento de funcionamento é a destinada a cubrir os custos de materiais e dos traballos realizados en relación coas revisións programadas de cada grupo, que se realizan en función das súas horas de funcionamento, tendo en conta o réxime de funcionamento e de acordo cos seus plans de mantemento. Inclúense neste concepto os consumos de funxibles e aditivos.

A retribución por custos variables de operación e mantemento de funcionamento dun grupo, expresados en euros, calcularase para un período determinado como produto da enerxía xerada medida en barras de central no dito período polos valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación da instalación tipo.

Os valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación da instalación tipo,  $O\&MvLI$ , expresaranse en €/MWh e serán, para cada período regulatorio, os aprobados de acordo co establecido no artigo 21.

2. A retribución por custos variables de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque é a asociada ao custo adicional de operación e mantemento derivado do arranque do grupo.

A retribución por custos variables de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque obtense de multiplicar o parámetro económico «d» polo número de arranques do grupo, excluídos os arranques realizados por desacoplamento debido a avarías dos grupos, onde «d» é o parámetro que reflicte a retribución por custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque da instalación tipo, valorado en euros.

O parámetro económico  $d$  da instalación tipo será aprobado para cada período regulatorio de acordo co establecido no artigo 21.

**Artigo 36. Retribución por outros custos operativos.**

A retribución por outros custos operativos inclúe as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica resultantes da aplicación da normativa en vigor, os pagamentos para o financiamento do operador do sistema e, de ser o caso, do mercado e do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica derivado da aplicación da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

Para estes efectos, os titulares das centrais que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto coa solicitude de aprobación da contía definitiva dos custos de xeración de liquidación establecida no artigo 72.3.c), os custos auditados en que incorran os grupos por estes conceptos. Estes custos adicionais serán recoñecidos, por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas pola que se aproba a contía definitiva dos custos de xeración a que fai referencia o artigo 72.3.e).

O imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica derivado da aplicación da Lei 15/2012, do 27 de decembro, só se recoñecerá unha vez acreditado o seu pagamento mediante a presentación, no suposto de domiciliación bancaria, do documento de presentación da autoliquidación e do xustificante de pagamento bancario e, no caso de cargo na conta, do NRC facilitado pola entidade bancaria que consta no documento de autoliquidación.

*Artigo 37. Retribución por custos dos dereitos de emisión.*

1. A retribución por custos dos dereitos de emisión dun grupo, expresado en euros, para un período determinado, calcularase como sumatorio da retribución por custos dos dereitos de emisión horario,  $C_{CO2Lh}$ .
2. A retribución por custos dos dereitos de emisión horario en € é:

$$C_{CO2Lh} = p(i,h,j) * P_{CO2L} * fie$$

Onde:

$p(i,h,j)$ : potencia horaria en MW en barras de central na hora  $h$  proporcionada polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  en estado de marcha.

$P_{CO2L}$ : prezo dos dereitos de emisión de liquidación, expresado en €/tCO<sub>2</sub>. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará o prezo dos dereitos de emisión de liquidación, que se calculará anualmente como a media do prezo diario das poxas dos ditos dereitos no mercado secundario de dereitos de emisión da plataforma común realizadas no ano para o cal se efectúa a liquidación.

$fie$ : factores de emisión ( $fie$ ) establecidos no punto 4.a do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012, aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, ou norma que o substitúa.

3. Esta retribución non será de aplicación ás tecnoloxías non definidas no Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro vixente.

*Artigo 38. Revisión de parámetros técnicos de liquidación. Probas de rendemento das centrais.*

1. A revisión de parámetros técnicos de liquidación da instalación tipo realizarase a partir do resultado das probas de rendemento correspondentes seguindo o procedemento establecido no anexo III.2 e de acordo co establecido a continuación.

Para estes efectos, teranse en conta os resultados das probas de rendemento realizadas sobre os grupos cuxos informes de supervisión das probas fosen remitidos á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia durante os 6 anos anteriores ao 30 de setembro do penúltimo ano do período regulatorio.

A revisión dos parámetros técnicos de liquidación realizarase por tecnoloxía e rango de potencia, é dicir, tomaranse os resultados obtidos das probas de rendemento de todos os grupos asignados a instalacións tipo de igual tecnoloxía e rango de potencia, con independencia do territorio non peninsular en que estean situados. Os valores revisados dos parámetros técnicos de cada tecnoloxía e rango de potencia serán aplicables a todas as instalacións tipo da dita tecnoloxía e rango de potencia.

2. Os parámetros técnicos de liquidación calcularanse atendendo aos seguintes principios, de acordo coa metodoloxía establecida no anexo III:

- a) Os parámetros técnicos da retribución por custos variables de funcionamento,  $a$ ,  $b$  e  $c$ , calcularanse a partir dos ensaios de consumo específico realizados aos distintos grupos de igual tecnoloxía e rango de potencia e unha curva de consumo específico estándar, de acordo co establecido no anexo III.2.

- b) Os parámetros técnicos dos valores unitarios de arranque de combustible,  $a'$  e  $b'$ , calcularanse mediante o axuste exponencial da curva de custo en termias fronte a tempo

de arranque, a partir dos ensaios de custo de arranque dos grupos de igual tecnoloxía e rango de potencia.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán solicitar ao operador do sistema a información técnica necesaria para o cálculo destes parámetros, obtida das probas de rendemento e do funcionamento ordinario dos grupos.

O operador do sistema realizará un seguimento dos custos do despacho de produción, analizando as diferenzas dos custos resultantes entre a aplicación dos parámetros técnicos de liquidación e os datos técnicos de despacho das centrais.

4. Calquera actuación tendente á alteración ou falseamento do resultado das probas de rendemento por parte do titular da instalación será, de ser o caso, sancionada de acordo co réxime sancionador previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

#### Artigo 39. *Revisión de parámetros económicos de liquidación.*

1. Na revisión dos parámetros económicos de liquidación teranse en conta os conceptos de custo indicados neste real decreto en que incorrería unha empresa eficiente e ben xestionada.

Os valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación, e o parámetro económico «d» da retribución por custos variables de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque, revisaranse segundo o establecido no anexo III. 2 e tendo en conta as auditorías de custo presentadas polas empresas titulares das instalacións de xeración indicadas no artigo 21.

2. Para a revisión destes parámetros, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán solicitar ao operador do sistema a información técnica necesaria obtida tanto nas probas de rendemento coma no funcionamento ordinario dos grupos.

#### Artigo 40. *Cálculo dos prezos de combustible.*

1. O prezo medio da termia dos combustibles,  $pr(i,h,j)$  e o prezo medio da termia dos combustibles utilizados en períodos de arranque parada,  $prar(i,j)$  serán calculados a partir do consumo de cada un dos combustibles utilizados e do seu poder calorífico, segundo o indicado no anexo VI.1.

A mestura de combustible autorizada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para o estado de funcionamento normal e a mestura de combustible para o arranque de cada un dos grupos serán as que se recoñezan no proceso de programación do despacho e de liquidación da retribución por custos de xeración das centrais.

Para estes efectos, os suxeitos produtores deberán declarar mensualmente ao operador do sistema os combustibles almacenados, as adquisicións e os consumos de combustible de cada grupo, xunto cos resultados das análises de comprobación das especificacións técnicas de cada partida de produto adquirida. As desviacións respecto ás mesturas aprobadas serán postas en coñecemento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por parte do operador do sistema. Para os efectos da infracción moi grave tipificada no artigo 64.38 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a utilización dun combustible distinto do autorizado será considerada como unha manipulación tendente a alterar o prezo da enerxía eléctrica.

2. Excepcionalmente, naqueles grupos para os cales non sexa posible determinar a priori unha mestura de combustible habitual, ao utilizar combustibles procedentes doutros procesos asociados ou combustibles cuxas características técnicas non sexan estándares, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderá autorizar a utilización dunha mestura de combustible variable dentro dun rango. Neste caso, o titular da instalación deberá declarar

ao operador do sistema a mestura de combustible que se prevexa utilizar en cada hora, a cal será utilizada tanto para efectos de despacho como de liquidación.

3. Sen prexuízo do anterior, cando un suxeito xerador detecte a necesidade de utilizar, en calquera das súas unidades xeradoras, un combustible ou mestura de combustibles distinta das autorizadas para manter o programa previsto de produción, porao en coñecemento do operador do sistema e indicará as características do combustible ou mestura de combustible e a duración prevista do cambio. Excepcionalmente, o operador do sistema poderá autorizar temporalmente o uso dun combustible ou mestura de combustible distinta da autorizada, de acordo co establecido no anexo VI.2.

O operador do sistema deberá notificar anualmente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as autorizacións de uso excepcional de combustible, e indicará as causas que motivaron o cambio de combustible ou mestura, as características técnicas do combustible ou mestura autorizada e a duración da autorización.

4. No caso de restricións na utilización de combustibles derivadas de normativa autonómica ou local que supoñan uns maiores custos de xeración, o titular da instalación de produción poderá establecer convenios ou outros mecanismos coas administracións autonómicas e locais para cubrir o sobrecusto ocasionado.

En caso contrario, o titular da instalación de produción deberá comunicarllo ao operador do sistema e declarar indispoñible o grupo en todos os períodos en que se produza este sobrecusto. O operador do sistema só poderá programar estes grupos cando resulte imprescindible para a garantía de subministración. Neste caso, recoñecerase o sobrecusto derivado.

5. Os compoñentes do prezo dos combustibles fósiles para efectos de liquidación,  $prc(c,i,h,j)$ , entre os cales se incluírá a retribución por custos de loxística, e a metodoloxía para a determinación do dito prezo e o seu poder calorífico inferior  $pci(i,h,j)$  serán aprobados por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, tendo en conta as diferentes tecnoloxías implantadas en cada sistema e a información remitida polos titulares das instalacións de produción correspondentes ás facturas da subministración de combustible.

Para a determinación do citado prezo do combustible fósil levaranse a cabo poxas de combustible.

O prezo de combustible que se utilice para efectos de despacho será o que se estableza por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

6. O prezo do combustible  $prc(c,i,h,j)$  para efectos de despacho e para efectos de liquidación, así como o poder calorífico inferior  $pci(i,h,j)$  dos combustibles de biomasa, biogás e residuos serán aprobados por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, tendo en contas as diferentes tecnoloxías implantadas en cada sistema.

#### Artigo 41. *Procedemento de poxa para a subministración de combustible fósil.*

1. A subministración de combustible fósil será obxecto dun procedemento de poxa nos termos e supostos que se establezan por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo. En todo caso, o procedemento estará sometido aos principios de concorrencia, transparencia, obxectividade e non discriminación.

O mecanismo de poxas a que fai referencia este artigo deberá cumprir cos seguintes requisitos:

a) O obxecto das poxas será a subministración de combustible e a determinación do seu prezo.

b) Realizaranse poxas diferenciadas para cada un dos tipos de combustible utilizados e para cada un dos territorios non peninsulares.

c) As empresas propietarias das centrais de produción presentarán a proposta de prego de bases polo cal se deberá rexer a convocatoria e do borrador de contrato que se deba subscribir co adxudicatario, dos cales serán responsables.

d) Establecerase un prezo de referencia do combustible a partir do cal se calculará o prezo de saída para a realización da poxa de combustible e que será o subsidiario para a

fixación do prezo de combustible naqueles supostos en que non se puidese fixar mediante a poxa establecida no presente artigo.

2. Os compoñentes do prezo de referencia de cada un dos combustibles utilizados e a metodoloxía para a súa determinación serán aprobados por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, tendo en conta as diferentes tecnoloxías implantadas en cada sistema e a información remitida polos titulares das instalacións de produción a que fai referencia o artigo 31.

Así mesmo, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo designarase o xestor encargado da tramitación e xestión das poxas.

3. Nos supostos en que a poxa quede deserta, os suxeitos produtores deberán proceder á contratación particular da subministración. Nestes casos, o prezo do combustible que se retribuirá será o prezo de referencia do combustible a partir do cal se calculase o prezo de saída para a realización da poxa.

*Artigo 42. Excepcións de aplicación da poxa para a subministración de combustible fósil.*

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse establecer excepcións á adquisición de determinados combustibles mediante o mecanismo de poxas definido no artigo anterior para aquelas instalacións cuxo combustible non represente un volume significativo para levar a cabo o dito proceso. Nestes supostos, o titular deberá presentar á Secretaría de Estado de Enerxía ao menos tres orzamentos de subministración de combustible, a partir dos cales se determinará a subministración e o prezo do combustible. En todo caso, o procedemento de determinación do prezo estará sometido aos principios de concorrencia, transparencia, obxectividade e non discriminación.

## CAPÍTULO IV

### **Procedementos relativos ao outorgamento e revogación do réxime retributivo adicional**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Procedementos aplicables e cobertura da demanda*

*Artigo 43. Procedementos de outorgamento do réxime retributivo adicional.*

1. O outorgamento do réxime retributivo adicional levarase a cabo mediante procedementos de concorrencia competitiva.

2. Cando sexa necesaria a instalación de nova potencia para cubrir un déficit de potencia no longo prazo, realizarase unha convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade, que se realizará conforme o disposto na sección 2.

Os grupos que obteñan resolución favorable de compatibilidade terán dereito a percibir o réxime retributivo adicional, nos termos regulados no presente título.

Neste procedemento poderán participar instalacións novas e instalacións inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que, ben realicen novos investimentos ou ben, por finalizaren a súa vida útil regulatoria, pretendan que lles sexa outorgado novamente o réxime retributivo adicional porque supoñan un aforro para o sistema sen realizar novos investimentos. As solicitudes relativas a estes tres tipos de instalacións valoraranse de forma conxunta.

3. Sen prexuízo do anterior, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse convocar concursos para o outorgamento do réxime retributivo adicional, coa finalidade de reducir os custos do sistema eléctrico, conforme o disposto na sección 3.

*Artigo 44. Informe anual de cobertura da demanda.*

Conforme o previsto no artigo 2.4 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, o operador do sistema remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao organismo competente



en materia de enerxía da comunidade autónoma ou cidade autónoma que corresponda, na primeira quincena do mes de xaneiro de cada ano, un informe anual da cobertura da demanda, que abranguerá un horizonte temporal de cinco anos desde o ano seguinte ao do informe.

Neste informe o operador do sistema determinará as potencias necesarias para garantir a cobertura da demanda, tendo en conta as redes existentes e planificadas e a implantación prevista de instalacións de xeración e, de ser o caso, de bombeos.

Para a elaboración deste informe seguiranse os criterios previstos no anexo VII.1.

#### Artigo 45. *Riscos de cobertura da demanda no curto prazo.*

Naqueles casos en que o operador do sistema detecte riscos sobre a seguridade e a continuidade da subministración no horizonte anual, remitirá un informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao organismo competente en materia de enerxía da comunidade autónoma ou cidade autónoma que corresponda que poña de manifesto esta situación, así como a proposta concreta de equipamentos de xeración necesarios. Nestes casos, procederase de acordo co establecido no artigo 59.

Para a elaboración do informe terase en conta a metodoloxía prevista no anexo VII.2.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade*

#### Artigo 46. *Convocatoria do procedemento para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade.*

1. Cando o operador do sistema poña de manifesto no seu informe anual de cobertura a existencia dun risco de falta de cobertura no horizonte da análise, o secretario de Estado de Enerxía convocará, logo de informe das comunidades autónomas e cidades autónomas afectadas, mediante resolución, un procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade para instalacións de produción de enerxía eléctrica de categoría A.

O informe solicitado ás comunidades autónomas e cidades autónomas afectadas deberá ser emitido no prazo de 15 días desde a recepción da solicitude.

Na resolución da convocatoria o secretario de Estado de Enerxía establecerá a potencia prevista adicional térmica e, de ser o caso, de instalacións hidroeléctricas non fluentes que deba ser instalada para asegurar a cobertura da demanda en cada un dos sistemas eléctricos illados para cada un dos seguintes cinco anos. Así mesmo, nesta resolución poderanse dar sinais de localización por nós e poderanse establecer limitacións técnicas relativas, entre outros aspectos, ao tamaño e tecnoloxía dos grupos.

Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. O procedemento desenvolverase conforme o disposto nos artigos seguintes e será resolto pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

3. A resolución favorable de compatibilidade terá os efectos a que fai referencia o artigo 2.1 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

#### Artigo 47. *Presentación de solicitudes e criterios de admisión.*

1. Tras a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da resolución de convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva, os titulares de novas instalacións de produción de enerxía eléctrica de categoría A, os titulares de grupos da categoría A inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que realicen novos investimentos e os titulares de grupos da categoría A que finalicen a súa vida útil regulatoria e pretendan que se lles conceda novamente o réxime retributivo sen realizaren novos investimentos, poderán solicitar o outorgamento da resolución de

compatibilidade favorable para efectos de recoñecemento do réxime retributivo adicional á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O prazo de presentación da solicitude será de dous meses desde a publicación da citada resolución da Secretaría de Estado de Enerxía.

A solicitude deberá incluír a información establecida no anexo VIII.1, así como calquera outra información que se poida incluír na resolución de convocatoria, e deberá ir co xustificante da Caixa Xeral de Depósitos acreditativo de ter depositado a garantía económica establecida no artigo 50.

2. A titularidade das instalacións para as cales se solicite a resolución de compatibilidade estará suxeita ás limitacións establecidas na Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Cando non se presente ningunha solicitude de titulares de grupos de xeración que non estean suxeitos á citada limitación da titularidade, poderanse tramitar solicitudes de empresas ou grupos empresariais que posúan unha porcentaxe de potencia de xeración de enerxía eléctrica superior ao 40 por cento nese sistema. No resto de casos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá inadmitir as solicitudes que incumpran as ditas limitacións.

3. Só se admitirán a trámite no procedemento aquelas instalacións ás cales se lles poida asignar unha das instalacións tipo incluídas na disposición derradeira primeira ou outras que se poidan establecer por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e que teña aprobados, con carácter previo á finalización do prazo de presentación de solicitudes, os parámetros técnicos e económicos da súa instalación tipo que determinen a retribución por custos variables de xeración e por custos fixos.

#### Artigo 48. *Tramitación das solicitudes.*

1. No prazo máximo dun mes desde a finalización do prazo de recepción das solicitudes, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará a relación provisional de admitidos e excluídos da convocatoria. Na dita resolución, que se publicará na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

2. Finalizado este prazo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará a relación definitiva de admitidos e excluídos da convocatoria e publicará a dita resolución na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Así mesmo, remitirá ao operador do sistema e ás comunidades autónomas ou cidades autónomas afectadas, para informe, as solicitudes admitidas a trámite.

3. O operador do sistema, no prazo máximo de 45 días desde a recepción da solicitude de informe, deberá emitir un informe no cal se analizarán as cuestións indicadas no anexo VIII.2.

Para a elaboración do informe, o operador do sistema poderá requirir ás empresas solicitantes información adicional, caso en que lle poderá solicitar unha ampliación de prazo para a emisión do informe á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O operador do sistema remitirá o informe xunto coa información adicional que, de ser o caso, solicitase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

4. No prazo máximo de 15 días desde a recepción do informe do operador do sistema, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas solicitará informe á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e xuntaralle á dita solicitude toda a documentación presentada e o citado informe do operador do sistema.

A citada Comisión, no prazo máximo de 45 días desde a recepción da solicitude, remitirá o seu informe á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A Comisión deberá incluír no informe unha análise dos aspectos postos de manifesto polo operador do sistema e realizará unha valoración económica da afección de cada solicitude de grupo xerador novo, ou de novos investimentos de grupos xa inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, ou do outorgamento novamente do réxime retributivo adicional no caso de grupos que vaian finalizar a súa vida útil regulatoria, sobre

os custos do sistema eléctrico definidos no artigo 13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, que se vexan afectados e sobre os custos de xeración e servizos de axuste definidos no artigo 71 no medio e longo prazo.

5. As comunidades autónomas ou cidades autónomas disporán dun prazo de dous meses desde a recepción da solicitude para remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o informe solicitado, para que poida realizar observacións no que poida afectar o concreto exercicio das súas competencias, as cales se farán constar na referida resolución de compatibilidade da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Este informe valorará de forma xustificada, ao menos, dous aspectos, a posible existencia dalgunha normativa urbanística ou ambiental que impida a construción da instalación nas inmediacións dos nós de conexión propostos e se existe algún obstáculo administrativo para o cumprimento das datas previstas de inscrición definitiva no rexistro e de obtención da autorización administrativa previa.

*Artigo 49. Resolución do procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade.*

1. Unha vez solicitados os informes indicados no artigo 48, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá o procedemento, logo de trámite de audiencia aos interesados. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aplicará os criterios definidos no anexo VIII.3 para determinar os grupos aos cales procede o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade.

2. O prazo para ditar e notificar a resolución do procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade será de seis meses desde a finalización do prazo de recepción das solicitudes. Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado» cos efectos previstos no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Nos casos en que non se cubra a potencia necesaria coas instalacións ás cales se lles conceda a resolución favorable de compatibilidade, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse convocar concursos de nova capacidade nos termos establecidos no artigo 55.

*Artigo 50. Garantías.*

1. Para participar no procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade será necesario presentar, ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos acreditativo de ter depositado unha garantía económica por un valor do 2 por cento do valor estándar do investimento que corresponde asignar ao novo grupo,  $V_{i, \text{estándar}}$  na data de solicitude da resolución favorable de compatibilidade ou, no caso dos novos investimentos, do investimento previsto.

A garantía constituirase na modalidade de efectivo ou aval prestado por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca, de acordo co previsto no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

O obxecto da garantía será a inscrición do grupo xerador con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo cumprindo, en todo caso, os requisitos establecidos no anexo VIII.4.

A persoa ou entidade que constitúa a garantía deberá coincidir co solicitante da resolución favorable de compatibilidade.

Deberá indicarse expresamente no xustificante de constitución da garantía que esta é depositada para os efectos do cumprimento do establecido no presente artigo.

2. Con anterioridade a que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolva o procedemento de concorrencia competitiva, o interesado poderá desistir da súa solicitude e solicitar a cancelación da garantía.

3. Así mesmo, se o solicitante non responde no prazo de tres meses aos requirimentos da Administración de información ou actuación, considerarase que desiste da solicitude. No requirimento de información recollerase expresamente esta cuestión, en aplicación do artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A inadmisión ou desestimación da solicitude de participación no procedemento de concorrencia competitiva considerarase razón suficiente para a cancelación da garantía. Esta cancelación deberá solicitala o interesado ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

5. Unha vez ditada a resolución favorable de compatibilidade para un grupo, a desistencia na súa construción suporá a execución da garantía.

Malia isto, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá exceptuar a execución da garantía depositada polo titular dunha instalación se a desistencia na súa construción vén dada por circunstancias impeditivas, nin directa nin indirectamente imputables ao interesado, e así llo solicitase este á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas con anterioridade á data límite para realizar a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

#### Artigo 51. *Contido da resolución do procedemento de concorrencia competitiva.*

1. A resolución do procedemento de concorrencia competitiva recollerá expresamente, ao menos, a seguinte información relativa a cada grupo ao cal se outorgue a resolución favorable de compatibilidade:

- a) Ano previsto de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, que se denominará no sucesivo,  $A_{\text{REX}}$ .
- b) Potencia autorizada, en diante,  $P_{\text{aut}}$ .
- c) Tecnoloxía.
- d) Nó de conexión.
- e) Código de identificación da resolución de compatibilidade, CIC.

2. No caso dos novos investimentos incluírase, ademais da información anterior que lle sexa de aplicación, o valor do novo investimento autorizado e a vida útil regulatoria do novo investimento.

3. Para as solicitudes de novo outorgamento do réxime retributivo adicional de grupos que vaian finalizar a súa vida útil e que non vaian realizar novos investimentos, recollerase exclusivamente a potencia autorizada,  $P_{\text{aut}}$ .

#### Artigo 52. *Efectos da resolución favorable de compatibilidade.*

1. A resolución favorable de compatibilidade outorgará ao titular o dereito a percibir o réxime retributivo adicional regulado neste título, condicionado ao cumprimento dos requisitos establecidos no anexo VIII.4. Este dereito outorgarase durante a vida útil regulatoria do grupo proxectado e para un determinado valor de potencia, nos termos previstos neste artigo.

Aqueles grupos que obteñan unha autorización administrativa previa sen a resolución favorable de compatibilidade non terán dereito ao réxime retributivo adicional, e percibirán o réxime económico establecido no artigo 8.

2. O titular da instalación estará obrigado a comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas calquera acto administrativo que imposibilite a execución do proxecto, no prazo dun mes desde que lle fose notificado. Para os efectos das infraccións tipificadas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, o incumprimento desta obrigaición no prazo establecido será considerado como a non presentación en forma e prazo de calquera dato, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con

retribución regulada, sen prexuízo da concorrencia doutras sancións que poidan corresponder de acordo coa citada lei.

Nestes casos, procederá a devolución das garantías presentadas sempre que o titular da instalación o notifique no prazo establecido.

3. O réxime retributivo adicional outorgado ao grupo presentará as particularidades establecidas no anexo VIII.5 motivadas polas diferenzas entre a potencia autorizada,  $P_{aut}$ , e a potencia neta inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

#### Artigo 53. *Outorgamento do réxime retributivo adicional polos novos investimentos.*

1. Os novos investimentos sobre grupos inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, para teren dereito a percibir o réxime retributivo adicional nos termos previstos no artigo 19, requirirán de resolución favorable de compatibilidade ditada con carácter previo ao outorgamento por parte do órgano competente da autorización administrativa previa da modificación. Nos casos en que se vaian realizar investimentos nun grupo que vaia finalizar a súa vida útil regulatoria, a solicitude realizárase, ademais, antes da finalización da dita vida útil regulatoria.

As solicitudes de recoñecemento dos novos investimentos realizáranse no procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade regulado nesta sección.

Aqueles instalacións en que se realicen novos investimentos que obteñan unha autorización administrativa previa sen a citada resolución favorable non terán dereito ao réxime retributivo adicional, e percibirán o réxime económico establecido no artigo 8.

2. Non se recoñecerán aqueles investimentos derivados da falta de mantemento da central. Para estes efectos, con carácter previo á emisión da resolución de compatibilidade realizárase unha inspección das instalacións co fin de comprobar o seu efectivo mantemento.

Todo isto sen prexuízo das sancións que se poidan establecer polo incumprimento, por parte do titular das instalacións, da súa obriga de mantelas en adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica, segundo o establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

3. O procedemento para o outorgamento do réxime retributivo adicional para aqueles novos investimentos que culminen coa inscrición dun novo grupo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica realizárase segundo o establecido no presente capítulo, como se dun grupo novo se tratase.

4. O procedemento para o outorgamento do réxime retributivo adicional para os novos investimentos dun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que non impliquen a inscrición dun novo grupo no citado rexistro administrativo realizárase segundo o establecido no presente capítulo, coas excepcións reguladas no anexo VIII.6.

5. O recoñecemento do réxime retributivo adicional destas instalacións aterase ao disposto no artigo 57.

#### Artigo 54. *Outorgamento do réxime retributivo adicional para instalacións cuxa vida útil regulatoria vaia finalizar e non vaian realizar novos investimentos.*

1. Os grupos que superen a súa vida útil regulatoria deixarán de ter dereito a percibir o réxime retributivo adicional e percibirán, pola súa enerxía xerada, o réxime económico establecido no artigo 8.

2. Malia o establecido no punto anterior, o titular da instalación poderá solicitar que se lle outorgue novamente o réxime retributivo adicional. Esta solicitude realizárase antes da finalización da súa vida útil regulatoria, no procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade establecido nesta sección.

As resolucións favorables de compatibilidade que se diten terán os efectos indicados no artigo 52 e non lles serán de aplicación os condicionados establecidos no anexo VIII.4. Así mesmo, non se requirirá a presentación da garantía económica establecida no artigo 50.



Naqueles casos en que a potencia autorizada na resolución favorable de compatibilidade coincida coa potencia inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá de oficio o recoñecemento do réxime retributivo adicional.

No resto de casos, unha vez outorgada a resolución favorable de compatibilidade, o titular da instalación deberá solicitar o recoñecemento do réxime retributivo adicional, de acordo co procedemento previsto neste capítulo.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Concursos para a redución de custos*

#### *Artigo 55. Concursos para a redución de custos.*

1. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse establecer concursos para a instalación de nova potencia de produción da categoría A nun sistema eléctrico illado que, mesmo superando a potencia prevista adicional, reduza os custos de xeración no dito sistema.

Estes concursos poderán incluír sinais económicos de localización para a resolución de restricións técnicas zonais.

A citada orde establecerá os termos en que se desenvolverá o concurso, as garantías exixibles, o réxime retributivo aplicable ás instalacións adxudicatarias e os requisitos exixibles ás instalacións para percibir o dito réxime retributivo. Así mesmo, determinará se resulta de aplicación o previsto nas letras a e b do anexo VIII.7 e, en caso negativo, o procedemento aplicable, e definirá o modelo de declaración responsable que deberán presentar os titulares xunto coa solicitude de recoñecemento do réxime retributivo adicional, de acordo co previsto no anexo VIII.7.c.

Cando o procedemento afecte unha soa comunidade autónoma ou cidade autónoma, solicitaráselle a esta a emisión de informe e outorgaráselle un prazo de 15 días para que poida realizar observacións, naquilo que poida afectar o concreto exercicio das súas competencias, que se farán constar na resolución de adxudicación do concurso.

2. A resolución de adxudicación do concurso dará cumprimento ao requisito establecido no artigo 2.1 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Ao abeiro do previsto no artigo 1.3 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, cando non se superen os valores de potencia necesaria para asegurar a cobertura da demanda, e cando non haxa outra empresa interesada en promover instalacións, con carácter extraordinario e nos termos que se establezan na orde definida no punto 1, poderáselle adxudicar o concurso a unha empresa ou grupo empresarial que posúa unha porcentaxe de potencia de xeración de enerxía eléctrica superior ao 40 por cento nese sistema.

3. Este mecanismo poderase utilizar eventualmente para o outorgamento do réxime retributivo a nova potencia cando o operador do sistema poña de manifesto esta necesidade no informe anual de cobertura.

### *Sección 4.<sup>a</sup> Particularidades do procedemento de outorgamento do réxime retributivo adicional ás instalacións de bombeo derivadas dun procedemento de concorrencia competitiva.*

#### *Artigo 56. Procedemento de outorgamento do réxime retributivo adicional ás instalacións de bombeo derivadas dun procedemento de concorrencia competitiva.*

1. Cando a construción dunha instalación de bombeo derive dun procedemento de concorrencia competitiva convocado nos termos establecidos no artigo 55, a súa titularidade corresponderá ao adxudicatario do dito concurso, de acordo co previsto no artigo 5.2 da Lei 17/2013, do 29 de outubro.



2. Co fin de garantir a realización dos investimentos, o solicitante deberá presentar, xunto coa súa oferta para participar no procedemento de concorrencia competitiva a que fai referencia o parágrafo anterior, unha proposta de calendario para a construción da instalación, así como o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos de ter presentado un aval por unha contía do 2 por cento do orzamento da instalación proxectada, co valor mínimo que se estableza na convocatoria do concurso.

3. O calendario de execución será aprobado conxuntamente coa resolución de adxudicación do concurso, logo de informe das administracións e dos organismos afectados e logo de audiencia ao interesado, quedando os efectos da citada resolución condicionados ao cumprimento do calendario.

O incumprimento de calquera dos fitos do calendario determinará, logo de trámite de audiencia e mediante resolución motivada, a execución do aval e a declaración da imposibilidade de percepción do réxime retributivo establecido neste título para esta instalación por parte da empresa titular ou por calquera sociedade do grupo definido, segundo o establecido no artigo 42 do Código de comercio.

Malia isto, o órgano competente para resolver o procedemento poderá, logo de solicitude xustificada do interesado e mediante resolución motivada, modificar en todo ou en parte os fitos do calendario cando o seu cumprimento se vexa obstaculizado como resultado da inobservancia por parte das administracións públicas ou, de ser o caso, por parte do operador do sistema, dos prazos a que normativamente están suxeitas na tramitación e resolución dos distintos procedementos.

4. O aval será cancelado cando o titular da instalación de bombeo obteña a resolución de recoñecemento de réxime retributivo adicional da instalación. Se ao longo do procedemento o solicitante desiste voluntariamente da tramitación administrativa da instalación ou non responde aos requirimentos de información da Administración no prazo de tres meses, procederase á execución do aval.

5. O procedemento de recoñecemento de datos técnicos e económicos e de inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica das instalacións reguladas neste artigo realizarase de acordo co previsto no título III. O recoñecemento do réxime retributivo adicional das ditas instalacións aterase ao disposto no artigo 57.

6. Sen prexuízo do establecido no título VII, as instalacións de bombeo non incluídas nos supostos previstos neste artigo non terán dereito ao réxime retributivo adicional e percibirán pola súa enerxía vendida o réxime económico establecido no artigo 8.

#### *Sección 5.<sup>a</sup> Recoñecemento e revogación do réxime retributivo adicional.*

##### *Artigo 57. Recoñecemento do réxime retributivo adicional.*

1. Para contar co recoñecemento do réxime retributivo adicional, o titular da instalación deberá remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a documentación definida no anexo VIII.7 que acredite o cumprimento dos condicionados establecidos.

A falta de remisión da citada documentación nos prazos establecidos producirá a caducidade da resolución favorable de compatibilidade, e extinguirase o dereito á percepción do réxime retributivo adicional.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos, resolverá recoñecer o réxime retributivo adicional do grupo e, nos casos en que proceda, ditar de oficio a orde de cancelación da garantía ou, de ser o caso, da fracción da garantía correspondente. En caso contrario, resolverá desestimar a solicitude de recoñecemento do réxime retributivo adicional, e extinguirase o dereito á súa percepción.

3. Nos casos en que proceda a execución da garantía de acordo co previsto neste capítulo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas iniciará de oficio un procedemento cuxo obxecto será a execución da garantía ou fracción da garantía que corresponda.

4. A resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional aprobará, de ser o caso:

- a) O valor do investimento recoñecido a cada grupo i.
- b) A vida útil regulatoria durante a cal o grupo terá dereito a percibir o réxime retributivo adicional.
- c) A instalación tipo asignada necesaria para a determinación dos parámetros técnicos e económicos de liquidación.
- d) A potencia sobre a cal se recoñece o réxime retributivo adicional e, de ser o caso, o factor M definido no anexo VIII.5 que determine a minoración do réxime retributivo adicional derivada das desviacións entre a potencia neta inscrita no rexistro e a potencia autorizada.

5. O prazo para ditar e notificar a resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional do grupo será de tres meses. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas notificará a dita resolución ao interesado, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao órgano competente para autorizar a instalación e ao operador do sistema.

6. A resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional do grupo será requisito necesario para a aplicación ao dito grupo do réxime retributivo adicional regulado no presente real decreto.

O réxime retributivo adicional devindicarase desde o primeiro día do mes seguinte ao da inscrición do grupo con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

Durante o período de tempo comprendido entre o inicio do vertedura e a inscrición do grupo con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica o grupo percibirá, pola súa enerxía xerada, o réxime económico establecido no artigo 8.

O réxime retributivo adicional dos grupos aos cales se lles concedese novamente o dito réxime sen realizaren novos investimentos, ao ter finalizado a súa vida útil regulatoria, devindicarase desde o primeiro día do mes seguinte ao da finalización da extinta vida útil regulatoria. Até ese momento, as instalacións terán dereito á percepción do réxime retributivo adicional que viñan percibindo con anterioridade.

O réxime retributivo adicional polos novos investimentos sobre grupos inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica devindicarase desde o inicio da vida útil regulatoria do novo investimento, de acordo co establecido no anexo IV.

7. Durante o período de tempo comprendido entre a inscrición do grupo con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica e a aprobación da resolución de recoñecemento do réxime retributivo adicional, o grupo será liquidado pola súa enerxía xerada exclusivamente pola contía establecida no artigo 72.1.c)

8. Nos informes de cobertura da demanda, non se terá en conta a potencia daquelas instalacións cuxo réxime retributivo adicional fose extinguido ao abeiro do previsto neste artigo e no artigo 52, salvo que as ditas instalacións continúen dispoñibles e participen no despacho de produción.

#### Artigo 58. *Revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional.*

1. Se en calquera momento se constata o incumprimento dos condicionados e requisitos establecidos no artigo 52 e no anexo VIII, dos requisitos exixidos ás instalacións adjudicatarias do concurso definido no artigo 55 ou de calquera outro requisito exixido neste real decreto para a percepción do réxime retributivo adicional, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá iniciar o procedemento de revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional de acordo co previsto neste artigo.

2. Así mesmo, serán motivos para a revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional os seguintes:

a) Se, como consecuencia dunha inspección ou de calquera outro medio válido en dereito, queda constatado que non se manteñen as condicións que serviron para outorgar o réxime retributivo adicional.

b) Se en calquera momento se constata que existe falsidade nas declaracións responsables ou na restante documentación presentada á Administración con relación á percepción do réxime retributivo adicional.

c) O incumprimento das demais obrigacións e requisitos previstos neste real decreto.

3. A revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional producirase por instancia do interesado ou de oficio, logo de instrución dun procedemento que garantirá, en todo caso, a audiencia ao interesado.

O prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será de seis meses desde a data do acordo de iniciación ditado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicará a resolución de revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional á comunidade autónoma ou cidade autónoma afectada, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao operador do sistema.

4. A revogación do dereito á percepción do réxime retributivo adicional terá efectos desde a data en que non se cumprisen os requisitos para ter dereito á súa percepción e suporá, de ser o caso, a devolución das cantidades indebidamente percibidas cos xuros de demora correspondentes. Estas cantidades serán reintegradas e consideradas para a redución do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, todo isto sen prexuízo do réxime sancionador aplicable.

Para estes efectos, o operador do sistema calculará a contía correspondente á diferenza entre as cantidades percibidas e os dereitos de cobramento que terían correspondido á instalación se non fose perceptora de réxime retributivo específico ou adicional, calculado de acordo co previsto no artigo 8, e comunicarllo ao órgano encargado das liquidacións do sistema eléctrico, que procederá a liquidar, de ser o caso, as cantidades indebidamente percibidas.

5. Nos informes de cobertura da demanda non se terá en conta a potencia de aquelas instalacións cuxo réxime retributivo adicional fose revogado ao abeiro do previsto neste artigo, salvo que as ditas instalacións continúen dispoñibles e participen no despacho de produción.

## TÍTULO V

### **Adopción de medidas temporais e extraordinarias para garantir a seguridade de subministración**

*Artigo 59. Retribución por adopción de medidas temporais e extraordinarias para garantir a seguridade de subministración.*

1. Naqueles casos en que o operador de sistema poña de manifesto riscos de cobertura da demanda no curto prazo, a comunidade ou cidade autónoma afectada deberá, en virtude do establecido no artigo 7.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, solicitar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o recoñecemento das repercusións económicas para a adopción de medidas para a garantía da subministración con carácter previo á súa adopción.

Xunto coa solicitude, a comunidade ou cidade autónoma deberá indicar o período de tempo, a potencia necesaria, a localización dos grupos e, de ser o caso, a tecnoloxía necesaria para cubrir o risco de cobertura da demanda.

2. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo recoñeceranse, de ser o caso, as repercusións económicas que poidan derivar da adopción destas medidas extraordinarias para garantir a seguridade de subministración para unha potencia determinada, segundo as características técnicas e económicas aprobadas e por un período de tempo determinado.

3. A autorización administrativa previa da instalación por parte do órgano competente deberá ter en conta a orde indicada no punto anterior e terá unha duración limitada.

4. Estas instalacións non serán inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción, nin se incluírán para calcular a cobertura da demanda e só serán despachadas naqueles momentos en que exista risco certo para a seguridade da subministración, polo que non requirirán as resolucións de recoñecemento de datos técnicos ou económicos reguladas nos artigos 11 e 12.

5. A comunidade ou cidade autónoma á cal se lle recoñecesen as repercusións económicas que poidan derivar da adopción destas medidas extraordinarias para garantir a seguridade de subministración dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con carácter anual, da solicitude do titular da instalación de recoñecemento das ditas repercusións económicas, xunto cunha auditoría dos custos en que se incorrese. Para estes efectos, só se terán en conta aqueles custos e investimentos que respondan exclusivamente á xeración de enerxía eléctrica.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, aprobará, se procede, na resolución definida no artigo 72.3.e), a contía definitiva dos custos da instalación de grupos por adopción de medidas temporais e extraordinarias para garantir a seguridade de subministración.

A enerxía correspondente a estas instalacións e os seus custos integrarase como un servizo de axuste por garantía de subministración e seguridade en cada sistema.

O órgano encargado das liquidacións do sector eléctrico integrará nas súas liquidacións este custo como extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

## TÍTULO VI

### **Procedemento de despacho e liquidación da xeración.**

#### *Artigo 60. Despacho de produción.*

1. Ás instalacións de produción situadas nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares seralles de aplicación, sempre que estes territorios non se integren no mercado de produción peninsular, o establecido no presente real decreto relativo ao despacho de produción.

2. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 1623/2011, do 14 de novembro, polo que se regulan os efectos da entrada en funcionamento do enlace entre o sistema eléctrico peninsular e o balear, e se modifican outras disposicións do sector eléctrico para o sistema eléctrico illado Mallorca-Menorca parcialmente conectado coa península, establécese en cada un dos sistemas illados dos territorios non peninsulares un despacho por custos variables en que participarán as instalacións de produción, os comercializadores e consumidores directos, directamente ou a través dos seus representantes.

O despacho consistirá nunha programación semanal, diaria, intradiaria e de desvíos en tempo real, que dará como resultado unha programación final do despacho de produción.

3. O despacho de unidades de produción xestionarao o operador do sistema segundo unha orde de mérito económico dos custos variables de despacho dos grupos, tendo en conta as restricións técnicas de cada sistema, as particularidades no despacho de produción establecidas para as instalacións de bombeo, así como as reservas de potencia necesarias para garantir a calidade do servizo.

4. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerase un incentivo ao operador do sistema, positivo ou negativo, que fomente a eficiencia e calidade na xestión do despacho destes sistemas.

Para estes efectos, defínese un indicador de eficiencia na xestión do despacho e un indicador de calidade de servizo, así como un obxectivo mínimo de eficiencia e uns obxectivos mínimos de calidade, que se obterán de acordo co establecido no anexo IX.

As desviacións positivas ou negativas entre o indicador de eficiencia no ano  $n$  e o obxectivo mínimo de eficiencia para o dito ano derivadas da explotación real, e entre os indicadores de calidade de servizo e os obxectivos mínimos de calidade, serán a base de cálculo do incentivo, e consideraranse para incrementar ou diminuír a retribución do operador do sistema.

#### Artigo 61. *Custos variables de xeración para efectos de despacho.*

1. O custo variable de xeración para efectos de despacho de cada grupo será o custo que utilizará o operador do sistema na realización do despacho de unidades de produción.

De acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovable e, tras elas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, atendendo á definición prevista no artigo 2 do Real decreto 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración, xa sexan de categoría A ou de categoría B, terán prioridade de despacho en igualdade de condicións económicas, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e da seguridade do sistema establecidos neste real decreto.

2. Sen prexuízo do establecido no punto 5, o custo variable de xeración para efectos de despacho dos grupos da categoría A dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares que teñan recoñecido o réxime retributivo adicional está composto polos seguintes conceptos de custo:

- a) Custos variables de combustible de despacho.
- b) Custos de arranque de despacho.
- c) Custos variables de operación e mantemento de despacho.
- d) Custos de banda de regulación de despacho.
- e) Custo dos dereitos de emisión de despacho.
- f) Redución de custos variables por ingresos ou custos evitados alleos á produción eléctrica, de ser o caso. Naquelas tecnoloxías en que se estableza unha redución da retribución por ingresos alleos á produción eléctrica, o custo variable de xeración para efectos de despacho terá en conta unha redución de custos variables por ingresos alleos á produción eléctrica, nos termos que se establezan por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Para as instalacións de categoría B establécese un custo variable instrumental de despacho de 10 €/MWh producido. Este valor poderá actualizarse por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo en función da variación dos custos de explotación destas tecnoloxías.

4. Os custos variables de despacho das instalacións de categoría A que non teñan dereito á percepción do réxime retributivo adicional serán os valores que os titulares das ditas instalacións comuniquen ao operador do sistema para estes efectos.

5. Os custos variables de despacho das centrais cuxo réxime retributivo adicional fose outorgado ao abeiro dos concursos para instalación de nova capacidade establecidos nos artigos 55 e 56 serán os que se determinen na resolución do dito concurso.

#### Artigo 62. *Custos variables de combustible de despacho.*

Os custos variables de combustible de despacho de cada grupo  $i$ , para un período determinado, calcularanse como sumatorio dos custos variables de combustible de despacho do dito grupo en cada hora  $h$  do dito período.

Os custos variables de combustible de despacho de cada grupo xerador  $i$  en cada hora  $h$  do sistema eléctrico illado  $j$ ,  $C_{combD}(i,h,j)$ , expresado en €, calcularanse de acordo coa seguinte expresión:

$$C_{combD}(i,h,j) = [A(i) + B(i) * p(i,h,j) + C(i) * p^2(i,h,j)] * pr(i,h,j)$$

Onde:

$p(i,h,j)$ : potencia horaria prevista en MW en barras de central na hora  $h$  polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  en estado de marcha.

$A(i)$ ,  $B(i)$  e  $C(i)$ : datos técnicos de despacho, expresados en th/h, th/h.MW e th/h.MW<sup>2</sup>, respectivamente. Serán os coeficientes da curva de funcionamento segundo o nivel de carga e tomarán os valores incluídos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

$pr(i,h,j)$ : prezo medio da termia dos combustibles utilizados polo grupo  $i$  en estado de marcha do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$ , valorado en €/th PCI, calculado de acordo co indicado no artigo 40.

#### Artigo 63. Custos de arranque de despacho.

Os custos de arranque de cada grupo  $i$  son os asociados ao proceso polo cal o grupo pasa dun estado de marcha en condicións de carga mínima a outro estado de marcha nas mesmas condicións, cun estado intermedio de paro. Este concepto inclúe tanto o consumo de combustible como o custo adicional de operación e mantemento asociado ao arranque do grupo.

Os custos de arranque de despacho obtéñense de multiplicar os custos unitarios de arranque de despacho polo número de arranques do grupo.

Os custos unitarios de arranque de despacho dun grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$ ,  $CarD(i,j)$ , expresados en €/arranque, calcúlanse de acordo coa seguinte formulación:

$$CarD(i,j) = A'(i) * [1 - \exp(-t/B'(i))] * prar(i,j) + D(i)$$

Onde:

$t$ : tempo transcorrido desde a última parada, en horas.

$A'(i)$  e  $B'(i)$ : datos técnicos de despacho, expresados en th e h, respectivamente. Serán os coeficientes da curva de arranque de cada grupo  $i$  e tomarán os valores incluídos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

$D(i)$ : dato económico que reflicte os custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque, valorado en €/arranque. Será o aprobado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de acordo co establecido no artigo 12.

$prar(i,j)$ : prezo medio da termia dos combustibles utilizados polo grupo  $i$  en períodos de arranque parada, valorado en €/th PCI, calculado de acordo co indicado no artigo 40.

#### Artigo 64. Custos variables de operación e mantemento de despacho.

Os custos variables de operación e mantemento de despacho son os asociados aos custos das revisións programadas de cada grupo que se realizan en función das súas horas de funcionamento. Inclúense neste concepto os consumos de funxibles e aditivos.

Os custos variables de operación e mantemento de despacho dun grupo, expresados en euros, calcularanse para un período determinado como produto da enerxía xerada prevista medida en barras de central no dito período polos custos variables de operación e mantemento unitarios do grupo.

Os custos de operación e mantemento unitarios de despacho de cada grupo,  $O\&M_{VDi}$ , expresados en €/MWh, serán os aprobados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de acordo co establecido no artigo 12.



Artigo 65. *Custos de banda de regulación de despacho.*

Os custos de banda de regulación de despacho nunha hora, h, para cada grupo i do sistema j,  $C_{brD}(i,h,j)$ , serán o 1 por cento do custo variable de combustible de despacho,  $C_{combD}(i,h,j)$ , do grupo.

Artigo 66. *Custo dos dereitos de emisión de despacho.*

O custo dos dereitos de emisión de despacho dun grupo, expresado en euros, para un período determinado, calcularase como sumatorio do custo dos dereitos de emisión de despacho horario, ( $C_{CO2Dh}$ ).

O custo dos dereitos de emisión de despacho horario en euros é:

$$C_{CO2Dh} = p(i,h,j) * P_{CO2D} * fie$$

Onde:

$p(i,h,j)$ : potencia horaria prevista en MW en barras de central na hora h proporcionada polo grupo i do sistema eléctrico illado j en estado de marcha.

$P_{CO2D}$ : prezo dos dereitos de emisión de despacho, expresado en €/tCO<sub>2</sub>. O prezo dos dereitos de emisión de despacho será publicado polo operador do sistema e calcularase mensualmente como a media do prezo diario das poxas dos ditos dereitos no mercado secundario de dereitos de emisión da plataforma común celebradas no ano móbil precedente.

fie: factores de emisión establecidos no punto 4.a do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012, aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, ou norma que o substitúa.

Este custo non será de aplicación ás tecnoloxías non definidas no Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro vixente.

Artigo 67. *Funcións do operador do sistema.*

O operador do sistema, para a correcta xestión do despacho de produción, realizará as funcións seguintes:

- a) Calcular o custo variable de xeración para efectos de despacho das instalacións de produción, tendo en conta o establecido no artigo 61, e o custo dos servizos de axuste.
- b) Realizar as programacións semanais, diarias, intradiarias e finais do despacho de produción en cada sistema eléctrico illado, baseándose nos custos variables de xeración para efectos de despacho.
- c) Calcular a dispoñibilidade de cada grupo xerador que interveña no despacho de produción, verificar a potencia dispoñible e aprobar os plans de indispoñibilidade programada.
- d) Asegurar a cobertura da demanda en tempo real, xestionando as reservas de regulación e resolvendo as restricións técnicas que poidan existir.
- e) Calcular o custo de xeración de liquidación de cada grupo de acordo co indicado no artigo 72.3.a.
- f) Calcular o prezo final horario de xeración en cada sistema eléctrico illado, segundo o establecido no artigo 71, e publicalo na súa sede electrónica.
- g) Calcular a retribución por custos variables de xeración e a enerxía programada de cada grupo, para cada hora no primeiro, segundo e terceiro despachos da programación semanal, diaria, intradiaria e final.
- h) Informar a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas dos custos de xeración de liquidación e da enerxía programada de cada grupo para cada hora no primeiro, segundo e terceiro despachos da programación semanal, diaria, intradiaria e final, cunha periodicidade mensual para a retribución por custos variables e anual para a retribución por custos fixos. A información

estará desagregada en función de cada un dos compoñentes que determinan cada concepto de custo, con especificación do número de arranques de cada grupo.

i) Realizar a liquidación do despacho de produción e a comunicación dos pagamentos e cobramentos.

j) Verificar que as instalacións cumpren cos requisitos técnicos para poder estar dadas de alta no despacho e xestionar as garantías polas compras e vendas de enerxía dos suxeitos que interveñan en cada sistema eléctrico illado, de acordo co establecido na normativa de aplicación.

k) Comunicar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as liquidacións definitivas da enerxía adquirida polo conxunto da demanda de cada sistema eléctrico illado en cada hora, así como a enerxía xerada en cada hora por cada un dos grupos que participen no despacho de produción. Así mesmo, especificará os desvíos tanto de xeración como de demanda respecto ás previsións por unidade de programación.

l) Remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información relativa ao indicador de eficiencia e aos indicadores de calidade establecidos no artigo 60.

m) Revisar, coordinar e aprobar os plans de mantemento das instalacións de xeración e transporte, así como comunicar ás comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears e ás cidades de Ceuta e Melilla os seus plans correspondentes.

n) Elaborar e coordinar os plans de seguridade, emerxencia e reposición do servizo, entre outros.

ñ) Realizar calquera outra función que nestes sistemas lle asigne a normativa vixente.

*Artigo 68. Información que se deberá facilitar ao operador do sistema para o despacho de produción.*

1. As empresas produtoras de enerxía eléctrica comunicarán ao operador do sistema para cada un dos grupos de xeración, coa periodicidade prevista no artigo 69.2, a información necesaria para o exercicio das súas funcións que, ao menos, será a seguinte:

a) No caso dos grupos da categoría A:

1.º Dispoñibilidade horaria, incluíndo a indispoñibilidade por limitacións ambientais ou condicionantes adicionais no funcionamento dos xeradores para o horizonte de programación.

2.º Capacidade de contribución á potencia rodante de regulación primaria, secundaria e terciaria.

3.º Nos grupos de bombeo, adicionalmente á información anterior, remitirán as cotas e os volumes almacenados nos encoros.

4.º De ser o caso, as necesidades de modificación da mestura de combustible autorizada, segundo o previsto no artigo 40.

5.º Para as instalacións de coxeración, a potencia máxima que se entregará co mínimo consumo compatible co proceso industrial asociado, e mínima potencia que se entregará, compatible co proceso asociado ao funcionamento en réxime normal.

A información da potencia neta, o mínimo técnico ordinario e extraordinario, as ramplas de subida e baixada de potencia, os tempos de arranque, as curvas de arranque de despacho, as curvas de custos variables de combustible de despacho, os custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque de despacho e os custos de operación e mantemento unitarios de despacho de cada grupo, utilizada polo operador do sistema para levar a cabo o despacho de produción será a que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Os titulares das instalacións de produción deberán comunicar ao operador do sistema as modificacións autorizadas que se produzan no dito rexistro.

- b) No caso de instalacións da categoría B:
- 1.º Disponibilidade horaria.
  - 2.º Potencia neta ou, para aquelas instalacións para as cales non se definise a dita potencia na normativa, a potencia instalada definida no artigo 3 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.  
A potencia neta será a aprobada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Para os casos en que sexa necesario, tomarase a potencia instalada incluída no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.
  - 3.º Os programas horarios previstos para o horizonte de programación.
2. Os comercializadores, os consumidores directos e os xeradores para o seu consumo de servizos auxiliares, cando o saldo neto sexa comprador nesa hora, que actúen en cada sistema eléctrico illado deberán comunicar ao operador do sistema as súas previsións de demanda para cada período de programación horario no horizonte de programación.
3. O operador do sistema poderá establecer os medios adecuados para o intercambio de información, que serán publicados na súa sede electrónica.

Artigo 69. *Procedemento de despacho da xeración.*

1. O operador do sistema programará os grupos hidráulicos non fluentes, co obxectivo de lograr a optimización económica do sistema a longo prazo. Para iso incorporárase como dato de entrada a información proveniente do valor da auga nos encoros.

2. Programación semanal, diaria e intradiaria:

O operador do sistema realizará unha programación semanal dos grupos para cada un dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares, que será redefinida en programacións diarias e intradiarias.

Os desvíos xeración-demanda previstos polo operador do sistema ou comunicados polos suxeitos dentro do propio día, cun horizonte superior a dúas horas, darán lugar á programación intradiaria. A programación intradiaria comunicáraselles aos suxeitos afectados cunha antelación superior a unha hora. As modificacións do despacho diario deberán ser xustificadas polo operador do sistema.

As programacións realizaranse partindo da programación dos grupos de bombeo e dos grupos hidráulicos non fluentes indicados no punto anterior, así como dos datos indicados no artigo 68, que serán comunicados ao operador do sistema polos suxeitos cunha periodicidade semanal para a programación semanal, diaria para a programación diaria e, de ser o caso, horaria para a programación intradiaria. Os citados datos deberán ser remitidos un día antes para a programación semanal e diaria e ao menos dúas horas antes para a intradiaria.

3. As programacións indicadas no punto anterior serán o resultado de aplicar o procedemento de despacho definido no anexo X, que incluirá:

- a) Un primeiro despacho, realizado con criterio exclusivamente económico.
- b) Un segundo despacho, realizado con criterio económico e de seguridade.
- c) Un terceiro despacho, tendo en conta as posibles restricións impostas pola rede de transporte.

Nos sistemas eléctricos illados conectados coa Península, a enerxía que circule a través dos ditos enlaces será integrada no respectivo despacho de produción segundo o establecido na normativa de aplicación.

4. Resolución de desvíos xeración-demanda en tempo real.

Os desvíos en tempo real resolveraos o operador do sistema facendo uso das asignacións de reserva de regulación secundaria e terciaria.

5. A programación final do despacho de produción será a resultante dos axustes necesarios realizados sobre o terceiro despacho de produción diario e, de ser o caso, intradiario, como consecuencia da resolución dos desvíos en tempo real definidos no punto anterior.

*Artigo 70. Cálculo do prezo de adquisición da demanda.*

1. Os comercializadores, os consumidores directos e os xeradores para o seu consumo de servizos auxiliares cando o saldo neto sexa comprador nesa hora e, de ser o caso, os representantes adquirirán a enerxía horariamente no despacho de produción ao prezo horario de adquisición da demanda  $Ph_{\text{demanda}}(j)$ , expresado en €/MWh, definido no anexo I.

2. Adicionalmente ao prezo de adquisición antes definido, engadiranse os custos de desvíos en que incorran os ditos suxeitos, os custos por mecanismos de capacidade, os custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e os custos para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema, nos termos previstos no anexo XI, así como aqueles que se establezan regulamentariamente.

*Artigo 71. Cálculo do prezo final horario de xeración e do extracusto nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares.*

1. O prezo final horario de xeración de cada sistema illado,  $Ph(j)$ , estará determinado polo cociente entre a suma dos custos de servizos de axuste e de xeración das centrais situadas no dito sistema illado e o total da enerxía por elas xerada, medida en barras de central.

Os custos de xeración e de servizos de axuste calcularanse considerando os seguintes conceptos:

a) Os custos de xeración de liquidación obtidos de aplicar o réxime retributivo adicional definido no artigo 18 a todas as centrais de categoría A con dereito ao dito réxime retributivo.

b) Os custos de xeración definidos no artigo 7 para as instalacións con dereito á percepción do réxime retributivo específico.

c) Os custos de xeración definidos nos puntos 1 e 2 do artigo 8 das centrais que participen no despacho de produción que non teñan recoñecido ningún réxime retributivo adicional ou específico.

d) Os custos dos servizos de axuste.

2. O extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares será a suma do extracusto de xeración en cada un dos sistemas illados dos ditos territorios non peninsulares, que estará determinado pola diferenza entre os custos de xeración e de servizos de axuste referidos no punto anterior e os ingresos remanentes derivados da adquisición de enerxía por parte da demanda, unha vez descontados os conceptos con destino específico, de acordo co establecido no artigo 72.1.a.

*Artigo 72. Procedemento de liquidacións.*

1. Para a liquidación da enerxía en cada un dos despachos de produción dos territorios non peninsulares, o operador do sistema procederá de acordo co establecido neste artigo e no anexo XI:

a) Os ingresos obtidos no despacho de produción procedentes da demanda que teñan un destino específico, tales como os custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, os custos para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema e aqueloutros que se poidan establecer, serán descontados do total dos ingresos obtidos no despacho procedentes da demanda.

b) O operador do sistema liquidará cos ingresos remanentes que se obteñan tras detraer os ingresos con destino específico, de acordo co previsto no parágrafo anterior, os grupos xeradores que operen nestes sistemas e que non que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional ou específico, ao réxime económico establecido no artigo 8.

c) Unha vez realizado o anterior, o operador do sistema liquidará o resto de ingresos entre as instalacións de produción que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional ou específico proporcionalmente á súa enerxía xerada medida en barras de central.

O operador do sistema calculará e publicará as liquidacións mensuais do despacho de produción e os seus avances diarios, coa periodicidade, frecuencia e condicións xerais establecidas nos procedementos do sistema de liquidacións e garantías de pagamento dos sistemas eléctricos non peninsulares.

2. Conforme o establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 24/2013, do 26 de decembro, os extracustos derivados da actividade de produción de enerxía eléctrica, cando se desenvolvan nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares, serán financiados nun 50 por cento con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

A contía consignada nos orzamentos xerais do Estado para a compensación do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares liquidarase de acordo co establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, polo que se regula o procedemento de elaboración de orzamento, recoñecemento, liquidación e control dos extracustos da produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

A contía para compensar o extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares con cargo ao sistema eléctrico liquidarase de acordo co establecido neste artigo.

3. Para cada ano natural, para os efectos da liquidación do extracusto de xeración, seguirase o procedemento recollido a continuación:

a) O operador do sistema calculará:

1.º) Os custos de xeración de liquidación obtidos de aplicar o réxime retributivo adicional definido no artigo 18 a todas as centrais de categoría A con dereito ao dito réxime retributivo, sen aplicar a corrección por factura de combustible definida no artigo 31.

2.º) O concepto definido nas alíneas a) e c) do artigo 7.1 dos dereitos de cobramento das instalacións de categoría B que teñan recoñecido un réxime retributivo específico, así como os custos de desvíos en que incorran as ditas instalacións.

3.º) Así mesmo, publicará as liquidacións definitivas do despacho de produción realizadas polo dito operador a cada unha das unidades de programación de produción que integren as citadas instalacións correspondente aos 12 meses do ano n nun prazo máximo dun mes contado a partir da publicación do peche de medidas definitivas.

b) O operador do sistema remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para cada ano natural, a información indicada na alínea a) anterior, tanto de custos de xeración e de servizos de axuste como de liquidacións definitivas, nun prazo non superior a tres meses desde a publicación da liquidación de despacho definitiva.

c) Os titulares das centrais que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional solicitarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que aprobe a contía definitiva dos custos de xeración de liquidación para as súas instalacións, no prazo máximo dun mes desde a publicación por parte do operador do sistema das liquidacións con base en medidas definitivas. Esta solicitude irá acompañada da información requirida no presente real decreto e será remitida á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para informe.

d) O organismo encargado das liquidacións do sector eléctrico calculará os dereitos de cobramento definidos na alínea b) do artigo 7.1, correspondentes a cada unha das

instalacións xeradoras que teñan recoñecido o réxime retributivo específico realizadas con medidas definitivas, así como o resto de conceptos establecidos no presente real decreto.

e) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e logo de informe favorable da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, aprobará a contía definitiva dos custos de xeración de liquidación para as centrais que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional, así como a contía dos custos de xeración das instalacións que teñan recoñecido un réxime retributivo específico, a contía dos custos dos servizos de axuste e a contía do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares definido no artigo 71.2, así como a desviación entre o extracusto recoñecido e a compensación que fose entregada á conta por este concepto, diferenciando as partidas con cargo a orzamentos xerais do Estado e ao sistema eléctrico.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aplicará na súa proposta a corrección por factura de combustible definida no artigo 31, calculará a retribución por outros custos operativos, tendo en conta a documentación que acredite o pagamento do imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica derivados da aplicación da Lei 15/2012, do 27 de decembro, e integrará os dereitos de cobramento definidos no artigo 7.1 b) correspondentes ás instalacións xeradoras que teñan recoñecido o réxime retributivo específico aos cálculos realizados polo operador do sistema de acordo co establecido no punto 3.a).

f) Unha vez emitida a resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, o organismo encargado da liquidación do sector eléctrico liquidará a desviación entre o extracusto recoñecido e a compensación que fose entregada á conta por este concepto de acordo co establecido no Real decreto 680/2014, do 1 de agosto, e na normativa de liquidacións do sector eléctrico.

4. Con carácter mensual, realizaranse liquidacións provisionais á conta da definitiva polo organismo encargado da liquidación do sector eléctrico, de acordo co establecido na normativa reguladora do procedemento de liquidación e co establecido neste punto.

a) O operador do sistema calculará os custos definidos nos punto 3.a).1º e 3.a).2º e publicará as liquidacións mensuais do despacho de produción realizadas polo dito operador a cada unha das unidades de programación de produción que integren as citadas instalacións.

Así mesmo, remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información indicada no parágrafo anterior.

b) En cada liquidación mensual o organismo encargado da liquidación do sector eléctrico aboará con cargo ao sistema eléctrico, para cada empresa xeradora, a contía correspondente á diferenza entre a retribución acumulada até ese mes, a contía liquidada no despacho de produción polo operador do sistema e a contía con cargo aos orzamentos xerais do Estado correspondente aos mesmos meses, conforme o previsto no artigo 4.a) do Real decreto 680/2014, do 1 de agosto.

En todo caso, a contía con cargo ao sistema eléctrico non poderá superar a parte proporcional acumulada da cantidade prevista na orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo que aprobe as peaxes de acceso de enerxía eléctrica do correspondente ano.

## TÍTULO VII

### **Réxime económico e administrativo das instalacións de bombeo asignadas ao operador do sistema nos territorios non peninsulares**

*Artigo 73. Definición das instalacións de bombeo asignadas ao operador do sistema nos territorios non peninsulares.*

As instalacións de bombeo asignadas ao operador do sistema conforme o establecido no artigo 5 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, serán consideradas, para todos os efectos,



activos pertencentes á actividade de operación do sistema e, por tanto, non se inscribirán no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica e á súa produción non lle serán de aplicación as peaxes de xeración.

Artigo 74. *Procedemento de asignación da titularidade.*

1. Cando se detecte a necesidade de instalar bombeos nun sistema eléctrico illado por garantía da subministración, seguridade do sistema ou integración de enerxías renovables non xestionables, o operador do sistema solicitará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas xunto cun informe xustificativo para o efecto.

Neste informe, tomando como base as instalacións de xeración existentes, as instalacións de transporte existentes e planificadas e a demanda prevista, valorarase tecnicamente a oportunidade de instalar unha central de bombeo e realizaranse diferentes escenarios de implantación de enerxías renovables conforme establece o anexo VII.3. Así mesmo, o informe incluírá unha proposta dos valores do investimento da instalación, dos valores unitarios de operación e mantemento variable e dos valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos da instalación.

2. Tras a recepción do informe definido no punto anterior, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo solicitará informe á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Este informe analizará a oportunidade de instalar bombeos nun sistema eléctrico illado por garantía da subministración, seguridade do sistema ou integración de enerxías renovables non xestionables tendo en conta todos os datos dispoñibles e, en particular, os diferentes escenarios propostos polo operador do sistema e analizaralos desde un punto de vista económico e de afección aos custos do sistema eléctrico, de acordo co establecido no anexo VII.3.

3. Así mesmo, tras a recepción do informe definido no punto 1, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo solicitará informe á comunidade autónoma ou cidade autónoma afectada, que deberá ser emitido no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, para que, no exercicio das súas competencias, analice os diferentes escenarios previstos.

4. Tendo en conta os informes definidos nos puntos anteriores, o Consello de Ministros declarará, de ser o caso, que a instalación de bombeo proposta sexa de titularidade do operador do sistema, ao ter como finalidade principal a garantía da subministración, a seguridade do sistema e a integración de enerxías renovables non xestionables nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares.

Unha vez declarada polo Consello de Ministros a necesidade de instalar bombeos de titularidade do operador do sistema conforme o establecido no artigo 5 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo aprobaranse a potencia da instalación, as particularidades da súa retribución e os seguintes parámetros retributivos:

- a) O valor do investimento da instalación no ano da súa posta en servizo,  $VI_i$ , diferenciando os investimentos con distinta vida útil regulatoria. Este valor de investimento terá a consideración, de ser o caso, de valor estándar do investimento da instalación.
- b) O valor unitario de operación e mantemento variable.
- c) O valor unitario da anualidade de custos de operación e mantemento fixos.

En ningún caso se poderán aprobar valores do investimento da instalación, valores unitarios de operación e mantemento variable nin valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos da instalación que sexan superiores aos especificados na proposta remitida polo operador do sistema, ao abeiro do previsto no punto 1.5. Se, transcorrido un período superior a un ano desde a aprobación da orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo de fixación de parámetros retributivos, non se ditase autorización administrativa e se producisen circunstancias ou feitos que alterasen as condicións baixo as cales se ditou a citada orde, o operador do sistema poderá solicitar a modificación de tales parámetros.

Para tal efecto, o operador do sistema remitirá solicitude motivada e, de ser o caso, presentará unha nova proposta de valor de investimento, de valor unitario de operación e mantemento variable e de valor unitario da anualidade de custos de operación e mantemento fixos.

**Artigo 75. Réxime de autorización.**

1. Ás instalacións de bombeo que sexan asignadas ao operador do sistema nos territorios non peninsulares, de acordo co establecido neste título, seranlles de aplicación os dereitos de acceso e conexión, así como o réxime de autorizacións administrativas establecidas para o resto de instalacións de bombeo.

2. Cando a competencia para a autorización destas instalacións sexa da comunidade ou cidade autónoma, esta deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a data da autorización de explotación da instalación, e remitirá copia de todas as autorizacións outorgadas pola citada comunidade ou cidade autónoma.

**Artigo 76. Réxime de funcionamento.**

A enerxía correspondente a estas instalacións de bombeo integrarase como un servizo de axuste por garantía de subministración e seguridade en cada sistema.

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, fixaranse os criterios de explotación destas instalacións para a súa integración nos servizos de axuste. Para estes efectos, o operador do sistema solicitará comentarios aos representantes de todos os suxeitos que actúen no sistema definidos no artigo 6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e propondrá os criterios de explotación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, xunto co citado informe dos suxeitos.

Mensualmente, o operador do sistema informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia sobre a aplicación destes criterios no funcionamento das citadas instalacións de bombeo en cada sistema.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia realizará, anualmente, un informe en que se analice a aplicación da orde que fixe os criterios de explotación destas instalacións para a súa integración nos servizos de axuste e que, de ser o caso, propoña modificacións na citada norma, de tal forma que se salvagarde a independencia do operador do sistema no seu labor de xestor da rede de transporte de electricidade.

**Artigo 77. Réxime retributivo.**

No prazo máximo de seis meses desde a data da autorización de explotación da instalación, o operador do sistema deberá solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o recoñecemento do seu réxime retributivo.

A esta solicitude deberáselle xuntar a auditoría sobre o investimento realizada, así como a documentación que considere necesaria para fixar a súa retribución. En calquera caso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá solicitar ao operador do sistema a información adicional que considere necesaria.

Na citada resolución aprobarase:

- a) O valor do investimento recoñecido ao grupo i, calculado, de ser o caso, segundo o establecido no artigo 26.
- b) A vida útil regulatoria durante a cal a instalación terá dereito a percibir a retribución prevista neste título.

**Artigo 78. Procedemento de liquidación.**

O operador do sistema declarará, nas súas liquidacións e de forma separada, os custos destas instalacións. O órgano encargado das liquidacións do sector eléctrico

integrará nas súas liquidacións este custo como extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares.

Disposición adicional primeira. *Primeiro período regulatorio.*

1. De acordo co establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro, o primeiro período regulatorio iniciárase no momento da entrada en vigor do presente real decreto e finalizará o 31 de decembro de 2019.

2. A taxa de retribución financeira que se aplicará a todas as instalacións dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares de categoría A que teñan retribución por investimento durante o primeiro período regulatorio corresponderase co rendemento medio das cotizacións no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos dos meses de abril, maio e xuño de 2013, incrementada en 200 puntos básicos, de conformidade coa disposición adicional décima.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e quedará fixada en 650,3 puntos básicos.

3. De acordo co anterior, o valor da anualidade da retribución por investimento para o ano 2015 ( $CI_n$ ) das instalacións que teñen recoñecido o valor do investimento no momento da entrada en vigor do presente real decreto será, desde a súa entrada en vigor, a establecida no anexo XII.1

Disposición adicional segunda. *Valores unitarios de investimento do primeiro período regulatorio.*

1. Durante o primeiro período regulatorio, o investimento previsto para o cálculo das garantías definidas no artigo 50 obterase de multiplicar a potencia neta proxectada do grupo polos valores unitarios máximos fixados no anexo XII.2. Nas tecnoloxías non indicadas no citado anexo, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, aprobaranse os valores unitarios de referencia definidos no artigo 26.

2. O valor do investimento que se recoñeza, de ser o caso, ás instalacións con autorización de explotación definitiva de data posterior á entrada en vigor deste real decreto, e durante o primeiro período regulatorio, será establecido da seguinte forma:

a) O valor do investimento recoñecido ao grupo i será o valor real do investimento, realizado debidamente auditado, máis o 50 por cento da diferenza entre o límite máximo e o dito valor real, cando este sexa inferior ao límite.

b) O límite máximo determinarase multiplicando a potencia neta do grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica polo valor unitario máximo que lle corresponda de acordo co establecido no anexo XII.2.

Se a citada diferenza for negativa, o valor recoñecido do investimento realizado será o que resulte de multiplicar a potencia neta inscrita polo valor unitario máximo fixado no citado anexo.

O procedemento para determinar o valor do investimento recoñecido dos grupos cuxa tecnoloxía non estea recollida no anexo XII.2 establecerase mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición adicional terceira. *Valores unitarios da anualidade dos custos de operación e mantemento fixos do primeiro período regulatorio.*

Os valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos da instalación tipo definidos no artigo 29 que se aplicarán durante o primeiro período regulatorio serán os establecidos no anexo XII.3, sen factor de corrección.

Os valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos e os factores de corrección que se aplicarán aos grupos cuxa instalación tipo non estea prevista no anexo XII.3 estableceranse mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición adicional cuarta. *Retribución por custos variables durante o primeiro período regulatorio.*

1. Os parámetros técnicos de liquidación, a, b e c das instalacións tipo, aplicables durante o primeiro período regulatorio, son os establecidos no anexo XII.4.
2. Os parámetros a'(i), b'(i) das instalacións tipo, aplicables durante o primeiro período regulatorio, son os establecidos no anexo XII.5.
3. A retribución por custos variables de operación e mantemento de funcionamento definida no artigo 35.1 calcularase, no primeiro período regulatorio, a partir dos valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación das instalacións tipo definidos no anexo XII.6.
4. Os parámetros económicos «d» das instalacións tipo, aplicables durante o primeiro período regulatorio, son os establecidos no anexo XII.7.
5. Os valores dos parámetros técnicos e económicos de liquidación das instalacións tipo que non estean recollidos nos citados anexos definiranse mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición adicional quinta. *Liquidación dos exercicios 2012, 2013 e 2014.*

O operador do sistema calculará os custos de xeración de liquidación definidos no artigo 71 para cada un dos grupos en cada territorio non peninsular, para os anos 2012, 2013 e 2014, aplicando a metodoloxía e parámetros establecidos na disposición transitoria sétima e comunicarllos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional sexta. *Mandatos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía unha proposta de valores unitarios de referencia para o cálculo do valor estándar de investimento, e de datos técnicos e económicos que determinan os custos fixos e variables de xeración de despacho e de parámetros técnicos e económicos da instalación tipo aplicables ás instalacións de produción compostas por turbinas de gas que comparten alternador.
2. Así mesmo, no prazo dun ano desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía:
  - a) Unha proposta de custos de loxística dos combustibles en cada un dos sistemas eléctricos illados, xunto cun estudo que os xustifique. Á vista da dita proposta, por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio revisaranse os custos de loxística establecidos na disposición transitoria terceira.5.
  - b) Unha proposta de incentivo ao operador do sistema e unha proposta de obxectivos mínimos de calidade (OCSNIEPI, OCSTIEPI,) para cada sistema illado j segundo a definición do anexo IX, para os efectos do establecido no artigo 60.

Disposición adicional sétima. *Mandatos ao operador do sistema.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o operador do sistema deberá remitir á Secretaría de Estado de Enerxía:
  - a) Unha proposta de procedemento de proba de mínimo técnico ordinario e extraordinario das centrais segundo a definición dada na disposición adicional segunda da Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial.

b) Unha proposta de procedemento de probas de rendemento para a determinación dos datos técnicos dos custos variables das instalacións de produción compostas por turbinas de gas que comparten alternador, pertencentes aos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, de forma que se teña en conta a influencia mutua que se produce no funcionamento destas turbinas debido á dita configuración.

c) Unha proposta de perfís aplicables aos consumidores que non dispoñan de medida horaria en cada territorio non peninsular.

d) Unha proposta dos períodos horarios e dos factores de estacionalidade que se aplican para determinar o valor da retribución por custo horario fixo para cada grupo nunha hora concreta.

e) Unha proposta da metodoloxía para obter o prezo da enerxía na hora *h* que se considerará na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor en cada territorio non peninsular, de acordo co establecido na disposición derradeira cuarta.

f) Para os efectos do establecido no artigo 60.4, o operador do sistema informará a Secretaría de Estado de Enerxía e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia do consumo específico de cada grupo xerador para cada hora do mes, en termias por quilovatio hora producido, e do consumo específico estimado dos ditos grupos, en termias por quilovatio hora, tendo exclusivamente en conta a enerxía despachada para cubrir a demanda, isto é, sen ter en conta as reservas de potencia, regulación, control de tensión, previsión de desvíos nos programas de xeración e en demanda e restricións de redes, para os anos 2012, 2013 e 2014.

Así mesmo, o operador do sistema informará a Secretaría de Estado de Enerxía e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia do número de interrupcións imprevistas superiores a 3 minutos asociadas a xeración e da duración das ditas interrupcións por mes, durante os anos 2012, 2013 e 2014.

2. O operador do sistema deberá remitir igualmente, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto:

a) Unha metodoloxía para a elaboración dos informes de cobertura da demanda, do informe de necesidade de bombeos e para a determinación da potencia necesaria proposta, a potencia adicional proposta e as necesidades especiais de dispoñibilidade de equipamentos de xeración, no cal inclúa o método estatístico utilizado e as variables que se deben ter en conta, de tal forma que se garanta que o dito cálculo se pode replicar. Esta metodoloxía deberá cumprir o indicado no anexo VII.

b) O primeiro informe anual de cobertura da demanda, sen prexuízo dos prazos establecidos no artigo 44.

3. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, o operador do sistema remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía:

a) Un certificado coa relación dos grupos que, estando inscritos con carácter provisional no Rexistro administrativo de instalacións de produción do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, cumpren cos requisitos técnicos para poder estar dado de alta no despacho e cos procedementos do sistema de liquidacións e garantías de pagamento que rexen nestes sistemas, co obxecto de que se inscriban con carácter definitivo no citado rexistro aqueles grupos que cumpran os requisitos establecidos.

b) Unha proposta de modificación dos procedementos de operación dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, cuxo contido sexa necesario adaptar para recoller as modificacións introducidas polo presente real decreto. Esta proposta incluírá o prazo necesario para adaptar os sistemas de información do operador do sistema e dos suxeitos.

4. No prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto, o operador do sistema remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía:

a) A relación de grupos que constitúen cada central de xeración nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares, entendendo por central aquela cuxos grupos comparten liña de evacuación e puntos de conexión.

b) Unha proposta de procedemento de liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares que desenvolva os principios introducidos por este real decreto.

Disposición adicional oitava. *Instalacións de produción que finalizasen a súa vida útil.*

1. Os titulares de instalacións de produción que, tendo finalizado a súa vida útil regulatoria no momento da entrada en vigor deste real decreto, segundo a súa definición dada na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, continúen en explotación deberán solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que se lles outorgue novamente o réxime retributivo adicional no prazo de dous meses desde a publicación da primeira resolución do secretario de Estado de Enerxía pola que se efectúe a convocatoria para o outorgamento de resolución favorable de compatibilidade e estableza a potencia necesaria a que se refire a disposición transitoria primeira.2.

Aquelas instalacións que non soliciten que se lles outorgue novamente o réxime retributivo adicional no prazo establecido perderán, desde ese momento, o dereito ao réxime retributivo adicional e percibirán pola súa enerxía xerada o réxime económico establecido no artigo 8.

O procedemento para o outorgamento, de ser o caso, da resolución de favorable compatibilidade será o establecido na citada disposición transitoria primeira, coas particularidades previstas nos artigos 53 e 54 para as instalacións que realizan novos investimentos e que finalizan a súa vida útil regulatoria, respectivamente.

2. Para estes efectos, os titulares das instalacións de produción que finalizasen a súa vida útil deberán remitir, xunto coa solicitude, os novos investimentos que, de ser o caso, realizen desde o 1 de xaneiro de 2012, debidamente auditados.

3. Aquelas instalacións que non obteñan a resolución favorable de compatibilidade deixarán de ter dereito a percibir o réxime retributivo adicional, desde a data da resolución e percibirán pola súa enerxía xerada o réxime económico establecido no artigo 8.

4. Se o informe anual de cobertura da demanda establecido na disposición adicional sétima.2.b) pon de manifesto que non é necesaria potencia adicional nun sistema eléctrico illado, non se convocará o procedemento de concorrencia competitiva e as instalacións de produción que finalizasen a súa vida útil perderán o dereito ao réxime retributivo adicional e percibirán pola súa enerxía xerada o réxime económico establecido no artigo 8. A perda do dereito ao réxime retributivo adicional será declarada polo director xeral de Política Enerxética e Minas mediante resolución desfavorable de compatibilidade, logo de trámite de audiencia.

5. Desde que entre en vigor o presente real decreto e até que produza efectos a resolución de compatibilidade, os titulares das instalacións percibirán a retribución por custos variables de xeración e a retribución por operación e mantemento fixo definida no título IV deste real decreto.

Disposición adicional novena. *Remisión de información.*

1. Os suxeitos que realicen calquera das actividades con retribución regulada, de acordo co disposto no presente real decreto e nas súas normas de desenvolvemento, deberán facilitar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información que lles sexa requirida por estes para o exercicio das súas funcións, en formato electrónico que permita o tratamento dos datos en folla de cálculo e co detalle que se estableza por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas ou mediante circular da citada comisión.

En particular, deberán facilitar a información relativa ás condicións que determinaron o outorgamento das súas retribucións, así como a información relativa aos custos que sexa necesaria para o adecuado establecemento e revisión destes.

2. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os titulares de instalacións de produción nos territorios non peninsulares deberán remitir á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia os valores auditados a partir do 1 de xaneiro



de 2011, definidos na Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 1 de decembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a realización de auditorías dos grupos de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, incluíndo ademais o detalle das marxes engadidas polas operacións intragrupo.

3. A información económica auditada que se remita en virtude das resolucións vixentes que establezan os criterios para a realización de auditorías dos grupos de xeración nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares detallarán os gastos e as comisións que a empresa do grupo engade, de ser o caso, ao custo das facturas dos provedores para as operacións realizadas con outras empresas do grupo, en particular, os aprovisionamentos de combustible.

Disposición adicional décima. *Retribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica con réxime económico primado outorgado con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, e das instalacións con réxime retributivo específico, ao abeiro da disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.*

1. Ás instalacións que, no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, tivesen dereito a un réxime económico primado, así como a aquelas ás cales lles sexa outorgado o réxime retributivo específico ao abeiro da disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, non lles serán de aplicación os conceptos retributivos do réxime económico previstos no artigo 7.1.

Estas instalacións percibirán os seguintes conceptos retributivos:

a) O produto da enerxía vendida na hora *h* medida en barras de central polo grupo xerador polo prezo resultante de calcular a media ponderada do prezo marxinal horario do mercado diario e dos prezos marxinais horarios de cada unha das sesións do mercado intradiario.

b) De ser o caso, o réxime retributivo específico establecido no título IV do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

c) De ser o caso, as contraprestacións económicas que se establezan pola súa participación nos servizos de axuste destes sistemas.

2. Para efectos do cálculo do prezo horario de xeración de cada sistema eléctrico illado definido no artigo 7.1 deste real decreto, para as instalacións definidas no punto anterior aplicaranse, en lugar dos custos de xeración definidos no artigo 7, os establecidos nos puntos a) e b) anteriores.

Disposición adicional décimo primeira. *Conformidade co ordenamento comunitario.*

O réxime retributivo e o procedemento de despacho previstos nos títulos IV, VI e VII, e nas correspondentes disposicións da parte final deste real decreto quedarán subordinados na súa plena e definitiva eficacia á inexistencia de obxeccións por parte da Comisión Europea no que á súa compatibilidade co ordenamento comunitario concirne.

Disposición adicional décimo segunda. *Comunicación e notificación por vía electrónica.*

1. Conforme o previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes, os escritos e as comunicacións relativos aos distintos procedementos relacionados no punto 2 presentaranse exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Esta obrigação comprenderá a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos, de conformidade cos artigos 32.1 e 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de

novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que se realizará mediante comparecencia electrónica na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, accesible polos interesados mediante certificado electrónico.

Naqueles casos en que sexa obrigatoria a comunicación a través de medios electrónicos e non se utilicen tales medios, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda, e advertirá que, de non ser atendido o requirimento, se considerará que o interesado desiste da súa petición de acordo co disposto no artigo 32.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, e carecerá de validez ou eficacia aquela comunicación en que tivese lugar tal incumprimento.

2. Os procedementos administrativos aos cales resultará de aplicación o disposto no punto anterior son os seguintes:

a) Procedementos de inscrición, modificación e cancelación no Rexistro de réxime retributivo específico definido no artigo 27 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, así como calquera outro procedemento regulado na normativa de aplicación relacionados co dito rexistro e co réxime retributivo específico.

b) Procedementos de inscrición, modificación e cancelación no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica definido no artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

c) Calquera procedemento relativo á actividade de comercialización de enerxía eléctrica e xestores de carga regulados na normativa de aplicación, entre os cales se encontran os de comunicación de inicio da actividade e declaración responsable, modificación das anteriores e cesamento no desempeño da actividade. No caso dos comercializadores de enerxía eléctrica, procedementos relativos ao envío de información sobre consumidores finais de electricidade en aplicación da Orde ITC/606/2011, do 16 de marzo, pola que se determina o contido e a forma de remisión da información sobre os prezos aplicables aos consumidores finais de electricidade ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como os procedementos relativos á extinción da habilitación para exercer como comercializador de enerxía eléctrica e traspaso de clientes a un comercializador de referencia.

Para estes efectos, os anexos cos modelos correspondentes de comunicación e de declaración responsable estarán dispoñibles para a súa formalización e envío por vía electrónica na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

d) Remisión de información relativa á calidade do servizo que, de acordo coa normativa estatal establecida, deban ser remitidos polas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica.

e) Calquera procedemento de solicitude de autorización de configuracións de medida que precisen de autorización, de acordo coa normativa de aplicación.

f) Calquera procedemento relativo ás solicitudes de exención de aplicación das peaxes de acceso en virtude do establecido no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

g) Calquera procedemento relativo á solicitude de recoñecemento do réxime retributivo adicional regulado no presente real decreto.

h) Os recursos administrativos e as solicitudes de revisión de oficio que poidan derivar dos procedementos anteriormente citados.

i) As reclamacións de responsabilidade patrimonial do Estado de competencia do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que poidan derivar da aplicación da regulación do sector eléctrico.

Disposición transitoria primeira. *Resolución da primeira convocatoria do procedemento de outorgamento da resolución de compatibilidade das instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios non peninsulares.*

1. Quedan exceptuadas da aplicación do disposto nos artigos 47, 48, 49, 51 e 52 deste real decreto as instalacións definidas na disposición transitoria primeira.1 da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, e na disposición adicional décimo novena da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Non obstante o anterior, si resultarán aplicables estes artigos para o recoñecemento de novos investimentos ou para que lles sexa outorgado novamente o réxime retributivo adicional cando vaian finalizar a súa vida útil regulatoria.

2. Se o informe anual de cobertura da demanda establecido na disposición adicional sétima.2.b pon de manifesto que existe un risco de falta de cobertura no horizonte da análise nun sistema eléctrico illado, o secretario de Estado de Enerxía convocará, mediante resolución, un procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade.

Na dita resolución do secretario de Estado de Enerxía establecerase a potencia prevista adicional que debe ser instalada, de ser o caso, para asegurar a cobertura da demanda en cada un dos sistemas eléctricos illados para cada un dos seguintes cinco anos. Así mesmo, nesta resolución poderanse dar sinais de localización por nós e poderanse establecer limitacións técnicas relativas, entre outros aspectos, ao tamaño e á tecnoloxía dos grupos.

O procedemento para o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade será o establecido nos artigos 47, 48 e 49 coas particularidades descritas nesta disposición.

3. As solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas ao abeiro do previsto nos puntos 2 e 5 da disposición transitoria primeira da Lei 17/2013, do 29 de outubro, así como as solicitudes presentadas desde a entrada en vigor da citada lei e até a entrada en vigor do presente real decreto serán tramitadas segundo o procedemento establecido nos artigos 47, 48 e 49, coas particularidades descritas nesta disposición.

No prazo de dous meses desde a publicación da resolución definida no punto anterior, os titulares das instalacións citadas no parágrafo anterior deberán complementar a súa solicitude presentando a información relativa a cada unha das instalacións proxectadas co detalle establecido no anexo VIII.1 deste real decreto e xuntar, así mesmo, o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos acreditativo de ter depositado a garantía económica establecida no artigo 50.

3. As solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas con anterioridade á finalización do prazo de dous meses desde a publicación da resolución de convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva definida no punto 2 acumularanse ás solicitudes presentadas ao abeiro do punto anterior, coa excepción daquelas que resulten inadmitidas.

4. Se o informe anual de cobertura da demanda establecido na disposición adicional sétima.2.b pon de manifesto que non é necesaria potencia adicional nun sistema eléctrico illado, non se convocará o procedemento de concorrencia competitiva no dito sistema e as solicitudes de resolución de compatibilidade presentadas ao abeiro do previsto nos puntos 2 e 5 da disposición transitoria primeira da Lei 17/2013, do 29 de outubro, así como as solicitudes presentadas desde a entrada en vigor da citada lei e até a entrada en vigor do presente real decreto para ese sistema, serán resoltas desfavorablemente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de trámite de audiencia.

Disposición transitoria segunda. *Mestura de combustible.*

1. Mentres a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas non autorice as mesturas de combustible habitual, os custos variables de combustible de despacho e do custo de arranque de despacho das instalacións de produción de categoría A calcularanse tendo en

conta o combustible principal do grupo, e na liquidación destes grupos recoñecerase a mestura de combustible utilizada, logo de inspección.

Estes custos adicionais serán recoñecidos na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas pola que se aproba a contía definitiva dos custos de xeración de liquidación para as centrais que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional e a contía dos custos de xeración das instalacións que teñan recoñecido un réxime retributivo específico, a que fai referencia o artigo 72.3.e).

2. Malia o anterior, para efectos do establecido nos artigos 12 e 40, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto os titulares das instalacións de produción da categoría A que vaian percibir o réxime retributivo adicional deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a mestura de combustible habitual utilizada en cada un dos seus grupos, tanto en estado de marcha normal como nos arranques.

No caso de non se presentar a citada información no prazo establecido, o combustible que se utilice para efectos de despacho e de liquidación será o combustible principal indicado no anexo XIII.

Disposición transitoria terceira. *Determinación do prezo do combustible até a entrada en vigor da orde definida no artigo 40.5.*

1. Até a entrada en vigor da orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo en que se definan os compoñentes do prezo de cada un dos combustibles fósiles utilizados e a metodoloxía para a determinación do dito prezo definida no artigo 40.5, aplicarase o establecido na presente disposición.

2. Os combustibles fósiles que se considerarán nos territorios non peninsulares para efectos de retribución por zonas xeográficas son os seguintes:

Balears: hulla importada, fuel óleo BIA (1 por cento de xofre), gas natural e gasóleo.

Canarias: fuel óleo BIA (1 por cento de xofre), fuel óleo BIA (0,73 por cento de xofre), fuel óleo BIA (0,3 por cento de xofre), diésel óleo e gasóleo.

Ceuta e Melilla: fuel óleo BIA (1 por cento de xofre), diésel óleo e gasóleo.

No caso de que se utilicen novos combustibles fósiles non incluídos na relación anterior, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá aprobar, de ser o caso, a súa utilización e determinar o método de cálculo do prezo correspondente ao novo combustible.

3. O prezo do combustible calcularase como a suma do prezo do produto definido no seguinte punto e a retribución por custos de loxística establecida no punto 5, coa excepción do gas natural, cuxo prezo do combustible se calculará de acordo co método establecido na Orde ITC/1559/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan diferentes aspectos da normativa dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares. Adicionalmente, o prezo do combustible incluirá, de ser o caso, os custos derivados da aplicación do imposto especial sobre o carbón e do imposto sobre hidrocarburos definidos na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

4. Os prezos do produto por tipo de combustible aprobaranse semestralmente por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» e calcularanse como media aritmética das cotizacións mensuais, correspondentes aos seis meses inmediatamente anteriores, dos índices e cotizacións seguintes:

a) Para a hulla importada, será igual ao índice API#2 publicado polo Coal Daily de Energy Argus.

b) Para o fuel óleo BIA (1 por cento), consumido nos territorios non peninsulares de Balears, Melilla e Ceuta será igual á media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de fuel óleo 1 por cento no mercado CIF Mediterráneo (Xénova/Lavera), publicada no Platts European Marketscan. Para o fuel óleo BIA (1 por cento e 0,3 por cento), consumido no territorio non peninsular de Canarias, será igual á media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de fuel óleo 1 por cento no mercado CIF NWE, publicada no Platts European Marketscan.

c) O prezo do produto para o fuel óleo BIA 0,73 por cento do territorio non peninsular de Canarias calcularase como a media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións no mercado CIF NWE do fuel óleo 1 por cento publicadas no Platts European Marketscan, máis un coeficiente que se calculará como o 67,5 por cento da diferenza entre as medias mensuais do rango baixo de cotizacións no mercado FOB NWE do fuel óleo 0,5-0,7 por cento publicadas no Platts European Marketscan e as medias mensuais do rango baixo de cotizacións de fuel óleo 1 por cento no mercado FOB NWE, publicada no Platts European Marketscan.

d) Para o diésel óleo do territorio non peninsular de Canarias, establecerase por composición porcentual en peso da media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de gasóleo 0,1 por cento (83 por cento) e fuel óleo 3,5 por cento (17 por cento) no mercado CIF NWE, publicadas no Platts European Marketscan. Para o diésel óleo do territorio non peninsular de Ceuta, establecerase por composición porcentual en peso da media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de gasóleo 0,1 por cento (83 por cento) e fuel óleo 3,5 por cento (17 por cento) no mercado CIF Mediterráneo (Xénova/Lavera), publicada no Platts European Marketscan.

e) Para o gasóleo 0,1 por cento consumido nos territorios non peninsulares de Balears, Melilla e Ceuta calcularase como a media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de gasóleo 0,1 por cento no mercado CIF Mediterráneo (Xénova/Lavera), publicada no Platts European Marketscan. Para o gasóleo 0,1 por cento consumido no territorio non peninsular de Canarias, calcularase como a media aritmética das medias mensuais do rango baixo de cotizacións de gasóleo 0,1 por cento no mercado CIF NWE, publicada no Platts European Marketscan.

Para a conversión de dólares USA a euros tomarase a media dos tipos de cambio diarios dólar USA-euro publicada polo Banco Central Europeo e correspondente ao período de cálculo do prezo do combustible.

5. A retribución por custos de loxística para efectos de liquidación e de despacho, en función da localización do grupo xerador, será a seguinte:

#### Custos loxística

€/t	Hulla	Fuel óleo BIA 1% 0,7-0,73%	Fuel óleo BIA 0,3%	Diésel óleo	Gasóleo
<b>BALEARS</b>					
Mallorca . . . . .	13,06	39,80			43,06
Menorca . . . . .		32,62			41,08
Eivissa-Formentera . . . . .		34,38			42,84
<b>CANARIAS</b>					
Tenerife . . . . .		20,49	31,76	20,49	20,49
Gran Canaria . . . . .		24,83	42,36	31,09	31,09
Fuerteventura . . . . .		24,83	42,36	37,35	37,35
Lanzarote . . . . .		24,83	42,36	34,85	34,85
La Palma, El Hierro e La Gomera		37,35	54,87	54,90	34,85
<b>CEUTA E MELILLA</b>					
Ceuta . . . . .		32,71		36,30	36,30
Melilla . . . . .		58,62			64,35

6. O prezo de produto para efectos de despacho de produción da hulla, fuel óleo BIA (1 por cento), fuel óleo BIA (0,3 por cento), fuel óleo BIA 0,73%, diésel óleo e gasóleo 0,1% será o último valor publicado para cada territorio non peninsular e obterase segundo o indicado nesta disposición.

Para o combustible gas natural, o prezo de combustible para efectos de despacho será o establecido na Orde ITC/1559/2010, do 11 de xuño.



Para efectos do cálculo dos custos de xeración de liquidación de cada grupo xerador de categoría A que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional, procederase a regularizar a retribución por custos variables de xeración pola diferenza entre os prezos reais dos valores obtidos segundo o indicado no punto 3 no dito ano e os utilizados para realizar o despacho.

7. Os valores do poder calorífico inferior do combustible fósil utilizado por un grupo i do sistema eléctrico j, pci(i,h,j), para efectos de despacho de produción e para efectos de liquidación, serán os establecidos no anexo VI.

8. De acordo co establecido no punto 6, o prezo dos combustibles fósiles para efectos de despacho obterase, desde a entrada en vigor do presente real decreto e até que sexan substituídos de acordo co establecido nesta disposición transitoria, a partir dos seguintes prezos de produto e retribución por custos de loxística:

	Prezos do produto €/T				
	Hulla	Fuel óleo BIA 1% S /0,3 %S	Fuel óleo BIA 0,73% S	Diésel óleo	Gasóleo 0,1% S
CANARIAS . . . . .	–	385,94	423,34	560,98	601,03
BALEARS . . . . .	57,33	394,08	–	–	602,22
CEUTA E MELILLA. . . . .	–	394,08	–	564,40	602,22

A retribución por custos de loxística aplicable no despacho de produción, en función do territorio onde estea situado o grupo, será a establecida no punto 5.

9. De acordo co establecido no parágrafo terceiro do artigo 2.4 da Orde ITC/1559/2010, do 11 de xuño, o prezo do combustible gas natural para efectos de despacho desde a entrada en vigor do presente real decreto e até que sexa actualizado de acordo co establecido na citada orde será de 392,05 €/t.

Disposición transitoria cuarta. *Determinación dos datos técnicos de despacho nas centrais inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.*

1. Os datos técnicos e económicos de despacho dos grupos inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica serán os establecidos no anexo XIII até que sexan revisados de acordo co establecido no presente real decreto.

Naqueles casos en que os datos do rexistro non coincidan cos indicados no citado anexo XIII, procederase a regularizar o rexistro de acordo con estes valores.

2. Mentres non se definan os datos técnicos de despacho das turbinas de gas que comparten alternador, utilizaranse os datos técnicos que lle correspondan a cada grupo por separado.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio para determinadas instalacións de produción categoría A.*

1. Aquelas instalacións de categoría A que con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto non tivesen dereito a percibir o réxime retributivo específico aplicable ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos e tivesen recoñecido un réxime retributivo distinto do previsto na Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, e na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, continuarán percibindo a dita retribución de forma transitoria nos termos previstos nesta disposición.

2. Os titulares das instalacións de produción definidas neste punto deberán remitir os novos investimentos que, de ser o caso, se realizasen desde o 1 de xaneiro de 2012, debidamente auditados.

3. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo aprobaranse os datos técnicos e económicos, así como os parámetros técnicos e económicos de liquidación a



partir dos resultados das probas de rendemento que se realicen aos grupos e os datos de custos auditados.

Disposición transitoria sexta. *Réximes retributivos de instalacións con autorización de explotación definitiva con data anterior ao 1 de xaneiro de 2012 solicitados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

En virtude do establecido no artigo 37 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, a retribución por custos fixos e variables definida neste real decreto aplicarase ás centrais de xeración que tiñan a condición de réxime ordinario até a entrada en vigor da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nos territorios non peninsulares desde o 1 de xaneiro de 2012.

En virtude do anterior e malia o establecido na disposición derogatoria única.1.c) deste real decreto, nas solicitudes de recoñecemento do réxime retributivo adicional para as instalacións con autorización de explotación definitiva de data anterior ao 1 de xaneiro de 2012, o valor do investimento recoñecido e a súa vida útil regulatoria determinaranse segundo o método de cálculo establecido na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo.

Disposición transitoria sétima. *Determinación dos custos de xeración de liquidación até a entrada en vigor do presente real decreto.*

1. En virtude do establecido no artigo 37 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, a retribución por custos fixos e variables das centrais de xeración que tiñan a condición de réxime ordinario até a entrada en vigor da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nos territorios non peninsulares, desde o 1 de xaneiro de 2012 e até a entrada en vigor do presente real decreto, será a que resulte de aplicar a presente disposición.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas aprobará por resolución a contía definitiva dos custos de xeración de liquidación para os grupos que teñan recoñecido un réxime retributivo adicional desde o 1 de xaneiro de 2012 até a entrada en vigor do presente real decreto. Esta resolución será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. A retribución por custos variables de xeración dos grupos que participasen no despacho de produción durante o período indicado no parágrafo anterior obterase aplicando, con carácter xeral, a metodoloxía establecida no capítulo III do título IV, coas seguintes particularidades:

a) Non será de aplicación o factor de corrección por factura de combustible definido no artigo 31.

b) A retribución por custos variables de funcionamento e a retribución por custos de arranque asociados ao combustible calcularanse de acordo co establecido nos artigos 32 e 33, respectivamente, coas seguintes particularidades:

1.º Os parámetros técnicos de liquidación a, b, c, a' e b' tomarán os valores establecidos no anexo XIII para os datos técnicos de despacho A, B, C, A' e B', respectivamente.

2.º Para o cálculo do prezo medio da termia dos combustibles utilizados en estado de marcha e en estado de arranque polo grupo i do sistema eléctrico illado j na hora h aplicarase o disposto na disposición transitoria segunda.1.

3.º O prezo do combustible obterase de acordo coa metodoloxía prevista na disposición transitoria terceira, do que resultan os valores establecidos no anexo XIV.

4.º Os valores do poder calorífico inferior do combustible fósil utilizado por un grupo i do sistema eléctrico j,  $pci(i,h,j)$ , para efectos de liquidación de xeración, serán os establecidos no anexo VI.1.c) para efectos de despacho.

c) A retribución por custos variables de operación e mantemento de funcionamento calcularase de acordo coa metodoloxía establecida na disposición adicional cuarta.3 e cos valores unitarios de operación e mantemento variable das instalacións tipo, definidos no anexo XIV.

d) O parámetro «d» en euros por arranque, definido no artigo 35.2, será o establecido no anexo XIV.

e) A retribución por custos de banda de regulación calcularase de acordo co establecido no artigo 34.

A retribución por custos dos dereitos de emisión calcularase de acordo co establecido no artigo 37. O prezo dos dereitos de emisión de liquidación, que se calculará de acordo co establecido no dito artigo, será aprobado por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

3. A retribución por custos fixos para o período indicado no punto 1 calcularase de acordo co indicado neste punto e aplicando a seguinte expresión:

$$RCF_n(i) = \sum_{h=Y_i}^{h=X_i} P_{disponible}(t, h) * CF_n(t, h)$$

a) A definición destes parámetros e a metodoloxía de obtención da retribución por custos fixos, que terá a anterior formulación, será a establecida no capítulo II do título IV.

b) A taxa de retribución financeira aplicable a todas as instalacións dos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares de categoría A que teñan retribución por investimento corresponderase, de acordo co establecido no artigo 37 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, co rendemento medio das cotizacións no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos incrementada en 200 puntos básicos. Para o ano 2012, utilizarase o rendemento medio das cotizacións no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos dos meses comprendidos entre novembro de 2010 e outubro de 2011; para o ano 2013, as equivalentes aos meses comprendidos entre novembro de 2011 e outubro de 2012; para o ano 2014, as equivalentes aos meses comprendidos entre novembro de 2012 e outubro de 2013; e para os meses de 2015 que sexa de aplicación, o rendemento das obrigacións comprendidas entre novembro de 2013 e outubro de 2014.

En virtude do anterior, a anualidade da retribución por investimento  $CI_n(i)$  de cada grupo  $i$  será a establecida no anexo XIV.

c) A anualidade da retribución por operación e mantemento fixo de cada grupo obterase de acordo co establecido na disposición adicional terceira, coas seguintes particularidades:

1.º) Os valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos das instalacións tipo para os anos 2012, 2013 e 2014 serán os indicados no anexo XIV.

2.º) A instalación tipo asignada a cada grupo será a indicada no anexo XIII.

3.º) A potencia neta de cada grupo é a indicada no anexo XIII.

4. Os grupos que con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto alcanzasen a vida útil establecida na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, e continuasen en operación percibirán, durante o período indicado no punto 1, a retribución por custos variables definida no punto 2 e a súa retribución por custos fixos consistirá na anualidade da retribución por operación e mantemento fixo,  $OMFn(i)$ , de acordo co indicado no punto 3.c). A súa retribución por custos fixos poderá ser incrementada, de ser o caso, polos novos investimentos que se recoñezan de acordo co establecido na disposición adicional oitava.

5. A retribución pola instalación de potencia como consecuencia da necesidade de adoptar medidas de carácter temporal e extraordinario, aconselladas por razóns de seguridade de subministración, consistirá, para o período definido no parágrafo 1, no recoñecemento dos custos en que incorresen os titulares destas centrais durante a súa explotación.

6. O valor do investimento para aqueles grupos aos cales, no momento da entrada en vigor deste real decreto, non se lles recoñecese o dito valor e contén con autorización de explotación definitiva de data posterior ao 31 de decembro de 2011 e anterior á entrada en vigor do presente real decreto, determinarase da seguinte forma:

a) O valor do investimento recoñecido ao grupo i será o valor real do investimento realizado debidamente auditado, máis o 50 por cento da diferenza entre o límite máximo e o dito valor real, cando este sexa inferior ao límite. Se a citada diferenza for negativa, o valor recoñecido do investimento realizado será o que resulte de multiplicar a potencia neta inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica polos valores unitarios máximos fixados no citado anexo XIV.

b) Os límites máximos determinaranse multiplicando a potencia neta do grupo inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica polos valores unitarios máximos fixados para os diferentes sistemas diferenciados por tecnoloxía, de acordo co establecido no anexo XIV.

7. Os parámetros aplicables para o cálculo da retribución desde o 1 de xaneiro de 2012 até a entrada en vigor do real decreto, de acordo coa metodoloxía establecida nesta disposición, establécense no anexo XIV.

Disposición transitoria oitava. *Aplicación transitoria do prezo de adquisición da demanda aos comercializadores de referencia e do prezo da enerxía na hora h que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.*

Mentres non se estableza a metodoloxía para obter o prezo da enerxía na hora h que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, en cada territorio non peninsular, de acordo co indicado na disposición derradeira cuarta:

a) O prezo da enerxía na hora h que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, en cada territorio non peninsular, Papuntadoh, será o prezo medio horario, Pmh, definido no artigo 10 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e o seu réxime xurídico de contratación.

b) Os comercializadores de referencia nestes territorios adquirirán a enerxía horariamente no despacho para os seus consumidores acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, ao prezo horario final peninsular de adquisición de enerxía dos comercializadores de referencia que adquiren a súa enerxía no mercado de produción peninsular, descontados os custos dos mecanismos de capacidade, os custos de desvíos, os custos por intercambios internacionais non realizados por suxeitos de mercado e os custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e, de ser o caso, outros que se establezan.

Adicionalmente ao prezo de adquisición antes definido, deberanse cumprir as obrigacións derivadas dos custos de desvíos en que incorran tales suxeitos, dos custos por mecanismos de capacidade, dos custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, dos custos para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema e outros que se poidan establecer, nos termos que se determinen por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición transitoria novena. *Probas de potencia e de mínimo técnico.*

1. Até a entrada en vigor da normativa que regule as probas para acreditar as potencias bruta e neta dos grupos nos territorios non peninsulares, tales probas realizaranse de acordo co previsto no anexo XV.

2. Até a aprobación do procedemento de proba de mínimo técnico ordinario e extraordinario dos grupos, para o recoñecemento dos datos técnicos de despacho definidos no artigo 11 tomaranse os valores de mínimo técnico ordinario e extraordinario actualmente utilizados no despacho de produción declarados polo titular da instalación. Para a inscrición de novos grupos utilizarase o valor declarado polo titular da instalación.

3. Aquelas instalacións que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica realizarán as probas de mínimo técnico cando sexa aprobado o seu procedemento, simultaneamente ás probas de rendemento das centrais definidas no anexo III.

Disposición transitoria décima. *Parámetros de liquidación das turbinas de gas que comparten alternador.*

Mentres non se definan os parámetros técnicos de liquidación das turbinas de gas que comparten alternador, utilizaranse os parámetros de liquidación que lle correspondan a cada grupo por separado.

Disposición transitoria décimo primeira. *Réximes retributivos outorgados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

1. Aquelas instalacións que, polas súas características singulares, non se poidan incluír dentro de ningunha das tecnoloxías definidas no artigo 2 e tivesen concedido un réxime retributivo particular, distinto do recollido na Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, e na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, manterán o seu réxime retributivo aprobado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto até o final da súa vida útil regulatoria.

2. Aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica de categoría A que, con anterioridade á súa entrada en vigor, tivesen dereito á percepción do réxime retributivo específico aplicable ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxías renovables, coxeración e residuos, continuarán percibindo o dito réxime nos termos previstos na normativa de aplicación até o final da súa vida útil regulatoria. Para os efectos establecidos nos títulos IV e VI do presente real decreto, estas instalacións serán consideradas como instalacións de produción de categoría B.

3. As instalacións de produción de enerxía eléctrica de categoría A que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, tivesen recoñecido o seu valor do investimento manterán para efectos retributivos o dito valor de investimento até o final da súa vida útil regulatoria. O método de amortización do investimento destas centrais manterase até que finalice a súa vida útil regulatoria, de acordo coa normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, partindo da amortización acumulada que tivesen recoñecida no momento da entrada en vigor do presente real decreto. Os citados valores correspondentes ás ditas centrais recóllense no anexo XVI.

Para efectos do disposto no presente punto, entenderase por vida útil regulatoria a vida útil definida na Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo.

Disposición transitoria décimo segunda. *Comunicación e notificación por vía electrónica.*

1. Os procedementos administrativos indicados na disposición adicional décimo segunda.2 que se iniciasen con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto finalizarán a súa tramitación, utilizando os medios existentes con anterioridade á aprobación desta disposición adicional.

2. Os procedementos administrativos indicados nos puntos 2.f) e 2.g) da disposición adicional décimo segunda seguiranse rexendo, até que non se desenvolvan as aplicacións necesarias para a súa tramitación, pola normativa anterior relativa aos medios de tramitación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados expresamente:

a) O Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

b) A Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

c) A Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, pola que se establece o método de cálculo da retribución de garantía de potencia para as instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Instalacións tipo e correspondencia entre clasificacións.*

1. Defínense as seguintes instalacións tipo en función da tecnoloxía, potencia neta e territorio non peninsular:

*Balears*

IT-0001	Grupos diésel - 2T	Potencia <5
IT-0002	Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 12
IT-0003	Grupos diésel - 2T	12 ≤ potencia < 20
IT-0004	Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 20
IT-0005	Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24
IT-0006	Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50
IT-0007	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13
IT-0008	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13 ≤ potencia < 25
IT-0009	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25 ≤ potencia < 50
IT-0010	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50
IT-0011	Turbinas de vapor de carbón	
IT-0012	Turbinas de vapor de fuel	Potencia ≤ 40
IT-0013	Ciclo combinado configuración 2x1	200 ≤ potencia ≤ 250
	1TG	
	1TG+1TV	
	2TG+1TV	
IT-0014	Ciclo combinado configuración 3x1	200 ≤ potencia ≤ 250
	1TG	
	1TG+1TV	
	2TG+1TV	
	3TG+1TV	

*Canarias*

IT-0050	Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 12
IT-0051	Grupos diésel - 2T	12 ≤ potencia < 20
IT-0052	Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 20
IT-0053	Grupos diésel - 4T	Potencia < 2
IT-0054	Grupos diésel - 4T	2 ≤ potencia < 4
IT-0055	Grupos diésel - 4T	4 ≤ potencia < 14
IT-0056	Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24
IT-0057	Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50
IT-0058	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13
IT-0059	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13 ≤ potencia < 25
IT-0060	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25 ≤ potencia < 50
IT-0061	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50
IT-0062	Turbinas de vapor de fuel	Potencia ≤ 40
IT-0063	Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia ≤ 60
IT-0064	Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia ≤ 80
IT-0065	Ciclo combinado configuración 2x1	200 ≤ potencia ≤ 250
	1TG	
	1TG+1TV	
	2TG+1TV	
IT-0066	Ciclo combinado configuración 3x1	200 ≤ Potencia ≤ 250

	1TG	
	1TG+1TV	
	2TG+1TV	
	3TG+1TV	
IT-0067	Hidráulica	

## Ceuta e Melilla

IT-0100	Grupos diésel - 2T	Potencia <5
IT-0101	Grupos diésel - 4T	Potencia<2
IT-0102	Grupos diésel - 4T	2≤ potencia <4
IT-0103	Grupos diésel - 4T	4 ≤ potencia < 14
IT-0104	Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24
IT-0105	Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50
IT-0106	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13
IT-0107	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13≤ potencia < 25

As instalacións tipo correspondentes aos grupos de xeración de categoría A que non se encontren recollidas na táboa anterior, así como os seus parámetros retributivos, serán aprobados por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

2. Para efectos do previsto no presente real decreto e na súa normativa de desenvolvemento, as referencias ao termo «potencia», cando non se especifique a que tipo de potencia se refire, entenderanse realizadas á potencia neta das instalacións.

3. A correspondencia entre a clasificación por familias utilizada na normativa anterior á entrada en vigor deste real decreto, realizada en función da potencia bruta e a súa correspondente clasificación por instalación tipo utilizada neste real decreto, é a establecida a continuación:

Clasificación por familias (Normativa anterior)		Correspondencia con instalación tipo	
Tecnoloxía	Intervalo potencia bruta (MW)	Tecnoloxía	Intervalo potencia neta (MW)
Grupos diésel - 2T	Potencia <5	Grupos diésel - 2T	Potencia <5
Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 14	Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 12
Grupos diésel - 2T	14 ≤ potencia < 24	Grupos diésel - 2T	12 ≤ potencia < 20
Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 24	Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 20
Grupos diésel - 4T	Potencia<2	Grupos diésel - 4T	Potencia<2
Grupos diésel - 4T	2≤ potencia <5	Grupos diésel - 4T	2≤ potencia <4
Grupos diésel - 4T	5 ≤ potencia < 14	Grupos diésel - 4T	4 ≤ potencia < 14
Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24	Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24
Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50	Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 15	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	15≤ potencia < 25	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13≤ potencia < 25
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25≤ potencia < 50	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25≤ potencia < 50
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50	Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50
Turbinas de vapor de fuel	Potencia ≤ 40	Turbinas de vapor de fuel	Potencia ≤ 40
Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia ≤ 60	Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia ≤ 60
Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia ≤ 80	Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia ≤ 80
Ciclo combinado configuración 2x1	200 ≤ potencia ≤ 250	Ciclo combinado configuración 2x1	200 ≤ potencia ≤ 250
Ciclo combinado configuración 3x1	200 ≤ potencia ≤ 250	Ciclo combinado configuración 3x1	200 ≤ potencia ≤ 250



Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación do real decreto.*

1. Autorízase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.
2. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse modificar os anexos incluídos neste real decreto.
3. As determinacións incluídas en normas regulamentarias que son obxecto de modificación mediante este real decreto poderán ser modificadas por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira terceira. *Establecemento do prezo do gas natural de liquidación e de despacho dos grupos de xeración do sistema eléctrico balear.*

Modifícase a Orde ITC/1559/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan diferentes aspectos da normativa dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 2.2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O custo mensual de combustible «C», expresado en €, para cada grupo xerador das illas Balears alimentado por gas natural, será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$C(\text{€}) = V \times [P_m \times (1 + m_r + m_t) + \text{ATRV}]$$

Onde:

V: volume mensual do gas natural consumido, expresado en MWh.

P<sub>m</sub>: custo medio mensual de aprovisionamento do gas natural licuado (GNL) no mes de consumo, expresado en €/MWh e publicado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no Informe mensual de supervisión do mercado grosista do gas.

m<sub>r</sub> e m<sub>t</sub>: minguas de regasificación e transporte en vigor, respectivamente, expresadas en tanto por un.

ATRV: compoñente variable do custo de acceso ás instalacións gasistas, excluído o termo de condución e expresado en €/MWh, que se calculará como a suma das peaxes e canons seguintes:

- a) Termo variable da peaxe de regasificación, expresado en €/MWh:

$$\frac{\ll 10 \times T_{vr} \times \%GNL}{(1 - m_r) \gg}$$

Onde:

T<sub>vr</sub>: termo variable da peaxe de regasificación en vigor, expresado en cts/kWh.

% GNL: porcentaxe de entradas de gas natural en forma de GNL no sistema gasista español en relación co total, expresado en tanto por un.

- b) Peaxe de descarga de buques expresada en €/MWh:

$$\left[ \frac{T_{fd}}{T_{mbuque}} + 10 \times T_{vd} \right] \times \frac{\%GNL}{(1 - m_r) \times (1 - m_t)}$$

Onde:

T<sub>fd</sub>: termo fixo de descarga de buques, planta de Cartagena, expresado en €/buque.

T<sub>vd</sub>: termo variable de descarga de buques, planta de Cartagena, expresado en cts/kWh.

T<sub>mbuque</sub>: tamaño medio de buque, expresado en MWh.

c) Canon de almacenamento de GNL expresado en €/MWh:

$$\frac{\ll T_v \gg}{100 (1 - mt)} \times NA_{\text{GNL}}$$

Onde:

$T_v$ : canon de almacenamento de GNL, expresado en cts/MWh/día.

$NA_{\text{GNL}}$ : número de días medio de almacenamento de GNL nas plantas de regasificación.

d) Custo de almacenamento subterráneo, expresado en €/MWh e calculado de acordo coa fórmula seguinte:

$$10 \times \left[ \frac{12 \times 20 \times T_f}{365} + \left( \frac{8}{365} \right) \times (T_{ve} + T_{vi}) \right]$$

Onde:

$T_f$ : termo fixo do canon de almacenamento subterráneo, expresado cts/kWh/mes.

$T_{vi}$ : termo variable de inxección do canon de almacenamento subterráneo, expresado en cts/kWh.

$T_{ve}$ : termo variable de extracción do canon de almacenamento subterráneo, expresado en cts/kWh.»

Dous. Modifícanse os puntos 4, 5 e 6 do artigo 2, que quedan redactados da seguinte forma:

«4. O prezo do gas natural  $prc(i,h,j)$  definido no punto 1 será fixado semestralmente, nos meses de xaneiro e xullo, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Para efectos do cálculo da retribución por custos variables para cada grupo xerador, aprobarase o valor de  $prc(i,h,j)$  para aqueles meses dos cales se dispoñan datos definitivos, e regularizarase o custo de combustible pola diferenza entre os prezos reais dos valores indicados no dito mes e os inicialmente previstos para realizar o despacho.

5. Adicionalmente, nas resolucións que fixen o prezo do gas natural aprobaranse as contías que se lle recoñecerán a cada grupo en concepto do compoñente fixo mensual do custo de acceso de terceiros ás instalacións gasistas.

O compoñente fixo mensual do custo de acceso de terceiros ás instalacións gasistas, (CAF) obterase como sigue:

$$CAF = ATRf + FC$$

a) ATRf: compoñente fixo mensual do custo de acceso de terceiros ás instalacións gasistas, excluído o termo de condución e expresado en €, que se calculará como a suma das peaxes e canons seguintes:

1.º Termo fixo da peaxe de regasificación, expresado en €:

$$\frac{\ll T_{fr} \gg}{100} \times \frac{Q_f \times \%GNL}{(1 - m_f)}$$

Onde:

$T_{fr}$ : termo fixo da peaxe de regasificación en vigor, expresado en cts/kWh/día/mes.

$Q_f$ : caudal diario contratado polo grupo no punto de saída. Tomarase o caudal aplicado na facturación do termo fixo do termo de condución da peaxe de transporte e distribución, expresado en kWh/día.

2.º Termo fixo da peaxe de reserva de capacidade expresado en €/mes:

$$\frac{T_{fe}}{100} \times \frac{Q_f}{(1 - m_f)}$$

Onde:

$T_{fe}$ : termo de reserva de capacidade, expresado en cts/kWh/día/mes.

FC: facturación mensual do termo de condución da peaxe de transporte e distribución, expresada en €.

6. Para efectos do despacho de custos variables de xeración, o valor de  $prc(i,h,j)$  que se utilizará no semestre seguinte será o que resulte do cálculo da media dos últimos valores de  $prc(i,h,j)$ , aprobados con carácter definitivo, de todos os grupos pertencentes a un mesmo territorio non peninsular.»

Disposición derradeira cuarta. *Custo de produción horario nos territorios non peninsulares que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.*

1. O custo de produción da enerxía que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, (CPh), definido no artigo 9 do Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e o seu réxime xurídico de contratación, calcularase, nos territorios non peninsulares, de acordo coa seguinte fórmula:

$$CPh = Papuntadoh + SAh + OCh$$

Onde:

– SAh e OCh serán os definidos no Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e o seu réxime xurídico de contratación.

– Papuntadoh: prezo da enerxía na hora h de cada territorio non peninsular que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, neste territorio.

A metodoloxía para obter o prezo da enerxía na hora h que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor en cada territorio non peninsular será aprobada por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de tal maneira que se incorporen os sinais de prezo eficientes ao consumidor establecidos no artigo 10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Para estes efectos, a determinación do prezo da enerxía na hora h que se deberá considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor terá unha estrutura análoga á do prezo de adquisición  $Ph_{demanda}(j)$ , definido no artigo 70.

2. O prezo da enerxía na hora h que se considerará na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, en cada territorio non peninsular (Papuntadoh), será calculado polo operador do sistema e publicado polo dito operador na súa páxina web o día anterior ao da subministración para cada unha das 24 horas do día seguinte.

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

Un. Modifícase a disposición adicional décimo cuarta.2, que queda redactada como segue:

«2. Non obstante o anterior, o establecido no título IV e no título V capítulo III non será de aplicación ás instalacións de coxeración de máis de 15 MW de potencia neta, hidroeléctricas non fluentes e aquelas que utilicen como enerxía primaria biomasa, biogás, xeotermia, residuos e enerxías residuais procedentes de calquera instalación, máquina ou proceso industrial cuxa finalidade non sexa a produción de

enerxía eléctrica, que estean situadas nos territorios non peninsulares, sen prexuízo do previsto na disposición adicional segunda.»

Dous. Modifícase o segundo parágrafo da disposición transitoria oitava.1.b), que queda redactado como segue:

«En caso de que esta cantidade supoña unha obrigação de ingreso ao sistema de liquidacións, e supere o límite do 50 por cento da suma da cantidade que resulte do disposto no punto a) anterior e do dereito de cobramento da enerxía entregada ao sistema valorada ao prezo do mercado diario do mes a que se refira a liquidación, a cantidade que se deberá incorporar como obrigação de ingreso ao sistema de liquidacións será o máximo entre o dito límite e a doceava parte das obrigações de pagamento, resultantes da aplicación da metodoloxía establecida no presente real decreto á enerxía producida desde a entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, até a entrada en vigor das disposicións necesarias para a plena aplicación do novo réxime retributivo.»

Tres. Suprímese o terceiro parágrafo da disposición transitoria oitava.1.b).

Catro. Modifícase a disposición transitoria oitava.1.c), que queda redactada como segue:

«c) A cantidade que non se ingresase por encima dos límites establecidos no segundo parágrafo do punto b) engadirase na seguinte liquidación á novena parte definida no primeiro parágrafo do dito punto.»

Cinco. Modifícase a disposición transitoria oitava.5.a), que queda redactada como segue:

«a) O órgano encargado das liquidacións notificará ao operador do mercado o importe do impagamento das instalacións de cada xerador, con especificación da data en que o dito importe comezou a devindicar xuros de demora.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

## ANEXO I

**Determinación do prezo de adquisición da demanda e do prezo de venda da enerxía no despacho de produción**

1. O prezo horario de adquisición aplicable aos comercializadores, aos consumidores directos, aos xeradores para o seu consumo de servizos auxiliares cando o saldo neto sexa comprador nesa hora e, de ser o caso, aos representantes, nos termos previstos no artigo 70, obterase segundo a expresión seguinte:

$$P_{\text{demanda}}(j) = P_{\text{anual-móbil-penin}} * Ah(j) / P_{\text{anual-móbil-j}}$$

Onde:

a)  $P_{\text{demanda}}(j)$ : prezo horario de adquisición da demanda no sistema eléctrico illado  $j$ , expresado en €/MWh.

b)  $P_{\text{anual-móbil-penin}}$ : prezo medio final peninsular do ano móbil, en €/MWh, obtido a partir da media ponderada dos prezos medios finais mensuais de adquisición de enerxía dos comercializadores e consumidores directos que adquiren a súa enerxía no mercado de produción peninsular dos últimos doce meses naturais anteriores ao da data de subministración, descontados os custos dos mecanismos de capacidade, os custos de desvíos, os custos por intercambios internacionais non realizados por suxeitos de mercado e os custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e, de ser o caso, outros que se establezan.

c)  $Ah(j)$ : apuntamento na hora  $h$  no sistema eléctrico illado  $j$ , expresado en €/MWh, calculado segundo a seguinte expresión:

$$Ah(j) = (CXvAh(j) + SSAAh) / Exh$$

Onde:

1º.  $Exh$ : enerxía xerada na hora  $h$  polas instalacións con réxime retributivo adicional ou específico ou que presten os servizos de axuste definidos no artigo 76 segundo a programación final do despacho de produción, medida en barras de central.

2º.  $SSAAh$ : custos variables dos servizos de axuste prestados polas instalacións definidas no artigo 1.2 na hora  $h$ , na programación final do despacho de produción, expresados en euros.

3º.  $CXvAh(j)$ : os custos de xeración variables para o cálculo do apuntamento na hora  $h$  do sistema eléctrico illado  $j$ , que se calculará como segue:

$$CXvAh(j) = CXvh_{RRA}(j) + CXvh_{RRE}(j)$$

Onde:

i.  $CXvh_{RRA}(j)$ : custos de xeración variables de despacho na hora  $h$ , excluindo os custos de arranque dos grupos con réxime retributivo adicional do sistema eléctrico illado  $j$ , na programación final do despacho de produción, expresados en euros.

ii.  $CXvh_{RRE}(j)$ : custos de xeración variables para o cálculo do apuntamento na hora  $h$  das centrais con réxime retributivo específico do sistema eléctrico illado  $j$ , expresados en euros. Calcularase como a suma dos custos de xeración variables para o cálculo do apuntamento na hora  $h$  de cada grupo  $i$  con réxime retributivo específico,  $CGvh_{RREi}$ , do sistema eléctrico illado  $j$ , onde  $CXvh_{RREi}$ :

$$CXvh_{RREi} = (Php + Roi + Iinvi) \cdot Exh_{RREi}$$

$Php$ : prezo horario resultante de calcular a media ponderada do prezo marxinal horario do mercado diario e dos prezos marxinais horarios de cada unha das sesións do mercado intradiario expresado en €/MWh.

$Roi$ : retribución á operación da central  $i$  de acordo co establecido no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, expresada en €/MWh.

$Iinvi$ : incentivo ao investimento por redución do custo de xeración da central  $i$ , de acordo co establecido no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, expresado en €/MWh.

$Exh_{RREi}$ : enerxía xerada polas instalacións con réxime retributivo específico segundo a programación final do despacho de produción medida en barras de central.

d)  $P_{\text{anual-móbil}}(j)$ : prezo medio dos custos variables do sistema eléctrico illado  $j$  do ano móbil, en €/MWh, obtido a partir da media ponderada dos apuntamentos mensuais no sistema eléctrico illado  $j$ ,  $Am(j)$ , nos últimos 12 meses naturais. Os apuntamentos mensuais calcularanse como:

$$Am(j) = \frac{\sum_h CXvAh(j)}{\sum_h Exh}$$

2. O prezo horario de venda da enerxía no despacho do sistema eléctrico illado  $j$ ,  $Ph_{\text{venda}}(j)$ , aplicable aos produtores con dereito á percepción de réxime retributivo específico e a aqueles que non teñan recoñecido ningún réxime retributivo adicional nin específico, nos termos establecidos nos artigos 7 e 8, obterase segundo a expresión seguinte:

$$Ph_{\text{venda}}(j) = Ah(j) \cdot PMDI_{\text{anual-móbil-penin}} / P_{\text{anual-móbil}}(j)$$

Onde:

$Ph_{\text{venda}}(j)$ : prezo horario de venda da enerxía no despacho do sistema eléctrico illado  $j$ , expresado en €/MWh.

$PMDI_{\text{anual-móbil-penin}}$ : prezo medio do mercado diario e intradiario peninsular do ano móbil, en €/MWh, obtido a partir da media ponderada dos prezos do mercado diario e intradiario mensuais dos últimos 12 meses naturais ao da data de subministración.



## ANEXO II

### Aprobación dos datos técnicos e económicos para a inscrición definitiva

#### 1. Aprobación dos datos técnicos para a inscrición definitiva.

O procedemento para a aprobación dos datos técnicos para a inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica será o seguinte:

a) Con carácter previo ou simultáneo á presentación da solicitude de inscrición definitiva no rexistro de produción:

1º Os titulares das instalacións categoría A deberán solicitar a aprobación dos datos técnicos definidos nas alíneas a) e b) do artigo 11.2, xuntando os resultados da proba de potencia bruta, neta e de mínimo técnico ordinario e extraordinario da instalación e unha proposta dos datos técnicos definidos nas alíneas c) e d) do citado artigo 11.2.

As probas de potencia bruta e neta realizaranse de acordo co procedemento establecido no anexo XV.

Adicionalmente, no caso de instalacións que vaian percibir o réxime retributivo adicional, os titulares das instalacións deberán presentar unha proposta dos datos técnicos definidos na alínea e) do artigo 11.2, baseándose nas características técnicas da instalación.

2º Os titulares das instalacións de produción categoría B deberán solicitar a aprobación dos datos técnicos definidos no artigo 11.3, xuntando, no caso que corresponda, os resultados da proba de potencia bruta, neta e mínima da instalación.

b) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do operador do sistema, aprobará os datos técnicos para a inscrición definitiva no rexistro. Esta resolución será notificada ao interesado e comunicada á comunidade autónoma ou cidade autónoma correspondente e ao operador do sistema.

#### 2. Aprobación dos datos económicos para a inscrición definitiva.

a) No caso das instalacións categoría A que vaian percibir o réxime retributivo adicional, as mesturas de combustible definidas no artigo 40 e os datos económicos de despacho definidos nos artigos 63 e 64 e enumerados a continuación deberán ser aprobados polo director xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo co previsto neste anexo:

1º) Custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque de despacho de cada grupo,  $D(i)$ , valorado en euros/arranque.

2º) Custos de operación e mantemento unitarios de despacho de cada grupo,  $O\&M_{VDi}$  en €/MWh.

3º) Mestura de combustible do grupo  $i$  para o estado de funcionamento normal.

4º) Mestura de combustible para o arranque do grupo  $i$ .

Para as instalacións de bombeo que fosen adjudicatarias dun procedemento de concorrencia competitiva dos previstos no artigo 56, os datos económicos de despacho

que deberán ser aprobados serán os custos variables de operación e mantemento unitario de despacho.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, resolverá a solicitude de aprobación dos datos económicos citados a partir dos valores propostos. Para a aprobación das mesturas de combustible solicitarase tamén informe ao operador do sistema. Esta resolución será notificada ao interesado e comunicada á comunidade autónoma ou cidade autónoma correspondente e ao operador do sistema.

b) No caso das instalacións categoría A que fosen adxudicatarias dun concurso dos previstos no artigo 55, os datos económicos de despacho e as mesturas de combustible serán aprobados polo director xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo co que se estableza na orde pola cal se convoque o dito concurso.

## ANEXO III

### **Revisión de datos técnicos e económicos de despacho e de parámetros técnicos e económicos de liquidación**

#### 1. Revisión de datos técnicos e económicos de despacho.

a) Para a revisión dos datos técnicos de despacho, as empresas propietarias dos grupos deberán realizar as probas de rendemento correspondentes seguindo o procedemento establecido neste anexo e segundo os procedementos de probas de rendemento para a determinación dos parámetros aplicables aos custos variables de despacho das instalacións de xeración pertencentes aos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares aprobados.

Durante a realización das probas, os grupos consideraranse dispoñibles para os efectos da súa retribución.

b) O proceso que se seguirá será o seguinte:

1º. O operador do sistema remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 1 de xaneiro de cada ano, unha lista dos grupos de xeración aos cales se propón realizar as probas de rendemento durante o ano, de tal forma que cada seis anos, sempre que a seguridade do sistema se garanta, se realicen as probas sobre a totalidade dos grupos inscritos no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá sobre a listaxe de grupos de xeración que deben realizar as probas ese ano e notificarállelo ao operador do sistema, ás empresas propietarias dos grupos e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Para estes efectos, o titular das instalacións deberá proporcionar ao operador do sistema, xunto co resto de documentación inicial establecida no procedemento de ensaios aprobado, o histórico de consumos específicos de todos os grupos dos sistemas

eléctricos illados dos territorios non peninsulares de que sexa titular á súa carga media e, en caso de estar dispoñible, a plena carga, ao 75 por cento de carga e ao mínimo técnico. Así mesmo, deberá proporcionar o histórico de composición e poder calorífico do combustible de cada grupo.

As probas de rendemento realizaranse coas mesturas de combustible de funcionamento e de arranque aprobadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, segundo o indicado no artigo 12.

As probas de rendemento das centrais de coxeración poderán ser realizadas nun rango determinado de aproveitamento da calor ou en varios escenarios, segundo o que se estableza na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas pola que se aprobe a lista de grupos de xeración que deben realizar as probas ese ano.

2º. O titular da instalación de xeración será o responsable da realización das probas no prazo dun ano desde a resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas a que fai referencia o ordinal 1º. Por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas poderase determinar que as probas as realice unha empresa especializada cuxa adxudicación se realice a través dun concurso.

O operador do sistema supervisaraas de maneira presencial e poderá contar coa asistencia dun ou de varios técnicos preservando, en todo caso, a confidencialidade da información. Esta supervisión corresponderá ás probas e ensaios, e tamén ás medidas, toma de mostras e calibracións. O operador do sistema informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do proceso de licitación do soporte técnico que requira a súa función de supervisión, así como as empresas que resulten adxudicatarias.

3º. A empresa propietaria dos grupos deberá informar o operador do sistema, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, cun mes de antelación, da data de realización das probas de cada grupo.

4º. No prazo dun mes desde a realización das probas de cada grupo, a empresa propietaria enviará ao operador do sistema, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a acta destas. No prazo dun mes desde a recepción da dita acta, o operador do sistema enviará á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á empresa propietaria da instalación e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o informe de supervisión das probas.

c) Unha vez realizadas as probas de rendemento das centrais, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas revisará, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, os datos técnicos de despacho definidos nos artigos 62 e 63, A (i), B (i), C (i), A'(i) e B'(i), a partir do resultado das ditas probas.

d) Os custos variables de operación e mantemento unitarios de despacho de cada grupo serán revisados, antes do inicio de cada período regulatorio tendo en conta todos os conceptos establecidos no artigo 64, a partir dos valores auditados do dito grupo desde a data da última revisión. Para estes efectos, utilizaranse as auditorías remitidas anualmente polos titulares das centrais, de acordo co establecido no artigo 21.

e) O dato económico “Di” dos custos de arranque de despacho de cada grupo será revisado, antes do inicio de cada período regulatorio, de acordo coa seguinte expresión:

$$D_i = \frac{CO\&Mari}{n_{arrCCI}}$$

Onde:

CO&Mari: custo de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque do grupo i expresado en euros desde a última revisión.

$n_{arrCCI}$ : número de arranques do grupo i desde a última revisión.

Para estes efectos, o titular das centrais deberá remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto coas auditorías de custos definidas no artigo 21, a información económica relativa ao custo dun ciclo completo de revisións programadas (inspeccións maiores, inspeccións de combustión, de parte quentes, menores, etc.) e o número de arranques en cada ciclo.

## 2. Revisión de parámetros técnicos e económicos de liquidación.

a) Os parámetros técnicos da retribución por custos variables de funcionamento serán revisados, de acordo co establecido no artigo 38, aplicando a seguinte metodoloxía:

1º. Nunha primeira fase realizarase unha regresión cuadrática das curvas de consumo térmico en th/h fronte á potencia proporcionada á rede en MW obtida a partir dos ensaios de consumo específico realizados aos distintos grupos de igual tecnoloxía e rango de potencia.

2º. Nunha segunda fase realizarase unha segunda regresión cuadrática a partir de determinados valores da curva de consumo térmico obtida na fase anterior e da curva de consumo específico estándar dunha central eficiente, proposta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, aplicando diferente peso a cada unha das curvas, nos termos especificados a continuación.

Para a realización desta regresión tomaranse os valores de consumo térmico a potencia nominal, ao 75 por cento da potencia nominal, ao 50 por cento da potencia nominal e ao mínimo técnico.

Na primeira revisión destes parámetros aplicarase un peso do 90 por cento sobre a curva de consumo térmico obtida na fase primeira fase e do 10 por cento sobre a curva de consumo específico estándar dunha central eficiente proposta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Para as sucesivas revisións dos parámetros, o peso da curva eficiente proposta pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia irase incrementando en 5 puntos por cada revisión.

Os parámetros técnicos de liquidación das centrais de coxeración terán en conta o seu funcionamento condicionado ao proceso de calor asociado.

b) Os valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación, serán revisados, tendo en conta todos os conceptos establecidos no artigo 35.1, de acordo coa seguinte metodoloxía:

1º. Primeiro calcularase un valor a partir da media ponderada pola enerxía xerada dos custos variables de operación e mantemento unitarios auditados, descontando os custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque de cada un dos grupos que teñan asignada unha mesma instalación tipo que operaron nos territorios non peninsulares desde a data da última revisión.

2º. Os valores unitarios de operación e mantemento variable de liquidación de cada instalación tipo obteranse como a suma do valor indicado no parágrafo anterior cun peso do 90 por cento e duns custos variables de operación e mantemento estándar por tecnoloxía, rango de potencia e territorio non peninsular que serán propostos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cun peso do 10 por cento.

c) A revisión do parámetro “d” da retribución por custos variables de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque obterase, para cada tecnoloxía e rango de potencia, da seguinte forma:

1º. Primeiro calcularase un valor a partir da media dos datos  $D_i$  dos grupos que teñan asignada a mesma instalación tipo obtidos de acordo co punto 1.e).

2º. O parámetro “d” para cada tecnoloxía e rango de potencia obterase como a suma do valor anterior cun peso do 90 por cento e dun valor estándar por tecnoloxía, rango de potencia e territorio non peninsular proposto pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cun peso do 10 por cento.

## ANEXO IV

### Particularidades da retribución dos novos investimentos

1. A retribución dos novos investimentos dun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que culminen cunha modificación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dun grupo calcularase segundo o establecido no título IV, coas excepcións establecidas a continuación:

O valor do investimento recoñecido ao grupo  $i$ , expresado en euros, definido no artigo 26, corresponderase co valor auditado do investimento realizado na instalación  $i$ ,  $VI_{(i, \text{auditado})}$ . Non obstante o anterior, en ningún caso o valor do investimento recoñecido poderá ser superior ao valor do novo investimento autorizado definido no artigo 51.

A potencia dispoñible e a potencia neta utilizadas para calcular a retribución por custos fixos para o novo investimento do grupo  $i$  serán as correspondentes do grupo  $i$ .

A vida útil regulatoria do novo investimento da central comezará a computar desde o primeiro día do mes seguinte ao da resolución de modificación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dese grupo.

A vida útil regulatoria do novo investimento será a que se estableza na resolución favorable de compatibilidade, de acordo co previsto no artigo 51.

2. A retribución dos novos investimentos que non impliquen modificacións no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica calcularase segundo o establecido no título IV coas seguintes particularidades:

O valor do investimento recoñecido ao grupo i, expresado en euros, definido no artigo 26, corresponderase co valor auditado de investimento realizado na instalación i,  $VI_{(i,auditado)}$ . Non obstante o anterior, en ningún caso o valor do investimento recoñecido poderá ser superior ao valor do novo investimento autorizado definido no artigo 51.

A potencia dispoñible e a potencia neta utilizadas para calcular a retribución por custos fixos para o novo investimento do grupo i serán as correspondentes do grupo i.

A vida útil regulatoria do novo investimento será a que se estableza na resolución favorable de compatibilidade de acordo co previsto no artigo 51 e comezará a computar desde o primeiro día do mes seguinte ao da autorización de explotación definitiva da modificación.

## ANEXO V

### Factores de estacionalidade e horas anuais de funcionamento estándar

1. Os factores de estacionalidade que se aplicarán en cada territorio non peninsular,  $fest_h$ , para cada período punta, chan e val son os seguintes:

PERÍODO	Factores de estacionalidade			
	Balears	Canarias	Ceuta	Melilla
Punta	1,15	1,04	1,04	1,07
Chan	1,00	1,00	1,00	1,00
Val	0,85	0,96	0,96	0,93

2. Os períodos punta, chan e val que se aplicarán en cada un dos territorios non peninsulares para os efectos da determinación do factor de estacionalidade son os seguintes:

PERÍODOS	Balears	Canarias	Ceuta	Melilla
Punta	Xuño, xullo, agosto setembro	Xullo, agosto, setembro outubro	Xaneiro, xullo, agosto, decembro	Xullo, agosto, setembro, decembro
Chan	Xaneiro, febreiro, outubro, decembro	Xaneiro, xuño, novembro, decembro	Febreiro, setembro, outubro, novembro	Xaneiro, febreiro, xuño outubro
Val	Marzo, abril, maio novembro	Febreiro, marzo, abril maio.	Marzo, abril, maio, xuño	Marzo, abril, maio, novembro



## 3. Horas anuais de funcionamento estándar.

a). Os valores das horas anuais de funcionamento estándar de cada grupo,  $H_i$ , en función da tecnoloxía e tamaño son, excepto para o primeiro e último ano de vida útil regulatoria do grupo  $i$ , as seguintes:

Tecnoloxía	Potencia (MW)	Horas de dispoñibilidade	
		Ano non bisesto	Ano bisesto
Grupos diésel - 4T	Potencia < 2	7.998	8.020
	$2 \leq \text{potencia} < 4$	7.998	8.020
	$4 \leq \text{potencia} < 14$	7.709	7.730
	$14 \leq \text{potencia} < 24$	7.709	7.730
Grupos diésel - 2T	Potencia < 5	7.709	7.730
	$5 \leq \text{potencia} < 12$	7.709	7.730
	$12 \leq \text{potencia} < 20$	7.709	7.730
	Potencia $\geq 20$	7.709	7.730
Turbinas de gas aeroderivadas	< 50	7.709	7.730
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13	8.252	8.275
	$13 \leq \text{potencia} < 25$	8.252	8.275
	$25 \leq \text{potencia} < 50$	7.783	7.805
	Potencia $\geq 50$	8.046	8.068
Vapor fuel	$\leq 40$	7.709	7.730
	$> 40 \text{ e } < 60$	7.735	7.756
	$\geq 60$	7.849	7.870
Ciclo combinado configuración 2x1	$\geq 200 \text{ e } \leq 250$	8.050	8.072
Ciclo combinado configuración 3x1	$\geq 200 \text{ e } \leq 250$	7.709	7.730
Vapor carbón		7.994	8.016

Para as tecnoloxías non recollidas no cadro anterior, as horas anuais de funcionamento estándar serán fixadas por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

b)  $H_i$  para o primeiro ano de vida útil regulatoria do grupo  $i$  será o obtido a partir dos valores das horas anuais de funcionamento estándar de cada grupo establecidos no punto anterior, multiplicado polo cociente entre o número total de horas comprendidas desde o día en que se inicia a vida útil regulatoria do dito grupo  $i$  e o final do ano, e as horas totais do ano en que se iniciou a vida útil do grupo, que serán 8.760 en ano normal e 8.784 en ano bisesto.

c)  $H_i$  para o último ano de vida útil regulatoria do grupo  $i$  será o obtido a partir dos valores das horas anuais de funcionamento estándar de cada grupo  $a$  que se refire o punto 1, multiplicado polo cociente entre o número total de horas comprendidas desde o día un de xaneiro do dito ano até o día en que finalice a vida útil regulatoria da central, e as horas totais do ano en que se está calculando este valor, que serán 8.760 en ano normal e 8.784 en ano bisesto.

## ANEXO VI

### Combustibles

1. O cálculo do prezo medio da termia de combustible realizarase de acordo co establecido neste punto:

a). O prezo medio da termia dos combustibles utilizados en estado de marcha polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$ ,  $pr(i,h,j)$ , valorado en €/th PCI, calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$pr(i, h, j) = \sum_c (x(c, i, h, j) \cdot prc(c, i, h, j)) / (pci(c, i, h, j))$$

Onde:

$prc(c,i,h,j)$ : prezo do combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$ , valorado en €/t, cuxo valor se obterá de acordo co previsto no artigo 40.5.

$pci(c,i,h,j)$ : poder calorífico inferior do combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$ , valorado en th/t na hora  $h$ , cuxo valor se obterá de acordo co previsto no artigo 40.5.

$x(c,i,h,j)$ : fracción das termias totais proporcionadas polo combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$ .

$$x(c, i, h, j) = \frac{Q(c, i, h, j) \cdot pci(c, i, h, j)}{\sum_c Q(c, i, h, j) \cdot pci(c, i, h, j)}$$

Onde:

$Q(c,i,h,j)$  Consumo horario en toneladas do combustible  $c$  polo grupo  $i$  en estado de marcha do sistema eléctrico illado  $j$  autorizadas aos suxeitos produtores en cada hora.

b) O prezo medio da termia dos combustibles utilizados en períodos de arranque parada polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  en cada arranque,  $prar(i,j)$ , valorado en €/th PCI, calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$prar(i, j) = \sum_c (xa(c, i, j) \cdot prc(c, i, h, j)) / (pci(c, i, h, j))$$

Onde:

$prc(c,i,h,j)$ : prezo do combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$  en que se está realizando o arranque, valorado en €/t, cuxo valor se obterá de acordo co previsto no artigo 40.5.

$pci(c,i,h,j)$ : poder calorífico inferior do combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  do sistema eléctrico illado  $j$ , valorado en th/t na hora  $h$  en que se está realizando o arranque, cuxo valor se obterá de acordo co previsto no artigo 40.5.

$x_a(c,i,j)$ : fracción das termias totais proporcionadas polo combustible  $c$  utilizado polo grupo  $i$  en estado de arranque do sistema eléctrico illado  $j$  nese arranque.

$$x_a(c,i,j) = \frac{Qa(c,i,j) \cdot pci(c,i,h,j)}{\sum_c Qa(c,i,j) \cdot pci(c,i,h,j)}$$

Onde:

$Qa(c,i,j)$  Consumo en toneladas do combustible  $c$  polo grupo  $i$  en estado de arranque do sistema eléctrico illado  $j$  autorizadas aos suxeitos produtores cada hora.

c) Os valores do poder calorífico inferior do combustible utilizado por un grupo  $i$  do sistema eléctrico  $j$  ( $pci(i,h,j)$ ), valorado en th/t, para os efectos de despacho de produción, serán os seguintes:

	$pci(i,h,j)$ (th/t)
Carbón	6.011
Fuel óleo BIA 1%	9.850
Fuel óleo BIA 0,3%	9.850
Fuel óleo BIA 0,73%	9.850
Gasóleo	10.373
Diésel óleo	10.140

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse modificar estes valores a partir dos valores reais obtidos dos ensaios realizados sobre os combustibles utilizados.

d) Para os efectos da liquidación da retribución por custos variables de cada grupo xerador, o poder calorífico inferior calcularase como a media ponderada dos poderes caloríficos inferiores reais de cada partida de combustible, obtidos das análises realizadas en cada partida de combustible consumido en cada central. Para estes efectos, os titulares das centrais deberán declarar mensualmente o valor do poder calorífico inferior de cada partida de combustible ao órgano encargado das liquidacións, quen realizará inspeccións aleatorias para verificar os datos declarados. Para estes efectos, deberán presentar os resultados das probas realizadas por unha entidade acreditada. Os poderes caloríficos utilizados para os efectos de liquidacións serán publicados polo director xeral de Política Enerxética e Minas.

2. O proceso de autorización de uso excepcional de combustible ou mestura de combustibles non autorizada realizarase de acordo co indicado neste punto.

O operador do sistema poderá autorizar o uso excepcional e temporal dun combustible ou mestura de combustibles distintos aos autorizados se a produción de enerxía eléctrica co combustible ou a mestura de combustibles distinta da autorizada resulta

imprescindible para a garantía de subministración. En caso contrario, o operador do sistema aceptará a dita solicitude nos seguintes supostos:

- a) No caso de que a retribución por combustible sexa superior ao utilizar a nova mestura de combustibles que ao utilizar o combustible ou mestura de combustibles autorizados, a retribución por combustible recoñecida calcularase co combustible ou mestura de combustibles autorizados.
- b) No caso de que a retribución por combustible sexa menor coa nova mestura proposta que co combustible ou mestura de combustibles autorizados, a produción será retribuída a este menor custo variable.

En caso de que o suxeito non desexe producir aceptando estas condicións, renunciará ao cambio autorizado, coa consecuente declaración do suxeito xerador de limitación de dispoñibilidade na unidade de produción afectada.

## **ANEXO VII**

### **Informes**

1. O informe anual de cobertura da demanda definido no artigo 44 porá de manifesto os riscos sobre a seguridade e continuidade de subministración existentes en cada un dos sistemas eléctricos illados, utilizando os indicadores estándar establecidos no punto 4.

Así mesmo, para aqueles sistemas nos cales se poñan de manifesto riscos sobre a seguridade e continuidade de subministración, o operador do sistema valorará tecnicamente e baixo a hipótese de nó único as necesidades de novas instalacións de xeración térmica e, de ser o caso, de instalacións hidroeléctricas non fluentes.

O operador do sistema indicará a potencia térmica necesaria proposta, a potencia térmica adicional proposta e, de ser o caso, de instalacións hidroeléctricas non fluentes para cubrir a demanda prevista para cada un dos anos do horizonte do informe. A potencia necesaria proposta para un ano concreto será aquela para a cal se obteña un indicador de probabilidade de déficit de cobertura mensual de menos dun día en 10 anos.

Así mesmo, indicará, de ser o caso, as limitacións técnicas que poidan existir relativas, entre outros aspectos, ao tamaño e á tecnoloxía dos grupos, ás magnitudes de xeración por zonas, e dará sinais de localización por nós, para o cal terá en conta as redes existentes e planificadas ou previstas nos plans de investimento de distribución aprobados.

A partir das limitacións recollidas no parágrafo anterior poderá propor varios escenarios de potencia adicional proposta para cubrir a demanda prevista.

A metodoloxía que aplicará o operador do sistema para a elaboración deste informe terá en conta os seguintes criterios:

- a) Previsión da demanda horaria para o período tendo en conta unha senda de puntas de demanda derivadas das hipóteses de crecemento económico estimadas polo Ministerio de Economía e Competitividade, tendo en conta, ademais, as medidas de

eficiencia enerxética e xestión da demanda que sexan de aplicación, todo isto considerando unhas condicións de temperatura desfavorables pero non extremas.

O operador do sistema deberá realizar a análise de cobertura definida neste punto para varias previsións de demanda.

b) Previsión de xeración de orixe renovable categoría B mediante a xeración de escenarios independentes de produción con base en datos históricos e na senda de potencia instalada (real e futura), tendo en conta a potencia inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, as instalacións inscritas no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación, así como a potencia convocada mediante o procedemento de concorrencia competitiva para o outorgamento do réxime retributivo específico, definido no artigo 12 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

No caso de que non se aprobase o dito procedemento de concorrencia, tomarase a mellor previsión de instalación de xeración de orixe renovable.

c) Para as instalacións categoría A, teranse en conta a potencia inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, a xeración con resolución de compatibilidade en vigor, a potencia adxudicataria dos concursos convocados e as mellores previsións de incrementos de potencia sen réxime retributivo adicional. Non se terá en conta a potencia das centrais que finalicen a súa vida útil regulatoria a partir do dito ano e a potencia daquelas cuxo peche se prevexa. Terase en conta a implantación de instalacións de bombeo se así se autorizou. Para a previsión de xeración das centrais categoría A, terase en conta a aleatoriedade das súas indispoñibilidades non programadas con base na taxa de fallo fortuíta observada. Neste sentido, xeraranse escenarios independentes de fallo con base en datos históricos.

d) Para os enlaces eléctricos con outros sistemas, terase en conta a capacidade máxima de explotación baixo criterios que permitan salvaguardar a seguridade e a calidade de subministración. Xeraranse escenarios de fallo en función da taxa de fallo fortuíta observada neles.

Deberanse especificar o método estatístico utilizado, as variables tidas en conta e os valores ou rango de valores asignados, de tal forma que se garanta a repetitividade dos cálculos realizados.

2. O informe sobre riscos de cobertura da demanda no curto prazo definido no artigo 45 realizarase conforme a metodoloxía recollida neste punto.

a) Este informe comprenderá dous aspectos:

1º. Realizarase unha avaliación do risco de fallo de subministración, que podería derivar dos propios recursos de produción e das instalacións de bombeo. Para estes efectos, utilizaranse os indicadores estándar indicados no punto 4 e a marxe de reserva de potencia de regulación.

2º. Realizarase, se é procedente, unha análise zonal, que porá de manifesto as necesidades especiais de dispoñibilidade de equipamentos de xeración ou de redes para evitar situacións que supoñan o incumprimento dos criterios de seguridade do sistema en certas zonas xeográficas ou áreas determinadas da rede.

Así mesmo, o operador do sistema propondrá, para diferentes tecnoloxías e diferentes escenarios, as necesidades especiais de dispoñibilidade de equipamentos de xeración para cubrir a demanda prevista cos criterios de seguridade establecidos na normativa de aplicación.

b) O operador do sistema terá en conta os seguintes criterios á hora de elaborar este informe de cobertura:

1º. Previsión da demanda horaria para o período anual, tendo en conta unha senda de puntas de demanda derivadas das hipóteses de crecemento económico estimadas polo Ministerio de Economía e Competitividade, tendo en conta, ademais, as medidas de eficiencia enerxética e xestión da demanda que sexan de aplicación. Terase en conta, de ser o caso, o efecto da potencia interrompible contratada para cada período, a cal deberá considerarse como unha redución da punta da demanda.

2º. Previsión de xeración de orixe renovable mediante a xeración de escenarios independentes de produción con base en datos históricos e a potencia instalada en cada sistema illado.

3º. Para as instalacións categoría A terase en conta a potencia inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, así como a aleatoriedade das súas indispoñibilidades non programadas con base na taxa de fallo fortuíta observada. Neste sentido, xeraranse escenarios independentes de fallo con base en datos históricos.

4º. Os requirimentos de reserva rodante que se establecen nos procedementos de operación.

5º. Para os enlaces eléctricos con outros sistemas, terase en conta a capacidade máxima de explotación baixo criterios que permitan salvaguardar a seguridade e a calidade de subministración. Xeraranse escenarios de fallo en función da taxa de fallo fortuíta observada neles.

Coa información anteriormente citada efectuaranse simulacións hora a hora de cada día do ano combinando os escenarios de xeración de orixe renovable coas series de fallos das instalacións categoría A.

Deberanse especificar o método estatístico utilizado, as variables tidas en conta e os valores ou rango de valores asignados, de tal forma que se garanta a repetitividade dos cálculos realizados.

3. Para a elaboración do informe relativo á necesidade de instalar bombeos por garantía da subministración, seguridade do sistema ou integración de enerxías renovables non xestionables, establecido no artigo 74, terase en conta o establecido neste punto.

a) A metodoloxía que se aplicará para a elaboración do informe do operador de sistema terá en conta os seguintes criterios:

1º. Previsión da demanda horaria para o período tendo en conta unha senda de puntas de demanda derivadas das hipóteses de crecemento económico estimadas polo Ministerio de Economía e Competitividade, tendo en conta, ademais, as medidas de eficiencia enerxética e xestión da demanda que sexan de aplicación, todo isto considerando unhas condicións de temperatura desfavorables pero non extremas.



2º. Previsión de potencia de orixe renovable instalada analizando diferentes sendas de potencia instalada para as distintas tecnoloxías categoría A e categoría B en cada sistema illado. Para a previsión de xeración de orixe renovable analizaranse escenarios independentes de produción con base en datos históricos.

3º. Para as instalacións categoría A, teranse en conta a potencia inscrita no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, a xeración con resolución de compatibilidade en vigor e as mellores previsións de incrementos de potencia. Non se considerarán, a partir do ano que aplique, as centrais que vaian finalizar a súa vida útil regulatoria e aquelas das cales se prevexa o seu peche. Para a previsión de xeración destas centrais terase en conta a aleatoriedade das súas indispoñibilidades non programadas con base na taxa de fallo fortuíta observada. Neste sentido, xeraranse escenarios independentes de fallo con base nos datos históricos.

4º. Para os enlaces eléctricos con outros sistemas, terase en conta a capacidade máxima de explotación baixo criterios que permitan salvaguardar a seguridade e a calidade de subministración. Xeraranse escenarios de fallo en función da taxa de fallo fortuíta observada neles.

Deberanse especificar o método estatístico utilizado, as variables tidas en conta e os valores ou rango de valores asignados, de tal forma que se garanta a repetitividade dos cálculos realizados.

b) Para cada escenario de implantación que se analice, o operador do sistema realizará simulacións do despacho de produción anual, coas seguintes simplificacións:

1º. Non se considerarán restricións técnicas.

2º. Os custos variables de despacho das centrais térmicas serán a media ponderada pola enerxía xerada dos custos variables de despacho de todas as centrais térmicas de cada sistema illado do último ano.

3º. Para as instalacións de bombeo, o operador do sistema presentará unha proposta de valores unitarios de operación e mantemento variable e unha proposta de horas anuais de funcionamento estándar do grupo, que será coas que realice a simulación.

Finalmente, para cada escenario o operador do sistema calculará os custos de xeración coas seguintes simplificacións:

1º. Para as instalacións térmicas inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica non se terá en conta a retribución por custos fixos.

2º. A retribución por custos variables que se considerará para todas as centrais térmicas inscritas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica será a media ponderada pola enerxía xerada da retribución por custos variables de todas as centrais térmicas de cada sistema illado do último ano.

3º. Para a simulación de implantación de novas instalacións térmicas considerarase unha retribución por custos fixos constantes no tempo.

4º. No caso das instalacións de bombeo, o operador do sistema presentará unha proposta de valor estándar do investimento da instalación e unha proposta de valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos, que serán os que utilice para

calcular a retribución por custos fixos destas centrais, considerando unha retribución por custos fixos constante no tempo.

c) No informe elaborado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, regulado no artigo 74, realizarase unha valoración económica das diferentes alternativas propostas polo operador do sistema, incluída a vertedura de renovable, cuantificando o impacto sobre os custos do sistema eléctrico definidos no artigo 13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e sobre o custo de xeración dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares no longo prazo. O informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia será emitido no prazo de dous meses desde a recepción da solicitude.

Neste informe, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia engadirá aos custos de xeración calculados polo operador do sistema indicados no punto anterior os custos relativos ao réxime retributivo específico establecido no título IV do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

No citado informe analizarase expresamente a evolución dos custos do sistema eléctrico afectados no longo prazo, e compararanse os custos ao incluír unha instalación de bombeo tendo en conta a retribución por custos variables de xeración e a retribución por custos fixos obtidos a partir dos parámetros propostos polo operador do sistema no seu informe, fronte a unha maior integración de enerxía de orixe renovable permitindo verteduras. Adicionalmente, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia informará acerca dos parámetros propostos polo operador do sistema, definidos no punto anterior.

4. Nos informes de cobertura da demanda e para a determinación da potencia necesaria, a potencia adicional e as necesidades especiais de dispoñibilidade de equipamentos de xeración obteranse uns indicadores estándar, como resultado dos estudos probabilísticos de cobertura, que mostren a fiabilidade e seguridade do sistema en función das hipóteses de partida. Estes indicadores serán:

- a) Enerxía esperada non servida (EUE, *Expected Unserved Energy*), en MWh/ano.
- b) Horas en que existe unha probabilidade non nula de que se produza un déficit de cobertura (LOLE, *Loss of Load Expectation*), en horas/ano.
- c) Probabilidade de déficit de cobertura (LOLP *Loss of Load Probability*), en %.

## ANEXO VIII

### Procedemento para o outorgamento da resolución de compatibilidade

1. Información que se deberá presentar xunto coa solicitude de resolución de compatibilidade.

a). Información relativa ao titular da instalación, que incluirá:

- 1º. Escritura de constitución (nome, domicilio social, municipio/código postal, provincia, NIF/ NIE, nacionalidade).
- 2º. Documentación que acredite a capacidade técnica para exercer a actividade de produción.
- 3º. Documentación que acredite a viabilidade económico-financeira do proxecto.
- 4º. Datos para os efectos de comunicacións: nome do representante legal, NIF/ NIE do representante legal, enderezo, teléfono de contacto, fax, correo electrónico.

b). Datos técnicos do grupo proxectado:

- 1º. Tecnoloxía.
- 2º. Potencia bruta, neta e mínimo técnico ordinario e extraordinario.
- 3º. Propiedades fisicoquímicas do combustible que se utilizará.
- 4º. Ramplas de subida e baixada de potencia.
- 5º. Tempos de arranque en frío e en quente.
- 6º. Datos técnicos de despacho definidos nos artigos 62 e 63: A (i), B (i), C (i), A'(i) e B'(i),
- 7º. Horas anuais previstas de funcionamento estándar.
- 8º. Nos novos investimentos realizarase unha descrición técnica do investimento que se vai realizar, a súa xustificación e as melloras esperadas, así como a vida útil proposta para o dito investimento.

c). Datos económicos:

- 1º. Investimento previsto separado por conceptos (traballos xerais, obra civil, equipamentos mecánicos, sistemas eléctricos e de control, enxeñaría e outros).
- 2º. Anos de execución do proxecto.
- 3º. Viabilidade económico-financeira do proxecto (modos de financiamento).
- 4º. Capacidade de adquisición do combustible (oferta de subministración de combustible proposto).
- 5º. Datos económicos de despacho definidos nos artigos 61, 63 e 64: dato dos custos de operación e mantemento adicionais debidos ao arranque, D(i), valorado en euros/arranque e custos de operación e mantemento unitarios de despacho de cada grupo, O&MVDi en €/MWh ou, no caso de instalacións de bombeo, CvO&MuDBombeo.
- 6º. Custos variables relativos ao combustible (custos de produto, custos de loxística, etc.).

d). Localización prevista: sistema eléctrico illado e nó de conexión previsto.

e). Ano previsto de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, que se denominará no sucesivo, A<sub>REX</sub>.

## 2. Informe do operador do sistema previo á resolución do procedemento.

No informe que emita o operador do sistema, de acordo co establecido no artigo 48.3, analizaranse as seguintes cuestións:

a) Porase de manifesto se existe algún impedimento técnico para a execución da instalación no nó proposto polo titular tendo en conta as redes existentes ou planificadas e xustificárase detalladamente a dita circunstancia.

b) Valorárase exclusivamente se coas solicitudes de instalacións térmicas presentadas para cada sistema eléctrico illado e ano previsto de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, se supera a potencia térmica prevista adicional publicada na resolución de convocatoria do procedemento definida no artigo 46, para o dito ano e sistema eléctrico e, así mesmo, realizarase unha análise análoga para as solicitudes de instalacións hidroeléctricas non fluentes.

c) Establecerase, para cada sistema eléctrico illado e ano de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, unha prelación das instalacións en función das características favorables que a súa tecnoloxía, potencia e nó de conexión presentan para o sistema, desde o punto de vista da seguridade de subministración e da eficiencia técnico-económica do sistema. Para a xustificación disto último, presentaranse resultados da simulación do despacho de produción anual no relativo á variación dos custos de xeración e servizos de axuste definidos no artigo 71 e da enerxía xerada por cada grupo xerador, tendo en conta o novo grupo xerador proposto, o incremento de potencia ou a mellora da eficiencia proposta ou as instalacións que van finalizar a súa vida útil regulatoria e solicitan novamente o réxime retributivo.

## 3. Criterios que se aplicarán para a resolución do procedemento de outorgamento da resolución de compatibilidade.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá o procedemento de outorgamento da resolución de compatibilidade establecido no artigo 49 e aplicará os seguintes criterios para a determinación das instalacións ás cales procede o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade. Para iso, comparárase o valor resultante da suma de potencia das instalacións térmicas dun sistema eléctrico illado cun determinado ano previsto de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, excluídas as instalacións non admitidas a trámite ou que presenten algún impedimento para a súa execución, coa potencia térmica prevista adicional publicada na resolución definida no artigo 46, para o dito sistema eléctrico illado e o dito ano:

a) Se o primeiro valor é igual ou inferior á citada potencia térmica prevista adicional, poderase outorgar resolución favorable de compatibilidade a todas as instalacións, sen prexuízo de que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poida ditar, motivadamente, resolución desfavorable de compatibilidade para aquelas instalacións que non reduzan os custos de xeración e servizos de axuste definidos no artigo 71 do sistema eléctrico illado en que se pretendan situar.

b) Se o valor da suma é superior á citada potencia térmica prevista adicional, poderase outorgar resolución favorable de compatibilidade unicamente para o valor de potencia térmica prevista adicional publicada, sen prexuízo do establecido na alínea c). Para iso, seleccionáranse as instalacións atendendo á minimización a longo prazo dos custos do

sistema eléctrico postos de manifesto no informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia definido no artigo 48.4 e ao fomento da eficiencia técnica na operación deste, posto de manifesto no informe do operador do sistema definida no artigo 48.3.

c) Se o valor da suma é superior á citada potencia térmica prevista adicional, poderase outorgar resolución favorable de compatibilidade a toda a potencia solicitada sempre que se reduzan os custos de xeración do sistema eléctrico illado en que se sitúen, ao desprazar a instalacións de xeración máis caras. Para iso, seleccionaranse as instalacións atendendo á minimización a longo prazo dos custos do sistema eléctrico postos de manifesto no informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia definido no artigo 48.4 e ao fomento da eficiencia técnica na operación deste, posto de manifesto no informe do operador do sistema definida no artigo 48.3.

A resolución de compatibilidade deberá xustificar adecuadamente a aplicación dos anteriores criterios e, en particular, os motivos que determinan o outorgamento da resolución favorable de compatibilidade nos casos definidos nas alíneas b) e c).

Para as instalacións hidroeléctricas non fluentes aplicaranse os mesmos criterios que para as instalacións térmicas, considerando as solicitudes desta tecnoloxía presentadas e os valores de potencia hidráulica non fluente prevista adicional publicados.

Non se poderá outorgar resolución favorable de compatibilidade aos novos investimentos definidos no artigo 19 se o recoñecemento de tales investimentos supón, no horizonte temporal de dous períodos regulatorios, maiores custos para o sistema que os que existirían no caso de que estes non fosen recoñecidos, a menos que tales investimentos deriven do cumprimento da normativa estatal.

Poderá outorgarse resolución favorable de compatibilidade a parte da potencia dun grupo, no suposto de que outorgar resolución favorable á totalidade da potencia implique a superación da potencia térmica, ou hidráulica non fluente, prevista adicional publicada para determinado sistema eléctrico e ano. O réxime retributivo adicional outorgado, de ser o caso, a estas instalacións presentará as particularidades motivadas polas diferenzas entre a potencia autorizada e a potencia neta que se inscriba no rexistro, definidas no punto 5 deste anexo. Neste caso, se o titular da instalación non ten interese en executala nestas condicións retributivas, porao de manifesto no trámite de audiencia e resolverase desfavorablemente a súa solicitude. En caso de non realizar ningunha alegación ao respecto, considerarase que acepta as condicións retributivas descritas neste punto e procederá a cancelación da fracción da garantía correspondente á potencia para a cal non fose outorgada resolución favorable de compatibilidade.

En calquera caso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá ditar resolución desfavorable de compatibilidade de forma motivada cando exista algún impedimento para a súa execución e este fose posto de manifesto, polo operador do sistema ou pola comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla afectada, nos informes definidos nos puntos 3 e 5 do artigo 48, respectivamente.

#### 4. Requisitos que condicionan os efectos da resolución de compatibilidade.

a). A resolución favorable de compatibilidade outorgará ao titular o dereito a percibir o réxime retributivo adicional, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos relativos ao calendario de execución:

1º) Que o grupo dispoña de autorización administrativa previa ditada polo órgano competente, como máis tarde o 31 de decembro do ano  $A_{REX} - 2$ , onde  $A_{REX}$  é o ano previsto de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica aprobado na resolución favorable de compatibilidade.

2º) Que o grupo estea inscrito definitivamente no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo como máis tarde o 31 de decembro do dito ano  $A_{REX}$ .

O incumprimento de calquera destas dúas condicións suporá a extinción do dereito á percepción do réxime retributivo adicional e a execución das garantías presentadas. Malia isto, o secretario de Estado de Enerxía poderá exceptuar, mediante resolución motivada, a aplicación desta norma se o dito incumprimento non é nin directa nin indirectamente imputable ao interesado e se comunica a dita circunstancia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas con anterioridade ao vencemento do prazo que se vaia incumprir.

b). Para o recoñecemento do réxime retributivo adicional do grupo será condición necesaria que a súa tecnoloxía e nó de conexión coincidan cos aprobados na resolución favorable de compatibilidade.

Excepcionalmente, o secretario de Estado de Enerxía poderá autorizar, logo de informe favorable do operador do sistema, un cambio no nó de conexión da instalación, sempre que o dito cambio veña motivado por causas imputables ao operador do sistema ou á comunidade autónoma correspondente e o titular solicite o dito cambio con anterioridade ao vencemento do prazo para inscribir definitivamente o grupo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

O incumprimento de calquera destas condicións suporá a extinción do dereito á percepción do réxime retributivo adicional e a execución das garantías presentadas.

#### 5. Valor de potencia sobre o cal se outorga o réxime retributivo adicional.

a) O valor de potencia sobre o cal se recoñece o réxime retributivo adicional ao grupo establecerase dentro duns limiares en función das diferenzas entre a potencia autorizada,  $P_{aut}$  na resolución de compatibilidade e a potencia neta inscrita no rexistro.

Para estes efectos, establécense os seguintes limiares:

1º. Limiar superior,  $L_{sup}$ :

- i. Para as instalacións de potencia autorizada  $P_{aut}$  superior a 5 MW, o dito limiar  $L_{sup}$ , será do 120 por cento da potencia autorizada  $P_{aut}$ .
- ii. Para instalacións de potencia autorizada  $P_{aut}$  igual ou inferior a 5 MW, o dito limiar,  $L_{sup}$ , será do 130 por cento da potencia autorizada  $P_{aut}$ .



2º. Limiar inferior,  $L_{inf}$ :

- i. Para instalacións de potencia autorizada superior a 5 MW, o limiar inferior,  $L_{inf}$ , definido neste punto será do 90 por cento da potencia autorizada.
- ii. Para instalacións de potencia autorizada igual ou inferior a 5 MW, o limiar inferior,  $L_{inf}$ , será do 85 por cento da potencia autorizada.

b) O valor de potencia sobre a cal se recoñece o réxime retributivo adicional outorgado ao grupo será:

1º. Se a potencia neta inscrita definitivamente no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo é maior ao limiar superior da potencia autorizada,  $L_{sup}$ , o réxime retributivo adicional non se outorgará á totalidade da potencia do grupo.

A retribución que percibirá o grupo neste caso calcularase da seguinte forma:

i. O réxime retributivo adicional calcularase multiplicando, tanto a retribución por custos variables de xeración, como a retribución por custos fixos, por un factor M. Este factor obterase como cociente entre a potencia autorizada,  $P_{aut}$ , e a potencia neta inscrita definitivamente no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

ii. A retribución correspondente á enerxía imputable á fracción de grupo sen réxime retributivo adicional recoñecido,  $R_{SRRRA}$ , calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$R_{SRRRA} = (1 - M) * E_x * P_{hvenda}(j)$$

Onde:

M: factor M definido no parágrafo anterior.

$E_x$ : enerxía xerada medida en barras de central.

$P_{hvenda}(j)$ : prezo horario de venda da enerxía no sistema illado j, expresado en €/MWh, definido no anexo I.

2º. Se a potencia neta inscrita definitivamente no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo é inferior ao limiar inferior da potencia autorizada,  $L_{inf}$ , só terá dereito á percepción do réxime retributivo adicional pola potencia inscrita no citado rexistro. Así mesmo, procederá a execución das garantías presentadas ao abeiro do artigo 50 pola fracción da garantía correspondente á diferenza entre  $P_{aut}$  e a potencia neta inscrita definitivamente no rexistro.

3º. Se a potencia neta inscrita definitivamente no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo está comprendida entre os limiares inferior e superior,  $L_{inf}$  e  $L_{sup}$ , definidos neste punto, terá dereito á percepción do réxime retributivo adicional a totalidade da potencia inscrita no rexistro. Esta circunstancia non suporá a execución das garantías presentadas.

6. Limitacións para o outorgamento do réxime retributivo adicional polos novos investimentos.

a) O procedemento para o outorgamento do réxime retributivo adicional polos novos investimentos dun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que culmine cunha modificación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dese grupo realizarase segundo o establecido no capítulo IV do título IV coas seguintes limitacións:

1º) Non lles será de aplicación o establecido no artigo 47.3.

2º) As referencias feitas á “instalación” ou ao “grupo”, á “inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica” e á “autorización administrativa previa da instalación” deberán entenderse realizadas á “modificación”, á “modificación da inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica” e á “autorización administrativa previa da modificación”, respectivamente.

3º) Con carácter previo á resolución de modificación da inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, deberanse recoñecer os datos técnicos e económicos do grupo que fosen modificados.

b) O procedemento para o outorgamento do réxime retributivo adicional polos novos investimentos dun grupo inscrito no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica que non impliquen unha modificación da inscrición no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dese grupo realizarase segundo o establecido no capítulo IV do título IV, coas seguintes limitacións:

1º) Non lles será de aplicación o establecido no artigo 47.3.

2º) As referencias feitas á “instalación” ou ao “grupo” e á “inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica” deberán entenderse feitas á “modificación” e á “emisión da autorización de explotación tras a realización do investimento”, respectivamente.

7. Recoñecemento do réxime retributivo adicional.

a. No prazo dun mes desde a data de autorización administrativa previa do grupo, o titular deberá remitir a dita autorización á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para acreditar o cumprimento do condicionado establecido no punto 4.a.1º).

b. Transcorrido o prazo definido no punto anterior sen que o titular presentase a comunicación que acredite o cumprimento do condicionado establecido no punto 4.a.1º), producirase a caducidade da resolución favorable de compatibilidade e extinguirase o dereito á percepción do réxime retributivo adicional.

c. No prazo máximo de seis meses desde a data de inscrición do grupo con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica, o titular deberá solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o recoñecemento do réxime retributivo adicional.

Esta solicitude deberá ir acompañada da auditoría sobre o investimento realizado, así como da declaración responsable relativa ao cumprimento dos condicionados

establecidos no punto 4, de acordo co modelo establecido no punto 8 ou, de ser o caso, da declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos exixidos ás instalacións adxudicatarias do concurso definido no artigo 55, así como a documentación que se considere necesaria para a acreditación do anterior.

d. Transcorrido o prazo definido no punto anterior sen que o titular presentase a solicitude de recoñecemento do réxime retributivo adicional, producirase a caducidade da resolución favorable de compatibilidade e extinguirase o dereito á percepción do réxime retributivo adicional.

8. Modelo de declaración responsable relativa ao cumprimento dos condicionados establecidos no punto 4:

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D.<sup>ª</sup>/D....., maior de idade, con documento nacional de identidade número....., en nome e representación de....., con domicilio social en..... e CIF....., titular da instalación con código de identificación da resolución de compatibilidade, CIC, ..... e número de inscrición con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo .....

Declaro baixo a miña responsabilidade, para os efectos previstos no anexo VIII.7.c do Real decreto XXX/2014, do xx de xxxx, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, que o citado grupo cumpre cos condicionados necesarios para a percepción do réxime retributivo adicional regulados no anexo VIII.4 do citado real decreto.

Así mesmo, manifesto que dispoño da documentación que acredita o cumprimento dos citados requisitos e que me comprometo a mantelos durante o período de tempo en que a instalación teña dereito á percepción do réxime retributivo adicional regulado no título IV do citado Real decreto XXX/2014, do xx de xxxx, e a notificar os feitos que supoñan unha modificación destes, e asumo as responsabilidades legais en caso de incumprimento, falsidade ou omisión.

Por último, declaro coñecer que será motivo para a revogación do dereito ao réxime retributivo adicional do citado grupo a constatación da falsidade na presente declaración responsable, de acordo co previsto no artigo 58.2.b) do mencionado real decreto. Todo isto sen prexuízo do réxime sancionador aplicable.

En..... o..... de..... de...

Sinatura

## ANEXO IX

**Indicadores e obxectivos mínimos de eficiencia na xestión do despacho e de calidade de servizo**

a) O indicador de eficiencia na xestión do despacho para cada ano  $n$  e para cada sistema illado  $j$ ,  $IE(j, n)$  en th/kWh, obtense segundo a seguinte expresión:

$$IE(j, n) = \frac{\sum_i^I \sum_h^H (CE_{\text{despfinal}_{n,h,i}} \cdot E_{n,h,i})}{\sum_i^I E_i(n)} - \frac{\sum_i^I \sum_h^H (CE_{\text{desp1}_{n,h,i}} \cdot E_{\text{desp1}_{n,h,i}})}{\sum_i^I E_{\text{desp1}i}(n)}$$

Onde:

H: número de horas total do ano  $n$ : 8.760 en ano normal e 8.784 en ano bisesto.

$i$ : cada un dos grupos categoría A que compoñen o sistema illado  $j$ , onde  $l$  é o último dos grupos que conforman ese sistema illado.

$CE_{\text{despfinal}_{n,h,i}}$ : consumo específico en th/kWh producido segundo a programación final definida no artigo 69.5 do grupo  $i$  na hora  $h$  do ano  $n$ .

$CE_{\text{desp1}_{n,h,i}}$ : consumo específico en th/kWh programado no primeiro despacho diario e intradiario definido no artigo 69 do grupo  $i$  na hora  $h$  do ano  $n$ .

O consumo específico calcularase a partir dos datos técnicos de despacho definidos nos artigos 62, 63 e 65.

$E_{n,h,i}$ : enerxía xerada polo grupo  $i$  na hora  $h$ , no ano  $n$ , expresada en kWh.

$E_j(n) = \sum_i^I E_i(n)$ : enerxía xerada no sistema illado  $j$  no ano  $n$  por todos os grupos categoría A, expresada en kWh.

$E_{\text{desp1}_{n,h,i}}$ : enerxía programada no primeiro despacho diario e intradiario definido no artigo 69 para o grupo  $i$  na hora  $h$ , no ano  $n$ , expresada en kWh.

$E_{\text{desp1}j}(n) = \sum_i^I E_{\text{desp1}i}(n)$ : enerxía programada no primeiro despacho diario e intradiario definido no artigo 69 no sistema illado  $j$  por todos os grupos categoría A no ano  $n$ , expresada en kWh.

b) O obxectivo mínimo de eficiencia na xestión do despacho para cada ano  $n$  e para cada sistema illado  $j$   $OME(j, n)$  será o indicador de eficiencia na xestión do despacho para cada sistema illado  $j$  no ano  $n-1$ , se nel non se producisen eventos excepcionais ou de forza maior, caso en que se tomaría o ano previo ao anterior.

c) Os indicadores de calidade de servizo ( $ICS_{\text{NIEPI}}$ ,  $ICS_{\text{TIEPI}}$ ) para cada ano  $n$  e para cada sistema illado  $j$  estarán determinados polo número de interrupcións e duración das interrupcións debidas á xeración de máis de 3 minutos, determinados conforme a definición de NIEPI e TIEPI establecida na normativa xeral de aplicación.

d) Os obxectivos mínimos de calidade (OCS<sub>NIEPI</sub>, OCS<sub>TIEPI</sub>,) para cada sistema illado j serán establecidos por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo por proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

e) O operador do sistema informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, con carácter mensual, para cada grupo e para cada hora do mes, do consumo específico de cada grupo xerador, CE<sub>despfinal</sub>(h,i) e do consumo específico previsto segundo a enerxía programada a cada grupo no primeiro, segundo e terceiro despacho diario e nos intradiarios, indicando as diferentes causas das diferenzas entre os despachos: reservas de potencia, regulación, control de tensión, previsión de desvíos nos programas de xeración e en demanda e restricións de redes, entre outras. Así mesmo, remitirá o indicador de eficiencia acumulado para cada sistema illado j, tendo en conta as horas dos meses transcorridos.

Así mesmo, antes do 30 de xuño do ano, as empresas distribuidoras remitirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e de Minas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia os valores dos indicadores de TIEPI e o NIEPI do ano anterior, asociados á xeración segundo a definición dada na Orde ECO/797/2002, do 22 de marzo, pola que se aproba o procedemento de medida e control da continuidade da subministración eléctrica para cada sistema eléctrico illado dos territorios non peninsulares.

f) As circunstancias excepcionais que poidan afectar no cálculo do indicador de eficiencia ou de calidade poderán ser exceptuadas do cálculo dos indicadores de eficiencia e de calidade, logo de autorización por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

## ANEXO X

### Procedemento de despacho de produción

O procedemento de despacho consistirá:

1. Nun primeiro despacho, con criterio exclusivamente económico: neste primeiro despacho realizarase unha simulación en que a xeración, para cada unha das horas, será asignada como nó único e para cubrir exclusivamente a demanda comunicada polos comercializadores, os consumidores directos e os xeradores para o seu consumo de servizos auxiliares cando o saldo neto sexa comprador nesa hora.

Para iso utilizarase un modelo de minimización de custos variables de despacho que teña en conta as características dos datos de entrada antes citados.

2. Nun segundo despacho, con criterio económico e de seguridade, que deberá ter en conta que:

- a) A xeración e reserva rodante de cada grupo xerador, para cada unha das horas, é asignada como nó único.
- b) O operador do sistema considerará a mellor previsión de demanda horaria do sistema dispoñible no horizonte de decisión.

- c) O operador do sistema revisará os programas horarios previstos e comunicados polos xeradores a partir de fontes de enerxía renovable non xestionables para o horizonte de programación e utilizará, nesta fase do despacho, a mellor previsión dispoñible.
  - d) No cálculo da cobertura da curva de demanda, a xeración prevista das instalacións categoría B colocarse ao seu prezo instrumental definido no artigo 61 até o límite de integración que permita salvaguardar as condicións de seguridade e calidade de subministración para o sistema eléctrico.
  - e) Así mesmo, terá en conta un mínimo de xeración xestionable necesaria que proporcione a inercia, as reservas de regulación e a garantía de cobertura suficientes para a explotación do sistema eléctrico en condicións de seguridade e estabilidade.
  - f) No caso de coxeradores, a potencia dispoñible da central e a participación no despacho de produción estarán condicionadas polo proceso produtivo asociado nos termos que se definan nos correspondentes procedementos de operación.
  - g) Para iso utilizarase un modelo de minimización de custos variables que teña en conta as características dos datos de entrada antes citados e sen partir dos resultados da simulación do primeiro despacho.
3. Nun terceiro despacho, no cal, partindo do despacho anterior, se analizarán as posibles restricións impostas pola rede de transporte a esta situación base de cobertura, por violación dos límites impostos en estado normal de funcionamento ás variables de control do sistema, e ante as continxencias establecidas na normativa de aplicación.

Procederase a un reaxuste da xeración, se for necesario, con criterios de seguridade e economía, identificando condicións de funcionamento obrigadas dos grupos.

## ANEXO XI

### Liquidación da enerxía no despacho de produción

1. Obrigación de pagamento por capacidade para as empresas comercializadoras e consumidores directos.

Cada unha das empresas comercializadoras e consumidores directos  $c$  do sistema eléctrico illado  $j$  terá unha obrigación de pagamento por capacidade que se calculará segundo a seguinte expresión:

$$PCAP(c,h,j) = \sum_{pa} EDC(c,h,j,pa) * PCAP(h,pa)$$

Onde:

$PCAP(c,h,j)$ : obrigación de pagamento por capacidade para a empresa comercializadora e consumidor directo  $c$  do sistema eléctrico illado  $j$  na hora  $h$ .

$EDC(c,h,j,pa)$ : enerxía en barras de central, na hora  $h$  e no sistema eléctrico illado  $j$ , consumida polo comercializador ou consumidor directo  $c$  en peaxe de acceso  $pa$ .



PCAP(h,pa): prezo do pagamento por capacidade para a demanda na hora h para a peaxe de acceso pa establecida na normativa vixente.

2. Obrigación de pagamento por custo de desvíos para as empresas comercializadoras e consumidores directos.

Cada unha das empresas comercializadoras e consumidores directos c do sistema eléctrico illado j terá unha obrigación de pagamento por custo de desvíos que se calculará segundo a seguinte expresión:

$$\text{CDSV}(c,h,j) = \text{Abs}(\text{EDC}(c,h,j) - \text{EDCp}(c,h,j)) * \text{CDSVPEN}(h)$$

Onde:

CDSV(c,h,j): obrigación de pagamento por custo de desvíos para a empresa comercializadora e consumidor directo c do sistema eléctrico illado j na hora h.

EDCp(c,h,j): previsión de compras en barras de central da empresa comercializadora e consumidor directo c do sistema eléctrico illado j na hora h comunicada ao operador do sistema, segundo se establece no artigo 68, para a realización do despacho diario.

CDSVPEN(h): custo medio dos desvíos dos consumidores directos e comercializadores que adquiren a súa enerxía para clientes finais nacionais directamente no mercado de produción no sistema eléctrico peninsular na hora h.

EDC(c,h,j): enerxía en barras de central adquirida pola empresa comercializadora e consumidor directo c do sistema eléctrico illado j na hora h.

3. Os custos do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, os custos para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema e, de ser o caso, outros custos serán os que resulten de aplicar a normativa xeral de aplicación.

4. Até a entrada en vigor da orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, definida no artigo 7.2, que estableza os custos de desvíos en que incorran as instalacións con dereito á percepción do réxime retributivo específico, o custo polos desvíos en que incorran as ditas instalacións, que deberá ser aboado polos seus titulares, calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$\text{CustoDesvíos}(e,h,j) = \text{desv}(e,h,j) * \text{CDSV}(h)$$

Onde:

CustoDesvíos(e,h,j): custo de desvíos do xerador e no sistema eléctrico illado j na hora h.

desv(e,h,j): valor absoluto da diferenza na hora h entre a enerxía medida en barras de central do xerador e do sistema eléctrico illado j e a produción prevista comunicada para a realización do despacho diario, nesa hora para ese sistema.

CDSV(h): custo medio dos desvíos das instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos peninsular da mesma categoría

establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, que participan no mercado de produción peninsular na hora h.

Naqueles casos en que varios grupos xeradores dos definidos neste punto dunha mesma categoría establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, do sistema eléctrico illado j participen no despacho co mesmo suxeito de liquidación, aplicarase ao custo de desvíos de cada xerador un factor de corrección, calculado ao dividir o valor absoluto da suma dos desvíos horarios de todos os grupos e do suxeito pertencentes á mesma categoría establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e sistema eléctrico illado, entre a suma do valor absoluto dos ditos desvíos horarios.

5. Até a entrada en vigor da orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, definida no artigo 8.2, que estableza os custos de desvíos en que incorran as instalacións de tecnoloxía renovable non xestionable sen dereito a réxime retributivo específico, o custo polos desvíos en que incorran tales instalacións, que deberá ser aboado polos seus titulares, calcularase de acordo coa seguinte expresión:

$$\text{CustoDesvíos}(e,h,j) = \text{desv}(e,h,j) * \text{CDSV}(h)$$

Onde:

$\text{CustoDesvíos}(e,h,j)$ : custo de desvíos do xerador e no sistema eléctrico illado j na hora h.

$\text{desv}(e,h,j)$ : valor absoluto da diferenza na hora h entre a enerxía medida en barras de central do xerador e do sistema eléctrico illado j e a produción prevista comunicada para a realización do despacho diario, nesa hora para ese sistema.

$\text{CDSV}(h)$ : custo medio peninsular dos desvíos das instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos da mesma categoría establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, que participan no mercado de produción peninsular na hora h.

Naqueles casos en que varios grupos xeradores dos definidos neste punto dunha mesma categoría establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, do sistema eléctrico illado j participen no despacho co mesmo suxeito de liquidación, aplicarase ao custo de desvíos de cada xerador un factor de corrección, calculado ao dividir o valor absoluto da suma dos desvíos horarios de todos os grupos e do suxeito pertencentes á mesma categoría establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e sistema eléctrico illado, entre a suma do valor absoluto dos ditos desvíos horarios.

## ANEXO XII

## Parámetros técnicos e económicos de retribución para o primeiro período regulatorio

## 1. Valor da anualidade da retribución por investimento para o ano 2015

O valor da anualidade da retribución por investimento (CIn) para o ano 2015, desde a entrada en vigor do presente real decreto, para cada un dos grupos será a establecida na seguinte táboa:

Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO1-1064	ALCUDIA 1, GRUPO Nº 1	0,000
RO1-1065	ALCUDIA 2, GRUPO Nº 2	0,000
RO2-0057	ALCUDIA 3, TURBINA DE GAS Nº 1	0,000
RO2-0058	ALCUDIA 4, TURBINA DE GAS Nº 2	0,000
RO1-1066	ALCUDIA 5, GRUPO Nº 3	9,227
RO1-1067	ALCUDIA 6, GRUPO Nº 4	9,331
RO2-0063	FORMENTERA 1, TURBINA DE GAS Nº 1	0,000
RO2-0036	IBIZA 5, BURMEISTER Nº 1	0,000
RO2-0038	IBIZA 6, BURMEISTER Nº 2	0,000
RO2-0039	IBIZA 7, BURMEISTER Nº 3	0,000
RO2-0040	IBIZA 8, BURMEISTER Nº 4	0,000
RO2-0043	IBIZA 9, BURMEISTER Nº 5	0,000
RO2-0044	IBIZA 10, BURMEISTER Nº 6	0,000
RO2-0045	IBIZA 11, BURMEISTER Nº 7	0,000
RO2-0059	IBIZA 12, TURBINA DE GAS Nº 1	0,000
RO2-0046	IBIZA 13, BURMEISTER Nº 8	0,841
RO2-0047	IBIZA 14, BURMEISTER Nº 9	0,763
RO2-0060	IBIZA 15, TURBINA DE GAS Nº 2	0,000
RO2-0159	IBIZA 16, DIÉSEL MAN 1	1,243
RO2-0160	IBIZA 17, DIÉSEL MAN 2	1,285
RO2-0158	IBIZA TURBINA DE GAS Nº 3 (SON MOLINAS 5)	0,000
RO2-0161	IBIZA TURBINA DE GAS Nº 4	0,000
RO2-0182	IBIZA 20 (MAN3)	2,252
RO2-0183	IBIZA 21 (MAN 4)	2,263
RO2-0201	IBIZA 22, TURBINA DE GAS Nº 5	1,559
RO2-0202	IBIZA 23, TURBINA DE GAS Nº 6	1,696
RO2-0208	IBIZA 24, TURBINA DE GAS Nº 6B	
RO2-0209	IBIZA 25, TURBINA DE GAS Nº 7A	
RO2-0210	IBIZA 26, TURBINA DE GAS Nº 7B	
RO2-0037	MAHÓN 9, BURMEISTER Nº 1	0,793
RO2-0041	MAHÓN 10, BURMEISTER Nº 2	0,754
RO2-0042	MAHÓN 11, BURMEISTER Nº 3	0,766
RO2-0061	MAHÓN 12, TURBINA DE GAS Nº 2	0,410

Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO2-0077	MAHÓN 13, TURBINA DE GAS Nº 1	0,617
RO1-1074	MAHÓN 14, TURBINA DE GAS Nº 3	1,704
RO2-0198	MAHÓN TG4	3,328
RO2-0203	MAHÓN 16, TURBINA DE GAS Nº 5	3,385
RO2-0031	SON REUS 1, TURBINA DE GAS Nº 1	0,812
RO2-0032	SON REUS 2, TURBINA DE GAS Nº 2	0,810
RO2-0033	SON REUS 3, TURBINA DE GAS Nº 3	0,810
RO2-0034	SON REUS 4, TURBINA DE GAS Nº 4	0,813
RO1-1068 RO1-1069 RO1-1070 RO1-1073	SON REUS 5, TURBINA DE GAS Nº 5 SON REUS 6, TURBINA DE GAS Nº 6 SON REUS 7, TURBINA DE GAS Nº 7 SON REUS VAPOR 10	15,336
RO1-1072	SON REUS 9, TURBINA DE GAS Nº 9 (CC2)	4,757
RO1-1071	SON REUS TURBINA DE GAS Nº 8 (CC2)	4,757
RO1-1075	SON REUS TURBINA DE VAPOR Nº 2 (CC2)	5,076
RO2-0195	CA'S TRESORER TG1, CC1	6,139
RO2-0196	CA'S TRESORER TG2, CC1	6,143
RO2-0197	CA'S TRESORER TV, CC1	6,604
RO1-2012	CA'S TRESORER TG3, CC2	7,023
RO1-2013	CA'S TRESORER TG4, CC2	7,061
RO1-2014	CA'S TRESORER TV2, CC2	7,344

Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO2-0089	BARRANCO DE TIRAJANA 1, GAS 1	0,428
RO2-0090	BARRANCO DE TIRAJANA 2, GAS 2	0,602
RO1-1049	BARRANCO DE TIRAJANA 3, VAPOR 1	7,983
RO1-1050	BARRANCO DE TIRAJANA 4, VAPOR 2	7,133
RO1-1051	BARRANCO DE TIRAJANA 5, GAS 3 (CC 1)	5,648
RO1-1052	BARRANCO DE TIRAJANA 6, GAS 4 (CC 1)	5,665
RO1-2000	BARRANCO DE TIRAJANA 7, VAPOR 3 (CC1)	5,910
RO2-0188	BARRANCO DE TIRAJANA 8, GAS 5 CC2	6,306
RO2-0189	BARRANCO DE TIRAJANA 9, GAS 6 CC2	6,370
RO2-0190	BARRANCO DE TIRAJANA 10, VAPOR 4 CC2	7,069
RO2-0081	JINÁMAR 2, DIÉSEL 1	0,000
RO2-0082	JINÁMAR 3, DIÉSEL 2	0,000
RO2-0083	JINÁMAR 4, DIÉSEL 3	0,000

Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO2-0086	JINÁMAR 7,	0,000
RO1-1047	JINÁMAR 8, VAPOR	0,000
RO1-1048	JINÁMAR 9, VAPOR	0,000
RO2-0087	JINÁMAR 10, GAS	0,000
RO2-0088	JINÁMAR 11, GAS	0,000
RO2-0084	JINÁMAR 12, DIÉSEL	0,656
RO2-0085	JINÁMAR 13, DIÉSEL	0,974
RO2-0118	LAS SALINAS 1, DIÉSEL 1	0,000
RO2-0119	LAS SALINAS 2, DIÉSEL 2	0,000
RO2-0120	LAS SALINAS 3, DIÉSEL 3	0,000
RO2-0121	LAS SALINAS 4, DIÉSEL 4	0,000
RO2-0122	LAS SALINAS 5, DIÉSEL 5	0,000
RO2-0123	LAS SALINAS 6, DIÉSEL 6	0,714
RO2-0124	LAS SALINAS 7,GAS 1	0,400
RO2-0125	LAS SALINAS 8, GAS 2	1,075
RO2-0135	SALINAS, LAS 9 (GUINCHOS, LOS 11)	0,000
RO2-0179	LAS SALINAS 10, DIÉSEL 7	2,817
RO2-0199	LAS SALINAS 11, DIÉSEL 8	2,071
RO2-0200	LAS SALINAS 12, DIÉSEL 9	2,143
RO2-0107	PUNTA GRANDE 2, DIÉSEL 1	0,000
RO2-0108	PUNTA GRANDE 3, DIÉSEL 2	0,000
RO2-0109	PUNTA GRANDE 7, DIÉSEL 3	0,000
RO2-0115	PUNTA GRANDE 9, GAS 1	0,000
RO2-0110	PUNTA GRANDE 11, DIÉSEL 4	0,321
RO2-0111	PUNTA GRANDE 12, DIÉSEL 5	0,197
RO2-0112	PUNTA GRANDE 13, DIÉSEL 6	1,645
RO2-0116	PUNTA GRANDE 14, GAS 2	0,821
RO2-0113	PUNTA GRANDE 15, DIÉSEL 7	1,776
RO2-0114	PUNTA GRANDE 16, DIÉSEL 8	1,800
RO2-0193	PUNTA GRANDE DIÉSEL 9	2,463
RO2-0194	PUNTA GRANDE DIÉSEL 10	2,505
RO2-0095	CANDELARIA 3, DIÉSEL 1	0,000
RO2-0096	CANDELARIA 4, DIÉSEL 2	0,000
RO2-0100	CANDELARIA 5, GAS 3	0,000
RO2-0097	CANDELARIA 6, DIÉSEL 3	0,000
RO2-0093	CANDELARIA 9, VAPOR 5	0,000
RO2-0094	CANDELARIA 10, VAPOR 6	0,000
RO2-0098	CANDELARIA 11, GAS 1	0,000
RO2-0099	CANDELARIA 12, GAS 2	0,162
RO2-0103	GRANADILLA 1, GAS 1	0,261
RO2-0101	GRANADILLA 2, DIÉSEL 1	1,106
RO2-0102	GRANADILLA 3, DIÉSEL 2	1,129
RO1-1054	GRANADILLA 4, VAPOR 2	7,891
RO1-1053	GRANADILLA 5, VAPOR 1	7,074

Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO2-0104	GRANADILLA 6, GAS 2	2,151
RO1-1055	GRANADILLA 7, GAS 3 (CC1)	5,415
RO1-1056	GRANADILLA 8, GAS 4 (CC1)	5,517
RO1-1087	GRANADILLA 9, VAPOR, 3 (CC 1)	5,652
RO1-2015	GRANADILLA 10, TG 5 (CC2)	8,301
RO1-2016	GRANADILLA 11, TG 6 (CC2)	8,316
RO1-1063	GRANADILLA 12, VAPOR 4 (CC2)	PDTE
RO2-0105	ARONA 1, GAS 1	1,190
RO2-0106	ARONA 2, GAS 2	1,234
RO2-0127	LOS GUINCHOS 6, DIÉSEL 6	0,000
RO2-0128	LOS GUINCHOS 7, DIÉSEL 7	0,000
RO2-0129	LOS GUINCHOS 8, DIÉSEL 8	0,000
RO2-0130	LOS GUINCHOS 9, DIÉSEL 9	0,000
RO2-0131	LOS GUINCHOS 10, DIÉSEL 10	0,000
RO2-0132	LOS GUINCHOS 12, DIÉSEL 11	0,431
RO2-0133	LOS GUINCHOS 13, DIÉSEL 12	0,843
RO2-0134	LOS GUINCHOS 14, DIÉSEL 13	2,198
RO2-0187	LOS GUINCHOS 15, GAS MÓBIL 2	1,593
RO2-0191	LOS GUINCHOS 16 (DIÉSEL 14)	2,044
RO2-0192	LOS GUINCHOS 17 (DIÉSEL 15)	2,066
NON ESTÁ NO REXISTRO	PALMAR, EL 12	0,000
RO2-0136	EL PALMAR 13, DIÉSEL 12	0,000
RO2-0137	EL PALMAR 14, DIÉSEL 13	0,000
RO2-0138	EL PALMAR 15, DIÉSEL 14	0,000
RO2-0139	EL PALMAR 16, DIÉSEL 15	0,000
RO2-0140	EL PALMAR 17, DIÉSEL 16	0,156
RO2-0141	EL PALMAR 18, DIÉSEL 17	0,184
RO2-0142	EL PALMAR 19, DIÉSEL 18	0,549
RO2-0143	EL PALMAR 20, DIÉSEL 19	0,695
RO2-0149	LLANOS BLANCOS 1, DIÉSEL MÓBIL 1	0,000
RO3-0019	LLANOS BLANCOS 9, DIÉSEL 7	0,000
RO2-0144	LLANOS BLANCOS 11, DIÉSEL 9	0,000
RO2-0145	LLANOS BLANCOS 12, DIÉSEL 10	0,031
RO2-0146	LLANOS BLANCOS 13, DIÉSEL 11	0,044
RO2-0147	LLANOS BLANCOS 14, DIÉSEL 12	0,055
RO2-0148	LLANOS BLANCOS 15, DIÉSEL 13	0,077
RO2-0176	LLANOS BLANCOS 16, DIÉSEL, 14	0,319
RO2-0186	LLANOS BLANCOS 17, DIÉSEL 15	0,325
RO2-0213	LLANOS BLANCOS 18, DIÉSEL 16	PDTE
RO3-0018	EL MULATO, HIDRÁULICA 1	0,015



Nº rexistro	Denominación oficial	CIn 2015 (desde entrada en vigor do RD)
RO2-0020	MELILLA 5, G-5	0,000
RO2-0021	MELILLA 6, G-6	0,000
RO2-0024	MELILLA 9, G-9	0,378
RO2-0025	MELILLA 10, G-10	0,991
RO2-0175	MELILLA 11, DIÉSEL 10	1,331
MELILLA G. Electróxenos (*)	MELILLA G. Electróxenos (*)	1,464
RO2-0180	MELILLA G-12	2,207
RO2-0185	MELILLA 13	2,263
RO2-0011	CEUTA 1, G-1	0,000
RO2-0026	CEUTA 2, G-2	0,000
RO2-0015	CEUTA 6, G-6	0,000
RO2-0016	CEUTA 7, G-7	0,265
RO2-0177	CEUTA 8, G-8	0,381
RO2-0178	CEUTA 9, G-9	1,302
RO2-0181	CEUTA, GRUPO 10	2,066
RO2-0184	CEUTA, GRUPO 11	2,264
RO2-0204	CEUTA, GRUPO 12	1,446
RO2-0206	CEUTA, GRUPO 13	2,483

DENTRO DE MELILLA G. Electróxenos (*) están os seguintes grupos:	
RO3-0027	MELILLA 12, G. ELECTRÓXENO
RO3-0028	MELILLA 13, G. ELECTRÓXENO
RO3-0029	MELILLA 14, G. ELECTRÓXENO
RO3-0030	MELILLA 15, G. ELECTRÓXENO
RO3-0031	MELILLA 16, G. ELECTRÓXENO
RO3-0032	MELILLA 17, G. ELECTRÓXENO
RO3-0033	MELILLA 18, G. ELECTRÓXENO
RO3-0034	MELILLA 19, G. ELECTRÓXENO
RO3-0035	MELILLA 20, G. ELECTRÓXENO (ANTES CEUTA 10)
RO3-0036	MELILLA 21, G. ELECTRÓXENO (ANTES CEUTA 11)
RO3-0037	MELILLA 22, G. ELECTRÓXENO (ANTES CEUTA 12)
RO3-0038	MELILLA 23, G. ELECTRÓXENO (ANTES CEUTA 13)

## 2. Valores unitarios máximos de investimento

O valor unitario máximo de investimento, en €/KW, definido na disposición adicional segunda, obterase, para unha determinada tecnoloxía, a partir da seguinte expresión:

$$I_u = k * P_N^{\wedge}$$

Onde:

PN: potencia neta en MW do grupo que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción.

k e l: parámetros que se calcularán de acordo co previsto a continuación.

Os valores de k e l aplicables a Balears amósanse na táboa seguinte:

Investimento unitario (por kW neto) Tipo de planta		
Parámetros	k	l
Turbina de gas aeroderivada.	1551,10	-0,2099
Turbina de gas ciclo simple. <i>Heavy duty</i>	1314,65	-0,1774
Ciclo combinado 1TG+1TV	1669,17	-0,1337
Ciclo combinado 2TG+1TV	997,14	-0,0204
Ciclo combinado 3TG+1TV	1105,08	-0,0428
Motores diésel 4T	2389,69	-0,2264
Motores diésel 2T	2328,76	-0,2244
Vapor carbón	3439,22	-0,2090

O parámetro "l" aplicable a Canarias, Ceuta e Melilla tomará o valor da táboa de Balears.

O parámetro "k" aplicable a Canarias tomará o valor da táboa de Balears multiplicado por 1,15, e o parámetro "k" aplicable a Ceuta e Melilla obterase de multiplicar o valor correspondente a Balears por 1,1.

### 3. Valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos das instalacións tipo

Valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos euros/MW				
Tecnoloxía	Potencia NETA (MW)	Balears	Canarias	Ceuta e Melilla
Grupos diésel - 2T	Potencia <5	78.584		90.083
Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 12	55.125	63.190	
Grupos diésel - 2T	12 ≤ potencia < 20	46.559	53.371	
Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 20	55.299	63.389	
Grupos diésel - 4T	Potencia <2		141.808	141.808
Grupos diésel - 4T	2 ≤ potencia <4		141.808	141.808
Grupos diésel - 4T	4 ≤ potencia < 14		116.391	116.391
Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24	66.778	76.550	76.550
Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50	21.540	24.693	24.693
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13	36.194	41.491	41.491
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13 ≤ potencia < 25	27.633	31.678	
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25 ≤ potencia < 50	19.072	21.864	
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50	13.017	14.923	

Valores unitarios da anualidade de operación e mantemento fixos euros/MW				
Tecnoloxía	Potencia NETA (MW)	Balears	Canarias	Ceuta e Melilla
Turbinas de vapor de carbón		46.065		
Turbinas de vapor de fuel	Potencia $\leq$ 40	21.698	24.873	
Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia $\leq$ 60		23.139	
Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia $\leq$ 80		21.941	
Ciclo combinado configuración 2x1	200 $\leq$ potencia $\leq$ 250	32.717	37.503	
Ciclo combinado configuración 3x1	201 $\leq$ potencia $\leq$ 250	32.717	37.503	
Hidráulica			129.857	

#### 4. Valores dos parámetros a, b e c da retribución por custos variables de funcionamento das instalacións tipo aplicables durante o primeiro período regulatorio

Parámetros técnicos de liquidación por instalación tipo							
Tecnoloxía	Potencia NETA (MW)	Balears	Canarias	Ceuta e Melilla	a (th/h)	b (th/h MW)	c (th/h MW <sup>2</sup> )
Grupos diésel - 2T	Potencia < 5	IT-0001		IT-0100	-	-	-
Grupos diésel - 2T	5 $\leq$ potencia < 12	IT-0002	IT-0050		1.241,03	2.481,86	6,25
Grupos diésel - 2T	12 $\leq$ potencia < 20	IT-0003	IT-0051		5.451,19	1.365,72	26,86
Grupos diésel - 2T	Potencia $\geq$ 20	IT-0004	IT-0052		7.252,84	1.411,93	14,34
Grupos diésel - 4T	Potencia < 2		IT-0053	IT-0101	397,36	2.185,37	-64,59
Grupos diésel - 4T	2 $\leq$ potencia < 4		IT-0054	IT-0102	857,50	1.604,48	170,53
Grupos diésel - 4T	4 $\leq$ potencia < 14		IT-0055	IT-0103	865,67	2.391,77	12,09
Grupos diésel - 4T	14 $\leq$ potencia < 24	IT-0005	IT-0056	IT-0104	9.097,35	1.092,29	34,33
Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50	IT-0006	IT-0057	IT-0105	8.819,01	2.167,21	1,15
Turbinas de gas heavy duty	Potencia < 13	IT-0007	IT-0058	IT-0106	15.572,02	2.938,40	-4,91
Turbinas de gas heavy duty	13 $\leq$ potencia < 25	IT-0008	IT-0059	IT-0107	15.342,72	3.315,69	-19,28
Turbinas de gas heavy duty	25 $\leq$ potencia < 50	IT-0009	IT-0060		28.793,99	2.020,42	5,56
Turbinas de gas heavy duty	Potencia $\geq$ 50	IT-0010	IT-0061		57.544,53	1.912,30	0,42
Turbinas de vapor de carbón		IT-0011			33.654,30	2.070,44	1,35
Turbinas de vapor de fuel	Potencia $\leq$ 40	IT-0012	IT-0062		8.336,26	2.795,35	0,80
Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia $\leq$ 60		IT-0063		12.852,80	2.622,14	0,40
Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia $\leq$ 80		IT-0064		20.839,77	2.131,14	0,37
Ciclo combinado configuración 2x1	200 $\leq$ potencia $\leq$ 250	IT-0013	IT-0065		81.214,70	830,13	3,46
Ciclo combinado configuración 3x1	200 $\leq$ potencia $\leq$ 250	IT-0014	IT-0066		22.107,64	1.821,55	1,02

**5. Valores dos parámetros a', b' da retribución por custos de arranque asociados ao combustible das instalacións tipo aplicables durante o primeiro período regulatorio**

TECNOLOXÍA	INTERVALO POTENCIA NETA (MW)	Balears	Canarias	Ceuta e Melilla	a' (te)	b' (horas)
Grupos diésel - 2T	Potencia <5	IT-0001		IT-0100		
Grupos diésel - 2T	5 ≤ potencia < 12	IT-0002	IT-0050		57.689,14	6,7439
Grupos diésel - 2T	12 ≤ potencia < 20	IT-0003	IT-0051		56.999,39	7,5852
Grupos diésel - 2T	Potencia ≥ 20	IT-0004	IT-0052		79.576,42	5,5361
Grupos diésel - 4T	Potencia <2		IT-0053	IT-0101	4.389,80	1,4429
Grupos diésel - 4T	2 ≤ potencia <4		IT-0054	IT-0102	6.844,38	3,9425
Grupos diésel - 4T	4 ≤ potencia < 14		IT-0055	IT-0103	15.172,25	4,6885
Grupos diésel - 4T	14 ≤ potencia < 24	IT-0005	IT-0056	IT-0104	57.689,14	6,7439
Turbinas de gas aeroderivadas	Potencia < 50	IT-0006	IT-0057	IT-0105	8.120,00	0,2172
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia < 13	IT-0007	IT-0058	IT-0106	13.850,36	0,2171
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	13 ≤ potencia < 25	IT-0008	IT-0059	IT-0107	12.470,46	0,2171
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	25 ≤ potencia < 50	IT-0009	IT-0060		10.124,02	0,2177
Turbinas de gas <i>heavy duty</i>	Potencia ≥ 50	IT-0010	IT-0061		49.877,10	0,7214
Turbinas de vapor de carbón		IT-0011			1.180.893,70	5,6972
Turbinas de vapor de fuel	Potencia ≤ 40	IT-0012	IT-0062		184.932,52	18,4521
Turbinas de vapor de fuel	40 < potencia ≤ 60		IT-0063		269.052,81	17,4368
Turbinas de vapor de fuel	60 < potencia ≤ 80		IT-0064		357.255,00	7,2159
Ciclo combinado configuración 2x1	200 ≤ potencia ≤ 250	IT-0013	IT-0065			
